- Colaboración do Servizo Municipal de Xestión de Emerxencia e Protección Civil, coa presencia dunha ambulancia e unha brigada, para poder estar cuberto a seguridade e primeiros auxilios no desenvolvemento do Torneo.
- A concesión de12 trofeos para os diferentes gañadores das categorías disputadas, 2 trofeos para o campión e subcampión de triples e 10 recordos para os clubes participantes (infantil, cadete e junior).
- Impresión dos calendarios do Torneo, así como a confección e impresión dos carteis publicitarios do devandito Torneo.

Praza Ravella, 1
36600 · Vilagarcía de Arousa
T 986 56 68 98
CIF: P/8660001-B
fdeportes@vilagarcia.es ·www.vilagarcia.es

- Dispoñibilidade nas instalacións solicitadas de banda ancha de internet.
- Dispoñibilidade do tren turístico durante o desenvolvemento do evento, unhas horas determinadas para a promoción turística da Concello.

Así como visto o informe do Sr. director Deportivo en relación ao asunto.

De conformidade co disposto nos vixentes Estatutos da Fundación de Deportes.

R E S O L V O:

1.- Autorizar ao Club Baloncesto Vilagarcía o uso do Pavillón Municipal de Castelao, Pavillóns nº 1 e 2 do Complexo Deportivo Municipal Fontecarmoa e as 3 pistas polideportivas existentes do Recinto de Fexdega coas medidas regulamentarias para baloncesto, para a celebración da XXV VILAGARCÍA BASKET CUP HELENA MARIÑO, os vindeiros días 14, 15 e 16 do presente mes, debendo presentar na maior brevidade posible, o horario necesario de apertura e pecha das instalacións autorizadas. O que xenerará por tratarse de días festivos, a realización de horas extraordinarias dun operario-conserxe do Servizo de Mantemento, que supón un custo total de 16,45 €/h., con cargo á partida 341-151/13001. Así como autorízaselle levar a cabo o montaxe dende o vindeiro día 11 do presente mes, debendo presentar na maior brevidade posible, o horario necesario e sempre, na franxa horaria de apertura da citada instalación.

2.- Comunicarlle que deberá deixar todas instalacións autorizadas, nas mesmas condicións en que se lle prestan e, responsabilizándose dos danos ou desperfectos que poideran causarse nas mesmas polos participantes na devandita actividade.

3.- Remitir á Xunta de Goberno Local, a solicitude de reserva de aparcadoiros de espazos públicos, para a organización do Torneo e autobuses dos equipos participantes, nas proximidades das instalacións autorizadas, conforme ao informe emitido da Concellería de Seguridade Cidadá, Departamento da Policía Local do Excmo. Concello de Vilagarcía de Arousa, para a súa aprobación, se procede.

4.- Autorización dos espacios do Recinto Fexdega de 2 vestiarios, dunha oficina para gardar o material preciso para a competición e, uso dos tramos de graderíos para colocar en

Praza Ravella, 1
36600 · Vilagarcía de Arousa
T 986 56 68 98
CIF: P/8660001-B
fdeportes@vilagarcia.es ·www.vilagarcia.es

cada pista polideportiva. Comunicándolle que para a levar a cabo o devandito Torneo nas dependecias do citado Recinto, o organizador do evento deberá contar coa seguinte documentación:

"1) Aportarase un compromiso escrito, de xeito pormenorizado, de manter o cumprimento de todas as obrigas precisas para o desenvolvemento do evento, durante todo o período que abrangue o mesmo, e dicir dende a entrada o recinto ata a saída definitiva.

2) Presentación do plan de autoprotección do evento, firmado por técnico competente e inscrito no REGAPE, onde se dispoñan as actuacións ante as diferentes emerxencias que poden darse durante o evento. Coidarase especialmente a non modificación/supresión dos elementos existentes na instalación. No caso de modificarse/suprimirse algún elemento de seguridade existente na instalación, explicitarase no plan de autoprotección. Os planos de evacuación existentes deberán ser actualizados segundo o recollido no devandito plan de protección.

3) Deberá presentarse a documentación que acredite de forma fehaciente a contratación dos traballadores implicados no proceso de montaxe/desmontaxe e/ou no desenvolvemento da actividade. No caso de voluntariado aportarase documentación que acredite tal circunstancia.Tanto no caso de traballadores como de voluntarios poráselles en coñecemento das normas de seguridade e saúde no traballo que fosen de aplicación así como da obriga de portar identificación. No caso de voluntarios acreditarase tal condición, mediante declaración xurada.

4) Presentación de certificación/s emitida/s por técnico competente, e visada/s polo colexio profesional correspondente de que a montaxe das estruturas necesarias, para o desenvolvemento do evento, está executada de acordo coa lexislación de aplicación garantindo desde xeito a solidez estrutural, estabilidade, idoneidade e demais circunstancias necesarias para a seguridade das persoas e das instalacións. A visita de verificación deberá ser acordada coa suficiente antelación, para que poida contar, si se considerase oportuno, coa presencia de persoal de Fexdega.

5) Si dentro das estruturas, existen instalacións eléctricas, de gas, neumáticas, etc. Os certificados de montaxe deberán indicar de xeito explícito que cumpren coa lexislación específica relativa a cada unha delas.

6) Presentación da certificación emitida por profesional con competencia na materia que acredite o cumprimento da lexislación relativa a seguridade alimentaria, cando se teñan que manipular alimentos/bebidas no recinto; no caso de que a manipulación estivese a cargo

Praza Ravella, 1
36600 · Vilagarcía de Arousa
T 986 56 68 98
CIF: P/8660001-B
fdeportes@vilagarcia.es ·www.vilagarcia.es

de empresas/persoal que tivese obriga de estar inscrito nos rexistros REGASA ou RGSEAA, deberá acreditar a mesma. Tamén se deberá presentar certificación da aptitude das instalacións implicadas no proceso de elaboración, tanto no seu aspecto alimentario coma técnico.

7) No caso de consumo de alimentos e bebidas, si os mesmos están en envases debidamente precintados porán ser distribuidos por persoal que conte coa cualificación pertinente.

8) Cumprimento estrito da lexislación en relación o consumo e venda de bebidas alcohólicas. En concreto as relativas o consumo de bebidas alcohólicas nos eventos deportivos e nos relacionados co público infantil. Isto tamén implica a ausencia total de publicidade, imaxes, marcas, logotipos, etc en relación ó tema.

9) Aportarase un plano de situación e ocupación do desenvolvemento do evento.

10) A responsabilidade do acontecido nas instalación a disposición do evento sera do organizador/promotor do mesmo, polo que o evento deberá quedar cuberto por unha póliza de seguro de responsabilidade civil por unha cuantía mínima de 300.000€.

11) Deberá responsabilizarse da limpeza do espazo que ocupe/use e que unha vez rematado o evento deixe a zona nas condicións de limpeza anteriores o inicio do mesmo.

12) Deberá obedecelo disposto na Orde da Consellería de Xustiza relativa os horarios de apertura e peche. Así mesmo, tamén adaptará as emisións sonoras os límites establecidos na Ordenanza Municipal de Ruídos e Vibracións.

13) E requisito imprescindible para o inicio dos traballos de montaxe a presentación da documentación requirida, excepto a relativa a certificación de montaxe e/ou instalación"

5.- Ceder o material, así como a realización dos traballos que a continuación se relacionan, para o desenvolvemento do devandito Torneo e, que polo Servizo de Mantemento se leve a cabo o control e colaboración da súa colocación, dentro das dispoñibilidades existentes do Servizo de Mantemento, na súa xornada laboral, sen que isto xenere horas extraordinarias ao Servizo:

. 5 xogos de canastras adaptables a minibasket e 3 xogos de minibasket do Recinto Fexdega.

. 1 xogo de canastras categoría abosoluta adaptable a minibasket do Pavillón Municipal Castelao.

Praza Ravella, 1
36600 · Vilagarcía de Arousa
T 986 56 68 98
CIF: P/8660001-B
fdeportes@vilagarcia.es ·www.vilagarcia.es

. 3 marcadores portátiles e 1 marcador de parede da propia instalación (Recinto Fexdega).

. Repaso da marcaxe dos 4 campos de baloncesto, categoría absoluta do Recinto Fexdega.

. A colocación dos tramos de graderíos en cada pista polideportiva do Recinto Fexdega.

6.- Trasladar aos departamentos do Excmo. Concello de Vilagarcía de Arousa que a continuación se relacionan as necesidades de colaboración, para a súa aprobación, se procede:

- Departamento de Obras, a cesión de Cesión de 500 cadeiras, 100 valadas, o montaxe de dous Palcos (escenario) de 80 m (10x4) e outro de (6x3), mesas e bancos para comer 200 persoas e, a cesión de mastros para a colocación das bandeiras oficiais.
- Departamento de Alumeado, a colocación dunha lona xigante co logo de Vilagarcía Basket Cup no exterior do Recinto Fexdega, así como das pancartas do interior.
- Departamento do Auditorio, unha megafonía de calidade para a zona de ocio e unha pantalla co seu proxector.
- Concellería de Seguridade Cidadá e Protección Civil, para a súa colaboración do Servizo Municipal de Xestión de Emerxencias e Protección Civil (ambulancia e unha brigada de primeiros auxilios).
- Área de Comunicación, a impresión dos calendarios do Torneo, así como a confección e impresión dos carteis publicitarios do devandito Torneo.
- Departamento de Protocolo, a cesión de bandeiras oficiais.
- Concellería de Turismo, colaboración coa disposición do tren turístico unhas determinadas horas, así como con espazos publicitarios nas pantallas de video do Concello para a promoción do Torneo.

7.- Aprobar a realización da limpeza extraordinaria de vestiarios, aseos públicos e hall do Recinto Fexdega, os días 14, 15 e 16 do presente mes, solicitando presuposto á empresa Clece, S.L., por importe de 335,78 €. I.VE. incluído (segundo orzamento). Así como comunícaselle que o resto da Limpeza de todas as dependencias autorizadas deberá facerse

Praza Ravella, 1
36600 · Vilagarcía de Arousa
T 986 56 68 98
CIF: P/8660001-B
fdeportes@vilagarcia.es ·www.vilagarcia.es

cargo a organización do citado Torneo, debendo deixar as mesmas nas condicións en que se lles presta para o seu uso o luns día 18 do presente mes.

8.- Conceder 12 trofeos para os primeiros clasificados nas diferentes categorías, 2 trofeos para o campión e subcampión de triples e 10 recordos para os clubes participantes (infantil, cadete e junior) solicitando presupostos ás empresas BARRAL NÚÑEZ, MAR e DEPORTES RODAS, S.L. por importe total de 940,50 €.

9.- Comunicarlle que deberá cumprir, co establecido no Regulamento Interno das instalacións deportivas Municipais, en materia de publicidade e Ordenanza Municipal de Ruídos e Vibracións, adaptando as súa emisións sonoras aos límites establecidos na mesma.

10.- Comunicarlle que previo ao inicio do montaxe da citada actividade (data límite antelación de 72 horas), deberá presentar a póliza de Seguros de Responsabilidade Civil e a póliza de seguros de accidentes para todos os participantes da devandita actividade. Así como a elaboración e implantación dun Plan de Autoprotección do evento (Recinto Fexdega), certificación do cumprimento da lexislación relativa a seguridade alimentaria, o plano de situación e ocupación do desenvolvemento do evento, a documentación que acredite a circunstancia de traballador ou voluntariado, o compromiso por escrito de xeito pormenorizado de manter o cumprimento de todas as obrigas, tal como se solicita a os organizadores dos diferentes eventos en Fexdega.

11.- Comunícaselle que deberá cumprir coa normativa vixente en materia de Seguridade e Protección das persoas que asistan á actividade, indicándolle que:

a) A/s porta/s de emerxencia e as vías de evacuación manteranse desbloqueadas e libres de obstáculos en todo momento durante o desenvolvemento da actividade, non estando permitido facer outro uso das mesmas (instalación de mobiliario, pasos de mangueiras, tubos, cables, etc…).

b) Non se permite a instalación de ningún elemento que oculte ou dificulte a visualización da sinalización de evacuación, nin das luminarias de emerxencias existentes.

c) Non se permite dentro da instalación o uso de ningún elemento inflamable ou explosivo.

Praza Ravella, 1
36600 · Vilagarcía de Arousa
T 986 56 68 98
CIF: P/8660001-B
fdeportes@vilagarcia.es ·www.vilagarcia.es

Lémbraselles a prohibición da venda de tabaco e bebidas alcohólicas e, a entrada de vasos ou obxectos de vidrio nas instalacións deportivas, conforme ao Regulamento Interno da Fundación de Deportes, aprobado polo Consello Reitor con data 14/09/2017 e a súa normativa vixente.

12.- Que a presente Resolución sexa dada conta ao Consello Reitor da Fundación de Deportes, na vindeira sesión que celebre.

Así o dispón e asina o Sr. presidente da Fundación de Deportes, en Vilagarcía de Arousa, a oito de abril de dous mil vinte e dous, ante mín a secretaria/delegada, que Certifica.

Concello de
Vilagarcía de Arousa
Fundación de Deportes

Praza Ravella, 1
36600 · Vilagarcía de Arousa
T 986 56 68 98
CIF: P/8660001-B
fdeportes@vilagarcia.es ·www.vilagarcia.es

RESOLUCIÓN DO SR. PRESIDENTE DA FUNDACIÓN PÚBLICA DE SERVIZOS DEPORTIVOS MUNICIPAIS DO EXCMO. CONCELLO DE VILAGARCÍA DE AROUSA
D. ARGIMIRO SERÉN MERA

Vista a proposta do Sr. director Deportivo, relativa á aprobación da participación do Concello de Vilagarcía de Arousa nos XIV XOGOS DO EIXO ATLÁNTICO, que se van a celebrar do 4 ao 9 de xullo do presente ano, na cidade de Maia (Portugal), cunha expedición de 40 persoas, formada por 34 deportistas e 4 adestradores da modalidade deportiva de Atletismo ordinario e Adaptado, así como de 2 representantes da Fundación de Deportes, saíndo de Vilagarcía de Arousa o día 04/07/2022 pola mañá e regresando o día 06/07/2022 ao mediodía. Presentando un orzamento de gastos por importe total de 8.179,44 € co seguinte desglose:

CONCEPTO	**IMPORTE**
Equipación da expedición	2.220,00 .-
(40 equipaxes rúa e 34 de competición)	
Viseiras para equipación de rúa	200,00 .-
Aportación colaboración adestradores	180,00 .-
(15,00 € persoa/día)	
Servizo de autobuses ida/volta Vilagarcía-Maia	1.500,00 .-
Aloxamento/manutención dos deportistas	3.420,00 .-
e adestradores (45,00 €/día)	
Dietas coordinador (2 ½ días)	225,44 .-
Locomoción coordinador	134,00 .-
Imprevistos	300,00 .-
Total …….	8.179,44 €

De conformidade co disposto nos vixentes Estatutos da Fundación de Deportes.

R E S O L V O:

1.- Aprobar a participación do Concello de Vilagarcía de Arousa nos XIV XOGOS DO EIXO ATLÁNTICO, que se van a celebrar do 4 ao 9 de xullo do presente ano, na cidade de Maia (Portugal), cunha expedición de 40 persoas, formada por 34 deportistas e 4 adestradores

Praza Ravella, 1
36600 · Vilagarcía de Arousa
T 986 56 68 98
CIF: P/8660001-B
fdeportes@vilagarcia.es ·www.vilagarcia.es

da modalidade deportiva de Atletismo ordinario e Adaptado, así como 2 representantes da Fundación de Deportes.

2.- Aprobar o orzamento de gastos para a participación nos devanditos Xogos, por importe total de 8.179,44 € co seguinte desglose:

CONCEPTO	**IMPORTE**	**PARTIDA**
Equipación da expedición	2.220,00 .-	342-226,09
(40 equipaxes rúa e 34 de competición)		
Viseiras para equipación de rúa	200,00 .-	342-226,09
Aportación colaboración adestradores	180,00 .-	342-226,09
(15,00 € persoa/día)		
Servizo de autobuses ida/volta Vilagarcía-Maia	1.500,00 .-	342-226,09
Aloxamento/manutención dos deportistas	3.420,00 .-	342-226,09
e adestradores (45,00 €/día)		
Dietas coordinador (3 días)	225,44 .-	342-230,20
Locomoción coordinador	134,00 .-	342-231,20
Imprevistos	300,00 .-	342-226,09
Total …….	8.179,44 €	

3.- Que a presente Resolución sexa dada conta ao Consello Reitor da Fundación de Deportes, na vindeira sesión que celebre.

Así o dispón e asina o Sr. presidente da Fundación de Deportes, en Vilagarcía de Arousa, a dezaoito de abril de dous mil vinte e dous, ante mín a secretaria/delegada, que Certifica.

Concello de
Vilagarcía de Arousa
Fundación de Deportes

Praza Ravella, 1
36600 · Vilagarcía de Arousa
T 986 56 68 98
CIF: P/8660001-B
fdeportes@vilagarcia.es ·www.vilagarcia.es

RESOLUCIÓN DO SR. PRESIDENTE DA FUNDACIÓN PÚBLICA DE SERVIZOS DEPORTIVOS MUNICIPAIS DO EXCMO. CONCELLO DE VILAGARCÍA DE AROUSA
D. ARGIMIRO SERÉN MERA

Visto o informe-proposta do Sr. presidente conforme ao informe-proposta da Dirección Deportiva, relativo á adxudicación dos gastos de limpeza e trofeos, para a celebración da XXV VILAGARCÍA BASKET CUP HELENA MARIÑO, os vindeiros días 14, 15 e 16 do presente mes, aprobados pola Resolución do Sr. presidente con data 08/04/2022. Presentando os presupostos das empresas que a continuación se relacionan, por un importe total de 1.276,28 € e co seguine desglose:

PROVEEDOR	**CONCEPTO**	**IMPORTE**
CLECE, S.A	Limpeza extraordinaria do Recinto Fexdega	335,78 €
DEPORTES RODAS, S.L.	Adquis. trofeos recordatorios	340,50 €
BARRAL NÚÑEZ, Mª DEL MAR	Adquis. trofeos finalistas	600,00 €
	Total ……..	1.276,28 €

De conformidade co disposto nos vixentes Estatutos da Fundación de Deportes.

R E S O L V O:

1.- Adxudicar ás empresas que a continuación se relacionan, os servizos e subministros para a celebración da XXV VILAGARCÍA BASKET CUP HELENA MARIÑO, os vindeiros días 14, 15 e 16 do presente mes polos seguintes conceptos, a tráves dun Contrato Menor de Servizos e Subministros, por importe total de 1.276,28 €:

PROVEEDOR	**CONCEPTO**	**IMPORTE**	**PARTIDA**
CLECE, S.A.	Limpeza extraordinaria Recinto Fexdega	335,78 €	342-227,00
DEPORTES RODAS VILAGARCÍA, S.L.	Adquis. Trofeos Recordatorios	340,50 €	342-226,9901
BARRAL NÚÑEZ, Mª DEL MAR	Adquis. trofeos finalistas	600,00 €	342-226,9901
	TOTAL	1.276,28 €	

Praza Ravella, 1
36600 · Vilagarcía de Arousa
T 986 56 68 98
CIF: P/8660001-B
fdeportes@vilagarcia.es ·www.vilagarcia.es

2.- Que a presente Resolución sexa dada conta ao Consello Reitor da Fundación de Deportes, na vindeira sesión que celebre.

Así o dispón e asina o Sr. presidente da Fundación de Deportes, en Vilagarcía de Arousa, a dezaoito de abril de dous mil vinte e dous, ante mín a secretaria/delegada, que Certifica.

Concello de
Vilagarcía de Arousa
Fundación de Deportes

Praza Ravella, 1
36600 · Vilagarcía de Arousa
T 986 56 68 98
CIF: P/8660001-B
fdeportes@vilagarcia.es ·www.vilagarcia.es

RESOLUCIÓN DO SR. PRESIDENTE DA FUNDACIÓN PÚBLICA DE SERVIZOS DEPORTIVOS MUNICIPAIS DO EXCMO. CONCELLO DE VILAGARCÍA DE AROUSA
D. ARGIMIRO SERÉN MERA

Visto o escrito da AGRUPACIÓN DEPORTIVA CORTEGADA no que solicita, autorización do uso do Pavillón nº 1 do Complexo Deportivo Municipal Fontecarmoa, para a celebración da Fase de Ascenso a 1ª División Autonómica Feminina, os vindeiros días 24 do presente mes e 1 de maio do presente ano, xogándose 4 partidos cada día, nos seguintes horarios: 10:30 h, 12:30 h, 17:00 h e 19:00 h. Así como visto o informe do Sr. director Deportivo en relación ao asunto.

De conformidade co disposto nos vixentes Estatutos da Fundación de Deportes.

R E S O L V O:

1.- Autorizar á AGRUPACIÓN DEPORTIVA CORTEGADA, o uso do Pavillón nº 1 do Complexo Deportivo Municipal Fontecarmoa, os vindeiros días 24 do presente mes e 1 de maio do presente ano, para a celebración da Fase de Ascenso a 1ª División Autonómica Feminina, de 09:00-14:30 horas e de 16:00-21:00 horas.

2.- Comunicarlle que deberá deixar nas mesmas condicións en que se lle presta a citada instalación e, responsabilizándose dos danos ou desperfectos que poideran causar os participantes na citada actividade.

3.- Comunicarlle que para o uso da devandita instalación deberán cumprir coas medidas establecidas nos protocolos da Fundación de Deportes reguladas pola lexislación vixente ante a emerxencia sanitaria provocada polo coronavirus COVID-19, así como co protocolo Fiscovid da Federación Galega de Baloncesto.

4.- Comunicarlle que deberá cumprir, co establecido no Regulamento Interno das instalacións deportivas Municipais, en materia de publicidade e Ordenanza Municipal de Ruídos e Vibracións, adaptando as súa emisións sonoras aos límites establecidos na mesma.

Praza Ravella, 1
36600 · Vilagarcía de Arousa
T 986 56 68 98
CIF: P/8660001-B
fdeportes@vilagarcia.es ·www.vilagarcia.es

5.- Comunícaselle que deberá cumprir coa normativa vixente en materia de Seguridade e Protección das persoas que asistan á actividade, indicándolle que:

a) A/s porta/s de emerxencia e as vías de evacuación manteranse desbloqueadas e libres de obstáculos en todo momento durante o desenvolvemento da actividade, non estando permitido facer outro uso das mesmas (instalación de mobiliario, pasos de mangueiras, tubos, cables, etc…).

b) Non se permite a instalación de ningún elemento que oculte ou dificulte a visualización da sinalización de evacuación, nin das luminarias de emerxencias existentes.

c) Non se permite dentro da instalación o uso de ningún elemento inflamable ou explosivo.

Lémbraselles a prohibición da venda de tabaco e bebidas alcohólicas e, a entrada de vasos ou obxectos de vidrio nas instalacións deportivas, conforme ao Regulamento Interno da Fundación de Deportes, aprobado polo Consello Reitor con data 14/09/2017 e a súa normativa vixente.

6.- Que a presente Resolución sexa dada conta ao Consello Reitor da Fundación de Deportes, na vindeira sesión que celebre.

Así o dispón e asina o Sr. presidente da Fundación de Deportes, en Vilagarcía de Arousa, a dezaoito de abril de dous mil vinte e dous, ante mín a secretaria/delegada, que Certifica.

Concello de
Vilagarcía de Arousa
Fundación de Deportes

Praza Ravella, 1
36600 · Vilagarcía de Arousa
T 986 56 68 98
CIF: P/8660001-B
fdeportes@vilagarcia.es ·www.vilagarcia.es

RESOLUCIÓN DO SR. PRESIDENTE DA FUNDACIÓN PÚBLICA DE SERVIZOS DEPORTIVOS MUNICIPAIS DO EXCMO. CONCELLO DE VILAGARCÍA DE AROUSA
D. ARGIMIRO SERÉN MERA

Visto o escrito da REAL FEDERACIÓN GALEGA DE VELA no que solicita, co motivo da celebración da COPA DE ESPAÑA DE VELA RADIO CONTROL IOM, os vindeiros días 22, 23 e 24 do presente mes, a cesión e colocación dunha tarima para a entrega de trofeos o domingo día 24 do presene mes. Así como visto o informe do Sr. director Deportivo en relación ao asunto.

De conformidade co disposto nos vixentes Estatutos da Fundación de Deportes.

R E S O L V O:

1.- Trasladar ao departamento de obras do Excmo. Concello de Vilagarcía de Arousa a solicitude da REAL FEDERACIÓN GALEGA DE VELA, da cesión dunha tarima para a entrega de premios, que se vai levar a cabo o vindeiro día 24 do presente mes, co motivo da celebración da COPA DE ESPAÑA DE VELA RADIO CONTROL IOM, para a súa aprobación, se procede.

2.- Que a presente Resolución sexa dada conta ao Consello Reitor da Fundación de Deportes, na vindeira sesión que celebre.

Así o dispón e asina o Sr. presidente da Fundación de Deportes, en Vilagarcía de Arousa, a dezaoito de abril de dous mil vinte e dous, ante mín a secretaria/delegada, que Certifica.

Concello de
Vilagarcía de Arousa
Fundación de Deportes

Praza Ravella, 1
36600 · Vilagarcía de Arousa
T 986 56 68 98
CIF: P/8660001-B
fdeportes@vilagarcia.es ·www.vilagarcia.es

RESOLUCIÓN DO SR. PRESIDENTE DA FUNDACIÓN PÚBLICA DE SERVIZOS DEPORTIVOS MUNICIPAIS DO EXCMO. CONCELLO DE VILAGARCÍA DE AROUSA
D. ARGIMIRO SERÉN MERA

Visto o escrito presentado polo CLUB VILAGARCÍA, S.D. no que solicita, autorización de uso do Campo de Fútbol Municipal de Berdón, para a celebración do V TORNEO PAZO DA GOLPELLEIRA BENXAMÍN, o vindeiro día 17 de maio do presente ano, de 09:00-22:00 horas.

De conformidade co disposto nos vixentes Estatutos da Fundación de Deportes.

R E S O L V O:

1.- Autorizar ao CLUB VILAGARCÍA, S.D., o uso do Campo de Fútbol Municipal de Berdón, para a celebración do V TORNEO PAZO DA GOLPELLEIRA BENXAMÍN, o vindeiro día 17 de maio do presente ano, de 09:00-22:00 horas.

2.- Comunicarlle que deberá deixar nas mesmas condicións en que se lle presta a citada instalación e, responsabilizándose dos danos ou desperfectos que poideran causar os participantes na citada actividade.

3.- Comunicarlle que deberá cumprir, co establecido no Regulamento Interno das instalacións deportivas Municipais, en materia de publicidade e Ordenanza Municipal de Ruídos e Vibracións, adaptando as súa emisións sonoras aos límites establecidos na mesma.

4.- Comunicarlle que previo ao inicio do montaxe/celebración dos citados eventos (data límite antelación de 72 horas), deberá presentar a seguinte documentación:

4.1) A póliza de Seguros de Responsabilidade Civil e a póliza de seguros de accidentes para todos os participantes no devandito evento.

4.2) Aportarase un compromiso escrito, de xeito pormenorizado, de manter cumprimento de todas as obrigas precisas para o desenvolvemento durante todo o período que abranguen os mesmos, e dicir dende a entrada ao recinto ata a saída definitiva.

4.3) O plano de situación e ocupación do desenvolvemento do evento, documentación que acredite a circunstancia de traballador ou voluntariado (declaración xurada da persoa,

Praza Ravella, 1
36600 · Vilagarcía de Arousa
T 986 56 68 98
CIF: P/8660001-B
fdeportes@vilagarcia.es ·www.vilagarcia.es

debéndose poñerlles en coñecemento das normas de seguridade e saúde no traballo que fosen de aplicación, así como da obriga de portar identificación) e, o compromiso por escrito de xeito pormenorizado de manter o cumprimento de todas as súas obrigas (declaración xurada do Club/Entidade Deportiva).

4.4) No caso do montaxe de calqueira estructura, deberá contar coa certificación emitida por Técnico competente, que garante a súa solidez, estabilidade, seguridade para o público e idoneidade de acordo coa lexislación de aplicación. Debendo realizar a citada certifiacción en presencia do responsable da devandita instalación. Así como, no seu caso, de que o montaxe das estructuras existan instalacións eléctricas, de gas, neumáticas, etc…, os certificados de montaxe deberán indicar de xeito explícito que cumpren coa lexislación específica relativa a cada unha delas.

4.5) No caso de consumo de alimentos e bebidas, si os mesmos están en envases debidamente precintados porán ser distribuidos por persoal que conte coa cualificación pertinente. No resto dos casos deberase certificar o cumprimento da lexislación relativa a seguridade alimentaria. Si a elaboración realizase no recinto acompañarase tamén certificación do cumprimento da seguridade alimentaria das instalacións implicadas no proceso de elaboración.

5.- Comunícaselle que deberá cumprir coa normativa vixente en materia de Seguridade e Protección das persoas que asistan á actividade, indicándolle que:

a) A/s porta/s de emerxencia e as vías de evacuación manteranse desbloqueadas e libres de obstáculos en todo momento durante o desenvolvemento da actividade, non estando permitido facer outro uso das mesmas (instalación de mobiliario, pasos de mangueiras, tubos, cables, etc…).

b) Non se permite a instalación de ningún elemento que oculte ou dificulte a visualización da sinalización de evacuación, nin das luminarias de emerxencias existentes.

c) Non se permite dentro da instalación o uso de ningún elemento inflamable ou explosivo.

Lémbraselles a prohibición da venda de tabaco e bebidas alcohólicas e, a entrada de vasos ou obxectos de vidrio nas instalacións deportivas, conforme ao Regulamento Interno da Fundación de Deportes, aprobado polo Consello Reitor con data 14/09/2017 e a súa normativa vixente.

Praza Ravella, 1
36600 · Vilagarcía de Arousa
T 986 56 68 98
CIF: P/8660001-B
fdeportes@vilagarcia.es ·www.vilagarcia.es

6.- Que a presente Resolución sexa dada conta ao Consello Reitor da Fundación de Deportes, na vindeira sesión que celebre.

Así o dispón e asina o Sr. presidente da Fundación de Deportes, en Vilagarcía de Arousa, dezanove de abril de dous mil vinte e dous, ante mín a secretaria/delegada, que Certifica.

Concello de
Vilagarcía de Arousa
Fundación de Deportes

Praza Ravella, 1
36600 · Vilagarcía de Arousa
T 986 56 68 98
CIF: P/8660001-B
fdeportes@vilagarcia.es ·www.vilagarcia.es

RESOLUCIÓN DO SR. PRESIDENTE DA FUNDACIÓN PÚBLICA DE SERVIZOS DEPORTIVOS MUNICIPAIS DO EXCMO. CONCELLO DE VILAGARCÍA DE AROUSA
D. ARGIMIRO SERÉN MERA

Vistos e comprobados o Prego de Cláusulas Administrativas Particulares (PCAP) que, como Lei fundamental do contrato, rexirá o procedemento Aberto Simplificado Abreviado previsto no art. 159.6 da Lei 9/2017, do 8 de novembro, Lei de Contratos do Sector Público (LCSP), tramitación ordinaria e mediante Licitación Electrónica, da prestación do "SUBMINISTRO DUN VEHÍCULO PARA A FUNDACION PÚBLICA DE SERVIZOS DEPORTIVOS MUNICIPAIS DO EXCMO. CONCELLO DE VILAGARCÍA DE AROUSA (FUNDACIÓN DE DEPORTES), MEDIANTE ARRENDAMENTO CON MANTEMENTO (RENTING)", acompañado de todos os seus anexos e, o Prego de Prescricións Técnicas Particulares (PTP) para a adxudicación do citado contrato, cun orzamento de licitación por importe de 24.226,62 € (IVE incluído) e unha duración do contrato de catro ano (48 mensualidades).

De conformidade co disposto nos vixentes Estatutos da Fundación de Deportes.

R E S O L V O:

1.- Aprobar os Pregos de Claúsulas Administrativas Particulares (PCAP) acompañados dos seus Anexos e Prego de Prescricións Técnicas (PPT) para levar a cabo a adxudicación do contrato, mediante procedemento Aberto Simplificado Abreviado previsto no art. 159.6 da Lei Lei de Contratos do Sector Público (LCSP), tramitación ordinaria e Licitación Electrónica, da prestación do "SUBMINISTRO DUN VEHÍCULO PARA A FUNDACION PÚBLICA DE SERVIZOS DEPORTIVOS MUNICIPAIS DO EXCMO. CONCELLO DE VILAGARCÍA DE AROUSA (FUNDACIÓN DE DEPORTES), MEDIANTE ARRENDAMENTO CON MANTEMENTO (RENTING)", cun orzamento de licitación por importe de 24.226,62 € (IVE incluído) e unha duración do contrato de catro ano (48 mensualidades), con cargo á partida 342-204,00.

2.- Que a presente Resolución sexa dada conta ao Consello Reitor da Fundación de Deportes, na vindeira sesión que celebre.

Así o dispón e asina o Sr. presidente da Fundación de Deportes, en Vilagarcía de Arousa, vinte de abril de dous mil vinte e dous, ante mín a secretaria/delegada, que Certifica.

Concello de
Vilagarcía de Arousa
Fundación de Deportes

Praza Ravella, 1
36600 · Vilagarcía de Arousa
T 986 56 68 98
CIF: P/8660001-B
fdeportes@vilagarcia.es ·www.vilagarcia.es

RESOLUCIÓN DO SR. PRESIDENTE DA FUNDACIÓN PÚBLICA DE SERVIZOS DEPORTIVOS MUNICIPAIS DO EXCMO. CONCELLO DE VILAGARCÍA DE AROUSA
D. ARGIMIRO SERÉN MERA

Vista a proposta do Sr. presidente conforme ao informe-proposta da Dirección Deportiva, relativa á necesidade da realización do Servizo de limpeza extraordinaria da parte deportiva do Centro Socio Cultural Deportivo de Vilaxoán, despois de finalizadas as obras de ampliación e mellora acometidas na devandita instalación, sendo preciso a realización da limpeza de toda a suciedade acumulada nas dependencias deportivas, mobiliario e equipamento deportivo neste último ano, ao non poderse utilizar pola execución da citada obra. Solicitándose varios presupostos a empresas especializadas no sector da limpeza, só tendo resposta da empresa Clece, S.A. (empresa adxudicataria do Contrao de Servizos de Limpeza das instalacións deportivas municipais), por importe total de 2.034,37 € (I.V.E. inculído), correspondendo 1.701,62 € da limpeza dos baños, vestiarios, chan, foso, focos, mobiliario, e aparatos do ximnasio e, 332,75 € a limpeza e desinfección das superficies das embarcacións.

De conformidade co disposto nos vixentes Estatutos da Fundación de Deportes.

R E S O L V O:

1.- Adxudicar á empresa CLECE, S.A. (empresa adxudicataria do Contrao de Servizos de Limpeza das instalacións deportivas municipais), a realización do Servizo de limpeza extraordinaria da parte deportiva do Centro Socio Cultural Deportivo de Vilaxoán, despois de finalizadas as obras de ampliación e mellora acometidas na devandita instalación, por importe total de 2.034,37 € (I.V.E. inculído), con cargo á partida 342-227,00.

2.- Que a presente Resolución sexa dada conta ao Consello Reitor da Fundación de Deportes, na vindeira sesión que celebre.

Así o dispón e asina o Sr. presidente da Fundación de Deportes, en Vilagarcía de Arousa, vinte e dous de abril de dous mil vinte e dous, ante mín a secretaria/delegada, que Certifica.

Concello de
Vilagarcía de Arousa
Fundación de Deportes

Praza Ravella, 1
36600 · Vilagarcía de Arousa
T 986 56 68 98
CIF: P/8660001-B
fdeportes@vilagarcia.es ·www.vilagarcia.es

RESOLUCIÓN DO SR. PRESIDENTE DA FUNDACIÓN PÚBLICA DE SERVIZOS DEPORTIVOS MUNICIPAIS DO EXCMO. CONCELLO DE VILAGARCÍA DE AROUSA
D. ARGIMIRO SERÉN MERA

Vistos os escritos presentados que a continuación se relacionan, relativos ás solicitudes de devolución de cotas dun prezo público e, polos seguintes conceptos. Así como visto o informe do Sr. director Deportivo en relación ao asunto:

1.- Solicitude de devolución a favor de Dna. Mª Socorro Cándida de los Reyes Henares, do importe duplicado ingresado da cota do prezo público, correspondente á solicitude de Carné Fundación Tipo ≥ 65 anos, por importe de 30,00 €, dado que realizous dous pagos de 30,00 €, da cota do devandito carné, ano 2022.

2.- Solicitude de devolución a favor de D. José Luis Padín Núñez do importe ingresado a maiores, da cota do prezo público correspondente á solicitude de Carné Fundación Tipo ≥ 65 anos, por importe de 30,00 €, dado que ingresou a cota, correspondente a Tipo Familiar, por importe de 60,00 € en vez de 30,00 € cota do devandito carné, con motivo da solicitude de cambio de tipo de carné de Familiar a ≥ 65 anos, ao non ofertar a actividade de Taichi, no proxecto de Actividades Físico-recreativo de Adultos, o cal solicitaba a súa muller beneficiaria do carné Familiar.

3.- Solicitude de devolución a favor de D. Manuel Crespo Sobral do importe ingresado a maiores, da cota do prezo público correspondente á solicitude de Carné Fundación Tipo Individual Senior, por importe de 15,00 €, dado que ingresou a cota correspondente a Tipo Familiar, por importe de 60,00 € en vez de 45,00 € cota do devandito carné, con motivo da solicitude de cambio de tipo de carné de Familiar a Individual Senior, ao non ofertar a actividade de Taichi, no proxecto de Actividades Físico-recreativo de Adultos, o cal solicitaba a súa muller beneficiaria do carné Familiar.

De conformidade co disposto nos vixentes Estatutos da Fundación de Deportes.

R E S O L V O:

1.- Aprobar a devolución a favor de Dna. Mª Socorro Cándida de los Reyes Henares, do importe duplicado ingresado da cota do prezo público, correspondente á solicitude de Carné Fundación Tipo ≥ 65 anos, por importe de 30,00 €, con cargo á partida 343,00.

Praza Ravella, 1
36600 · Vilagarcía de Arousa
T 986 56 68 98
CIF: P/8660001-B
fdeportes@vilagarcia.es ·www.vilagarcia.es

2.- Aprobar a devolución a favor de D. José Luis Padín Núñez, do importe ingresado a maiores da cota do prezo público, correspondente á solicitude de Carné Fundación Tipo ≥ 65 anos, por importe de 30,00 €, con cargo á partida 343,00.

3.- Aprobar a devolución a favor de D. Manuel Crespo Sobral, do importe ingresado a maiores da cota do prezo público, correspondente á solicitude de Carné Fundación Tipo Individual Senior, por importe de 15,00 €, con cargo á partida 343,00.

4.- Que a presente Resolución sexa dada conta ao Consello Reitor da Fundación de Deportes, na vindeira sesión que celebre.

Así o dispón e asina o Sr. presidente da Fundación de Deportes, en Vilagarcía de Arousa, vinte e dous de abril de dous mil vinte e dous, ante mín a secretaria/delegada, que Certifica.

Concello de
Vilagarcía de Arousa
Fundación de Deportes

Praza Ravella, 1
36600 · Vilagarcía de Arousa
T 986 56 68 98
CIF: P/8660001-B
fdeportes@vilagarcia.es ·www.vilagarcia.es

RESOLUCIÓN DO SR. PRESIDENTE DA FUNDACIÓN PÚBLICA DE SERVIZOS DEPORTIVOS MUNICIPAIS DO EXCMO. CONCELLO DE VILAGARCÍA DE AROUSA
D. ARGIMIRO SERÉN MERA

Visto o escrito da SOCIEDAD GIMNASTICA DE PONTEVEDRA no que solicita, a cesión de 2 indicadores de saída (nº 3 e 7) do Estadio de Atletismo do Complexo Deportivo Municipal Fontecarmoa, para a celebración da 1ª XORNADA DE LIGA NACIONAL DE PRIMEIRA DIVISIÓN DE ATLETISMO, o vindeiro día 30 do presente mes, no CGTD de Pontevedra. Así como visto o informe do Sr. director Deportivo en relación ao asunto.

De conformidade co disposto nos vixentes Estatutos da Fundación de Deportes.

R E S O L V O:

1.- Ceder á SOCIEDAD GIMNASTICA DE PONTEVEDRA, de 2 indicadores de saída (nº 3 e 7) do Estadio de Atletismo do Complexo Deportivo Municipal Fontecarmoa, para a celebración da 1ª XORNADA DE LIGA NACIONAL DE PRIMEIRA DIVISIÓN DE ATLETISMO, o vindeiro día 30 do presente mes, no CGTD de Pontevedra.

2.- Indicarlle que a recollida e devolución do citado material deberá ser a cargo da devandita Entidade, facéndose responsable dos danos que puidera sufrir o material e, debendo devolvelo nas mesmas condicións nas que se lle cedeu.

3.- Que a presente Resolución sexa dada conta ao Consello Reitor da Fundación de Deportes, na vindeira sesión que celebre.

Así o dispón e asina o Sr. presidente da Fundación de Deportes, en Vilagarcía de Arousa, a vinte e sete de abril de dous mil vinte e dous, ante mín a secretaria/delegada, que Certifica.

Concello de
Vilagarcía de Arousa
Fundación de Deportes

Praza Ravella, 1
36600 · Vilagarcía de Arousa
T 986 56 68 98
CIF: P/8660001-B
fdeportes@vilagarcia.es ·www.vilagarcia.es

RESOLUCIÓN DO SR. PRESIDENTE DA FUNDACIÓN PÚBLICA DE SERVIZOS DEPORTIVOS MUNICIPAIS DO EXCMO. CONCELLO DE VILAGARCÍA DE AROUSA
D. ARGIMIRO SERÉN MERA

Vistas e comprobadas as 291 solicitudes de inscrición presentadas a través da Sede Electrónica do Excmo. Concello de Vilagarcía de Arousa, sección da Fundación de Deportes, no catálago de Procedementos 30007, para o II Curso (abril, maio e xuño) do Proxecto de Actividades Físico-Recreativas de Adultos, ano 2022, nos prazos que a continuación se relacionan:

PRAZOS	**Nº DE INSCRICIÓN**
Prazo ordinario (5-27/03/2022)	243 solicitudes
Prazo extraordinario (4-22/04/2022)	48 sollicitudes
Total	291 solicitudes de inscrición

Distribuidas nas seguintes actividades (tendo en conta que cada persoa poide elixir un total de dúas actividades):

ACTIVIDADE	**Nº ALUMNOS**
XIMNASIA DE MANTEMENTO	59
XIMNASIA ACUÁTICA	28
XIMNASIA FUNCIONAL	129
AEROBIC	22
IOGA	66
PILATES	101
ESTIRAMENTOS E RELAXACIÓN	67

Así como visto o informe do Sr. director Deportivo en relación ao asunto.

De conformidade co disposto nos vixentes Estatutos da Fundación de Deportes.

R E S O L V O:

1.- Aprobar as 291 solicitudes de inscrición do II Curso das Actividades Fisico-Recreativas para Adultos (abril, maio e xuño), do Proxecto de Actividades Físico-Recreativas de Adultos, ano 2022, co desglose por grupos sinalado no informe do Sr. director Deportivo,

Praza Ravella, 1
36600 · Vilagarcía de Arousa
T 986 56 68 98
CIF: P/8660001-B
fdeportes@vilagarcia.es ·www.vilagarcia.es

que reúnen a idade e demais requisitos esixidos na convocatoria para as devanditas Actividades. Agás as solicitudes de inscrición na actividade de Ximnasia Acúatica nos grupos: 2, 5 e 6, Pilates nos grupos: 4 e 5, así como as solicitudes na actividade de Aeróbic nos grupos: 1 e 3, por non alcanzar un número mínimo de inscricións para levar a cabo a actividade nos citados grupos. Polo que teñen a opción de cambiar de grupo ou actividade e/ou solicitar a correspondente devolución do ingreso efectuado para as devanditas actividades, a través da Sede Electrónica, no enderezo https://sede.vilagarcia.gal, sección da Fundación de Deportes, catálago de Procedemento 30001 (Instancia Xenérica), facendo constar o número (IBAN) de conta bancaria no que sexa titular a persoa que realizou a correspondente solicitude de inscrición.

2.- Que a presente Resolución sexa dada conta ao Consello Reitor da Fundación de Deportes, na vindeira sesión que celebre.

Así o dispón e asina o Sr. presidente da Fundación de Deportes, en Vilagarcía de Arousa, a vinte e oito de abril de dous mil vinte e dous, ante mín a secretaria/delegada, que Certifica.

Concello de
Vilagarcía de Arousa
Fundación de Deportes

Praza Ravella, 1
36600 · Vilagarcía de Arousa
T 986 56 68 98
CIF: P/8660001-B
fdeportes@vilagarcia.es ·www.vilagarcia.es

RESOLUCIÓN DO SR. PRESIDENTE DA FUNDACIÓN PÚBLICA DE SERVIZOS DEPORTIVOS MUNICIPAIS DO EXCMO. CONCELLO DE VILAGARCÍA DE AROUSA
D. ARGIMIRO SERÉN MERA

Visto o informe do Sr. director Deportivo relativo á anulación da aprobación do gasto do proxecto das Escolas Deportivas Municipais, curso 2021/22, correspondente á Escola Deportiva de Base, xestión indirecta das modalidades deportivas de Xadrez e Atletismo, conforme á Resolución do Sr. presidente con data 11/11/2021, no que se facía constar que "queda pendiente de aprobación das modalidades de Artes Marciais e Atletismo, á espera de novas solicitudes de inscrición ata alcanzar o número mínino de nenos/as, para poder desenvolver as citadas Escolas" e, dado que non houbo novas inscricións para as devanditas escola. Polo que procede anular o gasto restante do citado Proxecto, aprobado polo Consello Reitor con data 29/10/2021, por importe total de 2.000,00 €.

De conformidade co disposto nos vixentes Estatutos da Fundación de Deportes.

R E S O L V O:

1.- Aprobar a anulación do gasto restante do Proxecto de Escolas Deportivas Municipais de Psicomotricidade, Multideportiva e Deportiva de Base, curso 2021/22", correspondente á Escola Deportiva de Base, xestión indirecta das modalidades deportivas de Xadrez e Atletismo, aprobado polo Consello Reitor con data 29/10/2021, mandamento contable A-220219000003, por importe total de 2.000,00 €, con cargo á partida 342-227,9901.

2.- Que a presente Resolución sexa dada conta ao Consello Reitor da Fundación de Deportes, na vindeira sesión que celebre.

Así o dispón e asina o Sr. presidente da Fundación de Deportes, en Vilagarcía de Arousa, a vinte e nove de abril de dous mil vinte e dous, ante mín a secretaria/delegada, que Certifica.

Concello de
Vilagarcía de Arousa
Fundación de Deportes

Praza Ravella, 1
36600 · Vilagarcía de Arousa
T 986 56 68 98
CIF: P/8660001-B
fdeportes@vilagarcia.es ·www.vilagarcia.es

RESOLUCIÓN DO SR. PRESIDENTE DA FUNDACIÓN PÚBLICA DE SERVIZOS DEPORTIVOS MUNICIPAIS DO EXCMO. CONCELLO DE VILAGARCÍA DE AROUSA
D. ARGIMIRO SERÉN MERA

Vista e comprobada a relación de facturas sen acordo, mes de abril, da Fundación Pública de Servizos Deportivos Municipais do Excmo. Concello de Vilagarcia de Arousa, por importe total de 5.280,61 €., que se presenta para o seu recoñecemento da obriga.

De conformidade co disposto nos vixentes Estatutos da Fundación de Deportes.

R E S O L V O:

1.- Aprobar o recoñecemento da obriga a favor da relación de facturas sen acordo, mes de abril , da Fundación Pública de Servizos Deportivos Municipais do Excmo. Concello de Vilagarcia de Arousa, por importe total de 5.280,61 €.

2.- Que a presente Resolución sexa dada conta ao Consello Reitor da Fundación de Deportes, na vindeira sesión que celebre.

Así o dispón e asina o Sr. presidente da Fundación de Deportes, en Vilagarcía de Arousa, a vinte e nove de abril de dous mil vinte e dous, ante mín a secretaria/delegada, que Certifica.

Concello de
Vilagarcía de Arousa
Fundación de Deportes

Praza Ravella, 1
36600 · Vilagarcía de Arousa
T 986 56 68 98
CIF: P/8660001-B
fdeportes@vilagarcia.es ·www.vilagarcia.es

RESOLUCIÓN DO SR. PRESIDENTE DA FUNDACIÓN PÚBLICA DE SERVIZOS DEPORTIVOS MUNICIPAIS DO EXCMO. CONCELLO DE VILAGARCÍA DE AROUSA
D. ARGIMIRO SERÉN MERA

Vista e comprobada a relación de facturas con acordos previo, mes de abril, que a continuación se relaciona, de expedientes que foron aprobados o seu gasto polo Consello Reitor ou Resolución do Sr. presidente, por importe total de 21.183,59 €:

1.- Recoñecemento da obriga a favor da empresa CLECE, S.A., pola factura nº 02148000007822F, correspondente ao contrato de servizos "SERVIZO DE LIMPEZA DE EDIFICIOS E INSTALACIÓNS DEPENDIENTES DO CONCELLO DE VILAGARCÍA DE AROUSA", no que están incluídas as instalacións deportivas municipais, mes de marzo, aprobado pola Xunta de Goberno Local en sesión con data 06/09/2021, por importe total de 11.593,18 €, con cargo á partida 342-227,00.

2.- Recoñecemento da obriga a favor da empresa CLECE, S.A., pola factura nº 02148000008522F, correspondente ao contrato de servizos "SERVIZO DE LIMPEZA DE EDIFICIOS E INSTALACIÓNS DEPENDIENTES DO CONCELLO DE VILAGARCÍA DE AROUSA", no que están incluídas as instalacións do Recinto de Fexdega (Oficina na que se ubica a Fundación de Deportes, Hall explanada, seminarios, accesos exteriores, e subministro de celulosa, xabón e unidades hixiénicos sanitarias), mes de marzo, aprobado pola Xunta de Goberno Local en sesión con data 06/09/2021, por importe de 2.512,11 €., con cargo á partida 342-227,00. Así como dáse conta do informe da Sra. interventora/delegada de data 01/06/2017 en relación ao mantemento do reparo sinalado no informe de 26 de abril do presente ano, dado que está pendiente a tramitación do expediente de Convenio de uso da devandita instalación e da Resolución do Sr. presidente de levantamento de reparos con data 02/05/2017.

3.- Recoñecemento da obriga a favor da empresa CLECE, S.A., pola factura nº 02148000009222F, correspondente ao reforzo da limpeza do CEIP A Escardia, na que se levan a cabo as actividades de loga e Estiramentos e Relaxación, do Proxecto de Actividades Físico Recreativas de Adultos, ano 2022, mes de marzo, aprobada pola Resolución do Sr. presidente con data 2/01/2022, por importe total de 179,71 €., con cargo á partida 342-227,00.

Praza Ravella, 1
36600 · Vilagarcía de Arousa
T 986 56 68 98
CIF: P/8660001-B
fdeportes@vilagarcia.es ·www.vilagarcia.es

4.- Recoñecemento da obriga a favor da empresa CLECE, S.A., pola factura nº 02148000009322F, correspondente a realización da limpeza e desinfección do Complexo Deportivo Municipal Fontecarmoa, pola celebración do 27º XOGOS AUTONÓMICOS MINORITARIOS PARA PERSOAS CON DISCAPACIDADE INTELECTUAL 2022, aprobado pola Resolución do Sr. presidente con data 03/03/2022, por importe de 402,33 €, con cargo á partida 342-227,00.

5.- Recoñecemento da obriga a favor do Club/Entidade Deportiva: CLUB BALONCESTO VILAGARCÍA, pola factura nº Emit-5, correspondente ao desenvolvemento da Escola Deportiva de Base, modalidade de baloncesto, 1 grupo, mes de marzo ano 2022, aprobado pola Resolución do Sr. presidente con data 25/11/2021, por importe total de 200,00 €, con cargo á partida 342-227,9901.

6.- Recoñecemento da obriga a favor da empresa TROQUIÑA, S.L., pola factura nº A 22077, correspondente aos Traballos de determinadas labores de mantemento vexetal nalgunhas das instalacións deportivas dependentes da Fundación de Deportes, mes de marzo, por importe de 3.186,64 €, con cargo á partida 342-227,9902. Así como faíse constar a Resolución do Sr. presidente con data 26/02/2021, relativa a discrepancia resolta plantexada polo director Deportivo e o levantamento do reparo suspensivo da interventora/delegada, da facturas da empresa Troquiña, S.L., conforme ao informes da Sra. interventora/delegada e Sr. director Deportivo e, ata tanto finalize a tramitación dun Contrato de Servizos do Mantemento Vexetal, no que incluirá os tratamentos fitosanitarios e pases de rulo que se precisen establecéndose como prezo unitario por horas, metros cadrados, tipo de tratamento…etc.

7.- Recoñecemento da obriga a favor da empresa GRUPO ELECTRO STOCKS, S.L.U., pola factura nº1220412336 , correspondente a adquisición por reposición dun interacumulador de 300 litros para o Campo de Fútbol Municipal de Berdón, aprobado pola Resolución do Sr. presidente con data 11/02/2022, por importe de 700,59 €, con cargo á partida 342-623,00.

8.- Recoñecemento da obriga a favor da empresa DEPORTES RODAS VILAGARCÍA, S.L., pola fra. Nº 22 27, correspondente á adquisición de trofeos para a entrega de premios, pola celebración do IV TROFEO SOCIAL DOMA CLÁSICA, aprobado pola Resolución do Sr.

Praza Ravella, 1
36600 · Vilagarcía de Arousa
T 986 56 68 98
CIF: P/8660001-B
fdeportes@vilagarcia.es ·www.vilagarcia.es

presidente con data 06/04/2022 e conforme informe da dirección deportiva, por importe de 234,30 €, con cargo á partida 342-226,9901.

9.- Recoñecemento da obriga a favor da empresa DEPORTES RODAS VILAGARCÍA, S.L., pola fra. Nº 22 28, correspondente á adquisición de trofeos recordatorios para a entrega aos participantes do evento, pola celebración da XXV VILAGARCÍA BASKET CUP HELENA MARIÑO, ANO 2022, aprobado pola Resolución do Sr. presidente con data 18/04/2022, por importe de 340,50 €, con cargo á partida 342-226,9901.

10.- Recoñecemento da obriga a favor da empresa BARRAL NUÑEZ, Mª DEL MAR., pola fra. Nº 5, correspondente á adquisición de trofeos para a entrega de premios, pola celebración da XXV VILAGARCÍA BASKET CUP HELENA MARIÑO, ANO 2022, aprobado pola Resolución do Sr. presidente con data 18/04/2022, por importe de 600,00 €, con cargo á partida 342-226,9901.

2.- Dar traslado da presente resolución ao departamento de Persoal, para o seu coñecemento.

Praza Ravella, 1
36600 · Vilagarcía de Arousa
T 986 56 68 98
CIF: P/8660001-B
fdeportes@vilagarcia.es ·www.vilagarcia.es

3.- Que a presente Resolución sexa dada conta ao Consello Reitor da Fundación de Deportes, na vindeira sesión que celebre.

Así o dispón e asina o Sr. presidente da Fundación de Deportes, en Vilagarcía de Arousa, a dezanove de maio de dous mil vinte e dous, ante mín a secretaria/delegada, que Certifica.

Concello de
Vilagarcía de Arousa
Fundación de Deportes

Praza Ravella, 1
36600 · Vilagarcía de Arousa
T 986 56 68 98
CIF: P/8660001-B
fdeportes@vilagarcia.es ·www.vilagarcia.es

RESOLUCIÓN DO SR. PRESIDENTE DA FUNDACIÓN PÚBLICA DE SERVIZOS DEPORTIVOS MUNICIPAIS DO EXCMO. CONCELLO DE VILAGARCÍA DE AROUSA
D. ARGIMIRO SERÉN MERA

Visto o informe-proposta do Sr. presidente conforme o informe-proposta da Dirección Deportiva relativa ás necesidades da realización DE DETERMINADAS LABORES DE MANTEMENTO VEXETAL NALGUNHAS DAS INSTALACIÓNS DEPORTIVAS DEPENDENTES DA FUNDACIÓN DE DEPORTES, dado que na actualidade estase levando a cabo o proceso da tramitación dunha nova licitación para a adxudicación das devanditas labores e, polo que se solicita presuposto á empresa TROQUIÑA, S.L. (empresa adxudicataria do último contrato), por un período máximo de 5 meses dende o 1 de marzo ao 31 de xullo do presente ano, por importe total de 17.850,00 € (3.570,00 €/mes, IVE incluído).

Así como visto o informe de Reparo da Sra. interventora/delegada no que sinala que: "1.- Ainda que no vixente exercicio non se tramitou ningún tipo de contratación en relación co mencionado servizo, os antecedentes do exercicio anterior e a proposta presentada fai indicar que o servizo mencionado nos antecedentes deste informe continua e continuará no exercicio 2022, polo que o servizo estase a prorrogar en 5 meses e contando cos meses de xaneiro e febreiro de 2022 verase superado o umbral de 15.000 € (sen IVE) que establece o artigo 118.1 da LCSP.

2.- Estamos ante un gasto de tracto sucesivo que pode encadrarse como contrato de servizos segundo o artigo 17 da Lei de Contratos do Sector Público.

3.- Debese proceder a licitación destes servizos (mantemento vexetal e tratamento fitosanitario, pases de rulo, segas e calquera outro), para non persistir na inexistencia de procedemento establecido legalmente, así como para acadar un aforro no gasto público, mediante o establecemento dun prezo que dea cumprimento aos principios de eficacia e eficiencia do gasto.

Polo que debe considerarase de reparo suspensisvo de conformidade co artigo 216.2 do TRLRFL por non cumprir o expediente con requisitos ou trámites esenciais que puideran dar lugar a nulidade do acto, ao non cumprir os requisitos que se establece no artigo 118 Lei de Contratos do Sector Público, por tratarse dunha prorroga dun contrato menor de tracto sucesivo; por non seguir o procedemento de contratación que corresponde en función do importe que se vai realizar ao longo do exercicio 2022 e que superará os umbrais establecidos no artigo 118.1."

Concello de
Vilagarcía de Arousa
Fundación de Deportes

Praza Ravella, 1
36600 · Vilagarcía de Arousa
T 986 56 68 98
CIF: P/8660001-B
fdeportes@vilagarcia.es ·www.vilagarcia.es

Asemade visto o informe do Sr. director Deportivo no que indica que:

1.- O Servizo Administrativo da Fundación de Deportes non puido iniciar a tramitación da nova licitación ao estar pendiente da sinatura o prego de prescricións técnicas, polo representante da empresa Calderón y Asociados Ingeniería Medioambiental, S.L.P. (adxudicataria da redacción do citado prego).

2.- A necesidade da sega e do mantemento do céspede para permitir o desenvolvemento de adestramentos e competicións oficiais nos campos de fútbol de herba natural, que como ser vivo precisa de abonados para manter o seu crecemento e desenvolvemento, o que lle aporta os nutrientes que necesita para estar en perfecto estado e, a necesidade de ter o control da maleza das instalacións deportivas exteriores,

Polo que polo anteriormente exposto xustifícase para poder proceder ao levantamento de reparos polo Sr. presidente para a adxudicación do Contrato Menor de Servizos da realización de DETERMINADAS LABORES DE MANTEMENTO VEXETAL NALGUNHAS DAS INSTALACIÓNS DEPORTIVAS DEPENDENTES DA FUNDACIÓN DE DEPORTES á empresa TROQUIÑA, S.L. ata que dende a administración da Fundación de Deportes finalice a nova licitación dos citados traballos e/ou por un período máximo de 5 meses dende o 1 de marzo ao 31 de xullo do presente ano, por importe total de 17.850,00 € (3.570,00 €/mes, IVE incluído).

Por outro lado, sinala a necesidade de realizar segas do céspede extraordinarias que non están incluídas nos citados traballos, que a partir da adquisición da máquina cortacéspede helicoidal para a sega do céspede do Estadio Municipal A Lomba, conleva que se fagan máis cortes de céspede e, que se veñen realizando dende o pasado mes de xuño de 2021. Polo que propón aprobar o prezo unitario das Segas do Céspede extraordinarias, que se teñen que levar a cabo no Estadio Municipal de A Lomba, por importe de 178,00 €/Ud., que se facturarán pola empresa mensualmente polo total de segas realizadas/mes.

De conformidade co disposto nos vixentes Estatutos da Fundación de Deportes.

R E S O L V O:

1.- Resolver a discrepancia plantexada polo director Deportivo e levantar os reparos pola interventora/delegada, adxudicando a través dun Contrato Menor de Servizos da

Praza Ravella, 1
36600 · Vilagarcía de Arousa
T 986 56 68 98
CIF: P/8660001-B
fdeportes@vilagarcia.es ·www.vilagarcia.es

realización de DETERMINADAS LABORES DE MANTEMENTO VEXETAL NALGUNHAS DAS INSTALACIÓNS DEPORTIVAS DEPENDENTES DA FUNDACIÓN DE DEPORTES á empresa TROQUIÑA, S.L. ata que dende a administración da Fundación de Deportes finalice a nova licitación dos citados traballos e/ou por un período máximo de 5 meses dende o 1 de abril ao 31 de agosto do presente ano, por importe total de 17.850,00 € (3.570,00 €/mes, IVE incluído, con cargo á partida 342-227,9902.

2.- aprobar o prezo unitario das Segas do Céspede extraordinarias, que se teñen que levar a cabo no Estadio Municipal de A Lomba, por importe de 178,00 €/Ud., que se facturarán pola empresa mensualmente polo total de segas realizadas/mes.

3.- Iniciar na maior brevidade posible a tramitiación da nova licitación para a adxudicación do Contrato de Servizos consistente en DETERMINADAS LABORES DE MANTEMENTO VEXETAL NALGUNHAS DAS INSTALACIÓNS DEPORTIVAS DEPENDENTES DA FUNDACIÓN DE DEPORTES.

4.- Que a presente Resolución sexa dada conta ao Consello Reitor da Fundación de Deportes, na vindeira sesión que celebre.

Así o dispón e asina o Sr. presidente da Fundación de Deportes, en Vilagarcía de Arousa, a vinte e catro de maio de dous mil vinte e dous, ante mín a secretaria/delegada, que Certifica.

Concello de
Vilagarcía de Arousa
Fundación de Deportes

Praza Ravella, 1
36600 · Vilagarcía de Arousa
T 986 56 68 98
CIF: P/8660001-B
fdeportes@vilagarcia.es ·www.vilagarcia.es

RESOLUCIÓN DO SR. PRESIDENTE DA FUNDACIÓN PÚBLICA DE SERVIZOS DEPORTIVOS MUNICIPAIS DO EXCMO. CONCELLO DE VILAGARCÍA DE AROUSA
D. ARGIMIRO SERÉN MERA

Visto o escrito presentado por OS INGLESES RUGBY CLUB, no que solicita para a celebración do I TORNEO SANTA RITA DE RUGBI 7, o vindeiro día 28 do presente mes, aprobada pola Resolución do Sr. presidente con data 16/05/2022, a maiores o que a continuación se relaciona:

- 2 carpas coas lonas laterais, 4 cadeiras, 2 mesas e un palco para a entrega de premios.
- Arco hinchable e flay banners de publicidade institucional da Fundación de Deportes e do Concello.
- Reserva de estacionamento diante da Casa da Cultura de Fontecarmoa.
- Concesión de 15 trofeos para a entrega de premios.

Así como visto o informe do Sr. director Deportivo en relación ao asunto.

De conformidade co disposto nos vixentes Estatutos da Fundación de Deportes.

R E S O L V O:

1.- Aprobar ao OS INGLESES RUGBY CLUB, para a celebración do I TORNEO SANTA RITA DE RUGBI 7, o vindeiro día 28 do presente mes, aprobada pola Resolución do Sr. presidente con data 16/05/2022, a cesión de 2 mesas, un arco hinchable e os flay bannners de publicidade institucional da Fundación de Deportes e do Concello e, que polo Servizo de Mantemento se leve a cabo a colaboración da súa colocación, dentro das dispoñibilidades existentes do Servizo de Mantemento, na súa xornada laboral, sen que isto xenere horas extraordinarias ao Servizo.

2.- Trasladar ao departamento de Obras do Excmo.Concello de Vilagarcía de Arousa, as necesidades de colaboración, da cesión de 2 carpas coas súas lonas laterais, 4 cadeiras e un palco de 3x4 m para a entrega de premios, para a súa aprobación se procede.

Praza Ravella, 1
36600 · Vilagarcía de Arousa
T 986 56 68 98
CIF: P/8660001-B
fdeportes@vilagarcia.es ·www.vilagarcia.es

3.- Comunicarlle que no relativo a reserva de estacionamento diante da casa da Cultura de Fontecarmoa, remitiuse a súa solicitude ao departamento da Policía Local do Excmo. Concello de Vilagarcía de Arousa, para a súa aprobación, se procede.

4.- Conceder 15 trofeos para a entrega de premios aos primeiros clasificados nas diferentes categorías participantes no devandito Torneo, para o a que se solicitou presuposto a empresa DEPORTES RODAS VILAGARCIA, S.L., por importe de 280,65 €.

5.- Lémbraselles que ten pendente de presentación toda a documentación requirida na Resolución do Sr. presidente con data 16/05/2022.

6.- Que a presente Resolución sexa dada conta ao Consello Reitor da Fundación de Deportes, na vindeira sesión que celebre.

Así o dispón e asina o Sr. presidente da Fundación de Deportes, en Vilagarcía de Arousa, a vinte e sete de maio de dous mil vinte e dous, ante mín a secretaria/delegada, que Certifica.

Concello de
Vilagarcía de Arousa
Fundación de Deportes

Praza Ravella, 1
36600 · Vilagarcía de Arousa
T 986 56 68 98
CIF: P/8660001-B
fdeportes@vilagarcia.es ·www.vilagarcia.es

RESOLUCIÓN DO SR. PRESIDENTE DA FUNDACIÓN PÚBLICA DE SERVIZOS DEPORTIVOS MUNICIPAIS DO EXCMO. CONCELLO DE VILAGARCÍA DE AROUSA
D. ARGIMIRO SERÉN MERA

Vista a Resolución do Sr. presidente con data 27/05/2022, no que se aproba conceder ao OS INGLESES RUGBY CLUB, 15 trofeos para os primeiros clasificados nas diferentes categorías participantes no do I TORNEO SANTA RITA DE RUGBI 7. Así como visto o informe-proposta do Sr. presidente conforme á proposta do Sr. director Deportivo, para a aprobación de adquisición dos citados trofeos, presentando presuposto da empresa DEPORTES RODAS VILAGARCÍA, S.L., por importe de 280,65 €.(I.V.E. incluído).

De conformidade co disposto nos vixentes Estatutos da Fundación de Deportes.

R E S O L V O:

1.- Adxudicar a adquisición de 15 trofeos á empresa DEPORTES RODAS VILAGARCÍA, S.L., para os primeros clasificados nas diferentes categorías participantes no I TORNEO SANTA RITA DE RUGBI 7, a través dun contrato menor de subministro, por importe de 280,65 €. (I.V.E. incluído), con cargo á partida 342-226-9901.

2.- Que a presente Resolución sexa dada conta ao Consello Reitor da Fundación de Deportes, na vindeira sesión que celebre.

Así o dispón e asina o Sr. presidente da Fundación de Deportes, en Vilagarcía de Arousa, a vinte e sete de maio de dous mil vinte e dous, ante mín a secretaria/delegada, que Certifica.

Concello de
Vilagarcía de Arousa
Fundación de Deportes

Praza Ravella, 1
36600 · Vilagarcía de Arousa
T 986 56 68 98
CIF: P/8660001-B
fdeportes@vilagarcia.es ·www.vilagarcia.es

RESOLUCIÓN DO SR. PRESIDENTE DA FUNDACIÓN PÚBLICA DE SERVIZOS DEPORTIVOS MUNICIPAIS DO EXCMO. CONCELLO DE VILAGARCÍA DE AROUSA
D. ARGIMIRO SERÉN MERA

Visto o escrito da empresa Bonecos Vilagarcía, S.L. (concesionaria da Escola Infantil Municipal) no que solicita, autorización do uso do Estadio Municipal A Lomba, para a celebración da semana do deporte cos seus alumnos de 2 e 3 anos, un día de luns a venres, de 10:00-11:45 horas, así como a cesion duns balóns, as porterías pequenas e, a non realización da rega o día da citada actividade. Asemade visto o informe do Sr. director Deportivo en relación ao asunto.

De conformidade co disposto nos vixentes Estatutos da Fundación de Deportes.

R E S O L V O:

1.- Autorizar á empresa Bonecos Vilagarcía, S.L. (concesionaria da Escola Infantil Municipal), o uso do Estadio Municipal A Lomba, para a celebración da semana do deporte cos seus alumnos de 2 e 3 anos, o vindeiro día 2 de xuño do presente ano, de 10:00-11:45 horas.Comunicarlle que deberá deixar a citada instalación deportiva nas mesmas condicións en que se lle presta e responsabilizarse dos danos ou desperfectos que poideran causar os participantes na citada actividade.

2.- Aprobar a cesión de balóns pequenos e porterías pequenas da Fundación de Deportes, para o desenvolvemento da devandita actividade, así como non realizar a rega ese día e, que polo Servizo de Mantemento se leve a cabo a súa colocación, dentro das dispoñibilidades existentes do Servizo de Mantemento, na súa xornada laboral, sen que isto xenere horas extraordinarias ao Servizo.

3.- Que a presente Resolución sexa dada conta ao Consello Reitor da Fundación de Deportes, na vindeira sesión que celebre.

Así o dispón e asina o Sr. presidente da Fundación de Deportes, en Vilagarcía de Arousa, a trinta e un de maio de dous mil vinte e dous, ante mín a secretaria/delegada, que Certifica.

Concello de
Vilagarcía de Arousa
Fundación de Deportes

Praza Ravella, 1
36600 · Vilagarcía de Arousa
T 986 56 68 98
CIF: P/8660001-B
fdeportes@vilagarcia.es ·www.vilagarcia.es

RESOLUCIÓN DO SR. PRESIDENTE DA FUNDACIÓN PÚBLICA DE SERVIZOS DEPORTIVOS MUNICIPAIS DO EXCMO. CONCELLO DE VILAGARCÍA DE AROUSA
D. ARGIMIRO SERÉN MERA

Vista e comprobada a relación de facturas sen acordo, mes de maio , da Fundación Pública de Servizos Deportivos Municipais do Excmo. Concello de Vilagarcía de Arousa, por importe total de 9.234,49 €., que se presenta para o seu recoñecemento da obriga.

De conformidade co disposto nos vixentes Estatutos da Fundación de Deportes.

R E S O L V O:

1.- Aprobar o recoñecemento da obriga a favor da relación de facturas sen acordo, mes de maio, da Fundación Pública de Servizos Deportivos Municipais do Excmo. Concello de Vilagarcía de Arousa, por importe total de 9.234,49 €.

2.- Que a presente Resolución sexa dada conta ao Consello Reitor da Fundación de Deportes, na vindeira sesión que celebre.

Así o dispón e asina o Sr. presidente da Fundación de Deportes, en Vilagarcía de Arousa, a trinta e un de maio de dous mil vinte e dous, ante mín a secretaria/delegada, que Certifica.

Concello de
Vilagarcía de Arousa
Fundación de Deportes

Praza Ravella, 1
36600 · Vilagarcía de Arousa
T 986 56 68 98
CIF: P/8660001-B
fdeportes@vilagarcia.es ·www.vilagarcia.es

RESOLUCIÓN DO SR. PRESIDENTE DA FUNDACIÓN PÚBLICA DE SERVIZOS DEPORTIVOS MUNICIPAIS DO EXCMO. CONCELLO DE VILAGARCÍA DE AROUSA
D. ARGIMIRO SERÉN MERA

Vista e comprobada a relación de facturas con acordos previo, mes de maio, que a continuación se relaciona, de expedientes que foron aprobados o seu gasto polo Consello Reitor ou Resolución do Sr. presidente, por importe total de 32.135,21 €:

1.- Recoñecemento da obriga a favor da empresa CLECE, S.A., pola factura nº, 02148000011522F, correspondente ao contrato de servizos "SERVIZO DE LIMPEZA DE EDIFICIOS E INSTALACIÓNS DEPENDIENTES DO CONCELLO DE VILAGARCÍA DE AROUSA", no que están incluídas as instalacións do Recinto de Fexdega (Oficina na que se ubica a Fundación de Deportes, Hall explanada, seminarios, accesos exteriores, e subministro de celulosa, xabón e unidades hixiénicos sanitarias), mes de abril, aprobado pola Xunta de Goberno Local en sesión con data 06/09/2021, por importe de 2.512,11 €., con cargo á partida 342-227,00. Así como dáse conta do informe da Sra. interventora/delegada de data 01/06/2017 en relación ao mantemento do reparo sinalado no informe de 26 de abril do presente ano, dado que está pendiente a tramitación do expediente de Convenio de uso da devandita instalación e da Resolución do Sr. presidente de levantamento de reparos con data 02/05/2017.

2.- Recoñecemento da obriga a favor da empresa CLECE, S.A., pola factura nº, 02148000010822F, correspondente ao contrato de servizos "SERVIZO DE LIMPEZA DE EDIFICIOS E INSTALACIÓNS DEPENDIENTES DO CONCELLO DE VILAGARCÍA DE AROUSA", no que están incluídas as instalacións deportivas municipais, mes de abril, aprobado pola Xunta de Goberno Local en sesión con data 06/09/2021, por importe total de 11.593,18 €, con cargo á partida 342-227,00.

3.- Recoñecemento da obriga a favor da empresa CLECE, S.A., pola factura nº 02148000012422F, correspondente a realización da limpeza extraordinaria do Recinto Fexdega, pola celebración da XXV VILAGARCÍA BASKET CUP HELENA MARIÑO, aprobado pola Resolución do Sr. presidente con data 08/04/2022, por importe de 335,78 €, con cargo á partida 342-227,00.

Praza Ravella, 1
36600 · Vilagarcía de Arousa
T 986 56 68 98
CIF: P/8660001-B
fdeportes@vilagarcia.es ·www.vilagarcia.es

4.- Recoñecemento da obriga a favor da empresa CLECE, S.A., pola factura nº 02148000012322F, correspondente ao reforzo da limpeza do CEIP A Escardia, na que se levan a cabo as actividades de loga e Estiramentos e Relaxación, do Proxecto de Actividades Físico Recreativas de Adultos, ano 2022, mes de abril, aprobada pola Resolución do Sr. presidente con data 20/01/2022, por importe total de 138,21 €., con cargo á partida 342-227,00.

5.- Recoñecemento da obriga a favor da empresa TROQUIÑA, S.L., pola factura nº A 22113, correspondente aos Traballos de determinadas labores de mantemento vexetal nalgunhas das instalacións deportivas dependentes da Fundación de Deportes, mes de abril, aprobada pola Resolución do Sr. presidente con data 24/05/2022, relativa a discrepancia resolta plantexada polo director Deportivo e levantar o reparo suspensivo da interventora/delegada da súa adxudicación, por importe de 3.186,64 €, con cargo á partida 342-227,9902.

6.- Recoñecemento da obriga a favor da empresa CLECE, S.A., pola factura nº 02148000013822F correspondente ao contrato de servizos "SERVIZO DE LIMPEZA DE EDIFICIOS E INSTALACIÓNS DEPENDIENTES DO CONCELLO DE VILAGARCÍA DE AROUSA", no que están incluídas as instalacións deportivas municipais, mes de maio, aprobado pola Xunta de Goberno Local en sesión con data 06/09/2021, por importe total de 11.593,18 €, con cargo á partida 342-227,00.

7.- Recoñecemento da obriga a favor da empresa CLECE, S.A., pola factura nº, 02148000014522F, correspondente ao contrato de servizos "SERVIZO DE LIMPEZA DE EDIFICIOS E INSTALACIÓNS DEPENDIENTES DO CONCELLO DE VILAGARCÍA DE AROUSA", no que están incluídas as instalacións do Recinto de Fexdega (Oficina na que se ubica a Fundación de Deportes, Hall explanada, seminarios, accesos exteriores, e subministro de celulosa, xabón e unidades hixiénicos sanitarias), mes de maio, aprobado pola Xunta de Goberno Local en sesión con data 06/09/2021, por importe de 2.512,11 €., con cargo á partida 342-227,00. Así como dáse conta do informe da Sra. interventora/delegada de data 01/06/2017 en relación ao mantemento do reparo sinalado no informe de 26 de abril do presente ano, dado que está pendiente a tramitación do expediente de Convenio de uso da devandita instalación e da Resolución do Sr. presidente de levantamento de reparos con data 02/05/2017.

Praza Ravella, 1
36600 · Vilagarcía de Arousa
T 986 56 68 98
CIF: P/8660001-B
fdeportes@vilagarcia.es ·www.vilagarcia.es

8.- Recoñecemento da obriga a favor da empresa DISTRIBUCIONES FROIZ S.A.U., pola fra. nº 151-1-05/68, correspondente á adquisición de picnic e augas para os participantes, pola celebración do CAMPIONATO GALEGO DE ATLETISMO DE DEPORTE ADAPTADO, aprobado pola Resolución do Sr. presidente con data 09/05/2022 e conforme informe da dirección deportiva, por importe de 264,00 €, con cargo á partida 342-226,09.

De conformidade co disposto nos vixentes Estatutos da Fundación de Deportes.

R E S O L V O:

1.- Aprobar o recoñecemento da obriga a favor da relación de facturas con acordos previos, mes de maio , de expedientes que foron aprobados o seu gasto polo Consello Reitor ou Resolución do Sr. presidente, por importe total de 32.135,21 €.

2.- Que a presente Resolución sexa dada conta ao Consello Reitor da Fundación de Deportes, na vindeira sesión que celebre.

Así o dispón e asina o Sr. presidente da Fundación de Deportes, en Vilagarcía de Arousa, a trinta e un de maio de dous mil vinte e dous, ante mín a secretaria/delegada, que Certifica.

Concello de
Vilagarcía de Arousa
Fundación de Deportes

Praza Ravella, 1
36600 · Vilagarcía de Arousa
T 986 56 68 98
CIF: P/8660001-B
fdeportes@vilagarcia.es ·www.vilagarcia.es

RESOLUCIÓN DO SR. PRESIDENTE DA FUNDACIÓN PÚBLICA DE SERVIZOS DEPORTIVOS MUNICIPAIS DO EXCMO. CONCELLO DE VILAGARCÍA DE AROUSA
D. ARGIMIRO SERÉN MERA

Vista e comprobada a relación de facturas correspondente ao subministro de Enerxía Eléctrica das instalacións deportivas municipais e Gas Natural do depósito da caldeira do Pavillón nº 1 do Complexo Deportivo Municipal Fontecarmoa, mes de maio, por importe total de 17.780,95 €, que se presenta para o seu recoñecemento da obriga.

De conformidade co disposto nos vixentes Estatutos da Fundación de Deportes.

R E S O L V O:

1.- Aprobar o recoñecemento da obriga da Relación de Facturas correspondente ao subministro de Enerxía Eléctrica das instalacións deportivas municipais municipais e Gas Natural do depósito da caldeira do Pavillón nº 1 do Complexo Deportivo Municipal Fontecarmoa, mes de maio, por importe total de 17.780,95 €, con cargo ás partidas 342-221,00 e 342-221,02 respectivamente.

2.- Que a presente Resolución sexa dada conta ao Consello Reitor da Fundación de Deportes, na vindeira sesión que celebre.

Así o dispón e asina o Sr. presidente da Fundación de Deportes, en Vilagarcía de Arousa, a trinta e un de maio de dous mil vinte e dous, ante mín a secretaria/delegada, que Certifica.

Concello de
Vilagarcía de Arousa
Fundación de Deportes

Praza Ravella, 1
36600 · Vilagarcía de Arousa
T 986 56 68 98
CIF: P/8660001-B
fdeportes@vilagarcia.es ·www.vilagarcia.es

RESOLUCIÓN DO SR. PRESIDENTE DA FUNDACIÓN PÚBLICA DE SERVIZOS DEPORTIVOS MUNICIPAIS DO EXCMO. CONCELLO DE VILAGARCÍA DE AROUSA
D. ARGIMIRO SERÉN MERA

Visto o escrito do I.E.S. Fermín Bouza Brey no que solicita, autorización do uso do pavillón nº 1 do Complexo Deportivo Municipal Fontecarmoa, para a celebración do "CLINIC ADESTRADORES", dirixido a adestradores, alumnado dos Ciclos Formativos Técnico Deportivo de Baloncesto e mestres, os vindeiros días 24 e 25 do presente mes, de 16:00-21:00 horas (24/06/2022) e, de 09:30-14:00 horas e 16:00-20:30 horas (25/06/2022). Así como visto o informe do Sr. director Deportivo en relación ao asunto.

De conformidade co disposto nos vixentes Estatutos da Fundación de Deportes.

R E S O L V O:

1.- Autorizar ao I.E.S. Fermín Bouza Brey, o uso do pavillón nº 1 do Complexo Deportivo Municipal Fontecarmoa, para a celebración do "CLINIC ADESTRADORES", dirixido a adestradores, alumnado dos Ciclos Formativos Técnico Deportivo de Baloncesto e mestres, os vindeiros días 24 e 25 do presente mes, no horario que a continuación se indica:

DÍA	**HORAS**
24/06/22	16:00-21:00 horas
25/06/22	09:30-14:00 horas
	16:00-20:30 horas

O que xenerará o día 24 de xuño ao ser festivo a realización de horas extraordinarias dun operario-conserxe do Servizo de Mantemento, que supón un custo total de 16,45 €/h., con cargo á partida 342-151/13001).

2.- Comunicáselle que deberá deixar a devandita instalación, nas mesmas condicións en que se lle presta e, responsabilizándose dos danos ou desperfectos que poideran causarse na mesma polos participantes na citada actividade.

Praza Ravella, 1
36600 · Vilagarcía de Arousa
T 986 56 68 98
CIF: P/8660001-B
fdeportes@vilagarcia.es ·www.vilagarcia.es

3.- Comunicarlle que deberá cumprir, co establecido no Regulamento Interno das instalacións deportivas Municipais, en materia de publicidade e Ordenanza Municipal de Ruídos e Vibracións, adaptando as súa emisións sonoras aos límites establecidos na mesma.

4.- Comunicarlle que previo á celebración da devandita actividade-evento (data límite antelación de 72 horas), deberá presentar a póliza de Seguros de Responsabilidade Civil e a póliza de seguros de accidentes para todos os participantes da devandita actividade.

5.- Comunicarlle que deberá cumprir coa normativa vixente en materia de Seguridade e Protección das persoas que asistan á actividade, indicándolle que:

a) A/s porta/s de emerxencia e as vías de evacuación manteranse desbloqueadas e libres de obstáculos en todo momento durante o desenvolvemento da actividade, non estando permitido facer outro uso das mesmas (instalación de mobiliario, pasos de mangueiras, tubos, cables, etc…).

b) Non se permite a instalación de ningún elemento que oculte ou dificulte a visualización da sinalización de evacuación, nin das luminarias de emerxencias existentes.

c) Non se permite dentro da instalación o uso de ningún elemento inflamable ou explosivo.

Así como lémbraselle a prohibición da venda de tabaco e bebidas alcohólicas e, a entrada de vasos ou obxectos de vidrio nas instalacións deportivas, conforme ao Regulamento Interno da Fundación de Deportes, aprobado polo Consello Reitor con data 06/06/2013 e a súa normativa vixente.

6.- Que a presente Resolución sexa dada conta ao Consello Reitor da Fundación de Deportes, na vindeira sesión que celebre.

Así o dispón e asina o Sr. presidente da Fundación de Deportes, en Vilagarcía de Arousa, a un de xuño de dous vinte e dous, ante mín a secretaria/delegada, que Certifica.

Concello de
Vilagarcía de Arousa
Fundación de Deportes

Praza Ravella, 1
36600 · Vilagarcía de Arousa
T 986 56 68 98
CIF: P/8660001-B
fdeportes@vilagarcia.es ·www.vilagarcia.es

RESOLUCIÓN DO SR. PRESIDENTE DA FUNDACIÓN PÚBLICA DE SERVIZOS DEPORTIVOS MUNICIPAIS DO EXCMO. CONCELLO DE VILAGARCÍA DE AROUSA
D. ARGIMIRO SERÉN MERA

Visto o escrito da Federación Galega de Rugbi no que solicita, autorización do uso dunha instalación deportiva municipal, para un adestramento da Selección Galega M23 masculina, o vindeiro día 4 do presente mes, de 12:00-14:00 horas. Así como visto o informe do Sr. director Deportivo en relación ao asunto.

De conformidade co disposto nos vixentes Estatutos da Fundación de Deportes.

R E S O L V O:

1.- Autorizar á Federación Galega de Rugbi, o uso do Campo de Herba do Estadio de Atletismo do Complexo Deportivo Municipal Fontecarmoa, para un adestramento da Selección Galega M23 masculina, o vindeiro día 4 do presente mes, de 12:00-14:00 horas.

2.- Comunicarlle que deberá deixar nas mesmas condicións en que se lle presta a citada instalación e, responsabilizándose dos danos ou desperfectos que poideran causar os participantes na citada actividade.

3.- Que a presente Resolución sexa dada conta ao Consello Reitor da Fundación de Deportes, na vindeira sesión que celebre.

Así o dispón e asina o Sr. presidente da Fundación de Deportes, en Vilagarcía de Arousa, a un de xuño de dous mil vinte e dous, ante mín a secretaria/delegada, que Certifica.

Concello de
Vilagarcía de Arousa
Fundación de Deportes

Praza Ravella, 1
36600 · Vilagarcía de Arousa
T 986 56 68 98
CIF: P/8660001-B
fdeportes@vilagarcia.es ·www.vilagarcia.es

RESOLUCIÓN DO SR. PRESIDENTE DA FUNDACIÓN PÚBLICA DE SERVIZOS DEPORTIVOS MUNICIPAIS DO EXCMO. CONCELLO DE VILAGARCÍA DE AROUSA
D. ARGIMIRO SERÉN MERA

Visto o escrito da Federación Galega de Baloncesto no que solicita, autorización do uso do Pavillón nº 1 do Complexo Deportivo Municipal Fontecarmoa, para o desenvolvemento das Finais do Play Off da Liga Junior Feminina e Masculina, o vindeiro día 4 do presente mes, de 9:30-14:30 horas. Así como visto o informe do Sr. director Deportivo en relación ao asunto.

De conformidade co disposto nos vixentes Estatutos da Fundación de Deportes.

R E S O L V O:

1.- Autorizar á Federación Galega de Baloncesto, o uso do Pavillón nº 1 do Complexo Deportivo Municipal Fontecarmoa, para o desenvolvemento das Finais do Play Off da Liga Junior Feminina e Masculina, o vindeiro día 4 do presente mes, de 9:30-14:00 horas.

2.- Comunicarlle que deberá deixar nas mesmas condicións en que se lle presta a citada instalación e, responsabilizándose dos danos ou desperfectos que poideran causar os participantes na citada actividade.

3.- Que a presente Resolución sexa dada conta ao Consello Reitor da Fundación de Deportes, na vindeira sesión que celebre.

Así o dispón e asina o Sr. presidente da Fundación de Deportes, en Vilagarcía de Arousa, a un de xuño de dous mil vinte e dous, ante mín a secretaria/delegada, que Certifica.

Concello de
Vilagarcía de Arousa
Fundación de Deportes

Praza Ravella, 1
36600 · Vilagarcía de Arousa
T 986 56 68 98
CIF: P/8660001-B
fdeportes@vilagarcia.es ·www.vilagarcia.es

RESOLUCIÓN DO SR. PRESIDENTE DA FUNDACIÓN PÚBLICA DE SERVIZOS DEPORTIVOS MUNICIPAIS DO EXCMO. CONCELLO DE VILAGARCÍA DE AROUSA
D. ARGIMIRO SERÉN MERA

Visto o escrito da Asociación Deportiva e Cultural EncestaRías no que solicita, con motivo da celebración da Claúsura da MASTER SENIOR LEAGUE, ano 2022, o vindeiro día 11 do presente mes, de 09:00-14:00 horas, o seguinte:

- Autorización do uso da Praza de Galicia.
- Autorización da pista do Pavillón Municipal Castelao no caso de inclemencias metereolóxicas.
- Cesión dunha canastra reglamentaria de baloncesto, 200 cadeiras, 3 carpas, 3 mesas, 1 marcador portátil, un equipo de Son e un punto de corriente.

Asemade visto o informe do Sr. director Deportivo en relación ao asunto.

De conformidade co disposto nos vixentes Estatutos da Fundación de Deportes.

R E S O L V O:

1.- Remitir a solicitude da Asociación Deportiva e Cultural EncestaRías, de autorización do uso da Praza de Galicia, para a celebración da Claúsura da MASTER SENIOR LEAGUE, ano 2022, o vindeiro día 11 do presente mes, de 09:00-14:00 horas á Xunta de Goberno Local, para a súa aprobación, se procede. Así como darlle traslado da súa petición á Concellería de Seguridade Cidadá, Departamento da Policía Local do Excmo. Concello de Vilagarcía de Arousa, para a emisión do correspondente informe.

2.- Autorizar o uso do Pavillón Municipal Castelao, no caso de inclemencias metereolóxica. Sinalándolle que o aforo máximo total do devandito Pavillón é de 100 persoas, que non poderá excederse en ningún momento.

3.- Aprobar a cesión dunha canastra de baloncesto reglamentaria, dun marcador portátil e dunha alargadeira, sempre e tanto de ser autorizada a devandita actividade pola Xunta de Goberno Local, responsabilizándose dos danos ou desperfectos que poideran causarse no citado material polos participantes da devandita actividade e, que polo Servizo de

Praza Ravella, 1
36600 · Vilagarcía de Arousa
T 986 56 68 98
CIF: P/8660001-B
fdeportes@vilagarcia.es ·www.vilagarcia.es

Mantemento se leve a cabo a colaboración da súa colocación, dentro das dispoñibilidades existentes do Servizo de Mantemento, na súa xornada laboral, sen que isto xenere horas extraordinarias ao Servizo.

4.- Trasladar aos departamentos do Excmo. Concello de Vilagarcía de Arousa que a continuación se relacionan as necesidades de colaboración, para a súa aprobación, se procede:

. Deparamento de Obras, a cesión de 200 cadeiras e 3 carpas.

. Departamento do Auditorio, a cesión e montaxe dun equipo de Son.

. Departamento de electricidade, a instalación dun cadro eléctrico.

5.- Comunicarlle que previo ao inicio da celebración do citado evento (data límite antelación de 72 horas), deberá presentar un calendario de encontros, o número de compoñentes de cada equipo, así como a póliza de Seguros de Responsabilidade Civil e a póliza de seguros de accidentes para todos os participantes da devandita actividade.

6.- Comunícaselle que deberá tomar todas as medidas preventivas co fin de dar cumprimento as normativas de aplicación vixentes en materia de Seguridade e Protección das persoas que asistan ao devandito evento.

7.- Que a presente Resolución sexa dada conta ao Consello Reitor da Fundación de Deportes, na vindeira sesión que celebre.

Así o dispón e asina o Sr. presidente da Fundación de Deportes, en Vilagarcía de Arousa, a dous de xuño de dous mil vinte e dous, ante mín a secretaria/delegada, que Certifica.

Concello de
Vilagarcía de Arousa
Fundación de Deportes

Praza Ravella, 1
36600 · Vilagarcía de Arousa
T 986 56 68 98
CIF: P/8660001-B
fdeportes@vilagarcia.es ·www.vilagarcia.es

RESOLUCIÓN DO SR. PRESIDENTE DA FUNDACIÓN PÚBLICA DE SERVIZOS DEPORTIVOS MUNICIPAIS DO EXCMO. CONCELLO DE VILAGARCÍA DE AROUSA
D. ARGIMIRO SERÉN MERA

Visto o escrito do Club Olimpic-Vilagarcía no que solicita, con motivo da celebración dunha Macroexhibición de Taekwondo Santa Rita, o vindeiro día 24 do presente mes, o seguinte:

- Autorización da Praza da II República o citado día, de 17:00-22:00 horas (montaxe, desenvolvemento e desmontaxe).
- A colaboración do transporte do tapiz do ximnasio á devandita praza e regreso.
- A cesión de 50 valadas para delimitar o recinto, 300 cadeiras, 6 mesas tipo pupitre, 2 colectores de lixo e un Equipo de Son.
- A realización de 100 carteis publicitarios do citado evento.
- Concesión de 150 medallas para entregar aos participantes.

Así como visto o informe do Sr. director Deportivo en relación ao asunto.

De conformidade co disposto nos vixentes Estatutos da Fundación de Deportes.

R E S O L V O:

1.- Remitir a solicitude do Club Olimpic-Vilagarcía, para a celebración dunha Macroexhibición de Taekwondo, o vindeiro día 24 do presente mes, de autorización da Praza da II República o citado día, de 17:00-22:00 horas (montaxe, desenvolvemento e desmontaxe), á Xunta de Goberno Local, así como darlle traslado da súa petición á Concellería de Seguridade Cidadá, Departamento da Policía Local do Excmo. Concello de Vilagarcía de Arousa, para a emisión do correspondente informe previa a súa aprobación, se procede.

2.- Aprobar a realización do transporte do tapiz dende o ximnasio á Praza da II República e regreso, o que xenerará ao ser festivo a realización de horas extraordinarias dun operario-conserxe do Servizo de Mantemento (que supón un custo total de 16,45 €/h.,con cargo á partida 342-151/13001).

Praza Ravella, 1
36600 · Vilagarcía de Arousa
T 986 56 68 98
CIF: P/8660001-B
fdeportes@vilagarcia.es ·www.vilagarcia.es

3.- Trasladar aos departamentos do Excmo. Concello de Vilagarcía de Arousa que a continuación se relacionan as necesidades de colaboración, para a súa aprobación, se procede:

. Departamento de Obras, a cesión de 6 mesas de pupitre, 300 cadeiras e 50 valadas.

. Departamento de Auditorio, a cesión dun Equipo de Son.

. Departamento de Medio Ambiente, a cesión de 2 colectores.

. Departamento de Comunicación, a súa solicitude de elaboración de 100 carteis publicitarios do devandito evento.

4.- Conceder 150 medallas para os participantes no evento solicitando presuposto á empresa DEPORTES RODAS, S.L. por importe total de 270,00 €.

5.- Comunicarlle que previo ao inicio do montaxe/celebración da citada actividade-evento (data límite antelación de 72 horas), deberá presentar a seguinte documentación:

5.1) A póliza de Seguros de Responsabilidade Civil e a póliza de seguros de accidentes para todos os participantes da devandita actividade.

5.2) Documentación que acredite a circunstancia de traballador ou voluntariado (declaración xurada da persoa) e, o compromiso por escrito de xeito pormenorizado de manter o cumprimento de todas as súas obrigas (declaración xurada do Club/Entidade Deportiva).

6.- Que a presente Resolución sexa dada conta ao Consello Reitor da Fundación de Deportes, na vindeira sesión que celebre.

Así o dispón e asina o Sr. presidente da Fundación de Deportes, en Vilagarcía de Arousa, a seis de xuño de dous mil vinte e dous, ante mín a secretaria xeral, que Certifica.

Concello de
Vilagarcía de Arousa
Fundación de Deportes

Praza Ravella, 1
36600 · Vilagarcía de Arousa
T 986 56 68 98
CIF: P/8660001-B
fdeportes@vilagarcia.es ·www.vilagarcia.es

RESOLUCIÓN DO SR. PRESIDENTE DA FUNDACIÓN PÚBLICA DE SERVIZOS DEPORTIVOS MUNICIPAIS DO EXCMO. CONCELLO DE VILAGARCÍA DE AROUSA
D. ARGIMIRO SERÉN MERA

Visto o escrito do Club Vilagarcía, S.D. no que solicita, autorización do uso do Campo de Fútbol Municipal de Berdón, para a celebración dunha Festa Final de Tempada para todos os seus deportistas e colaboradores, o vindeiro día 17 do presente mes, de 20:00-23:00 horas. Así como a cesión de 15 mesas grandes e un pequeno palco. Asemade visto o informe do Sr. director Deportivo en relación ao asunto.

De conformidade co disposto nos vixentes Estatutos da Fundación de Deportes.

R E S O L V O:

1.- Autorizar ao Club Vilagarcía, S.D., o uso do Campo de Fútbol Municipal de Berdón, para a celebración dunha Festa Final de Tempada para todos os seus deportistas e colaboradores, o vindeiro día 17 do presente mes, de 20:00-23:00 horas. Asemade comunícaselle que deberá deixar a citada instalación nas mesmas condicións en que se lle presta e responsabilizándose dos danos ou desperfectos que poideran causarse na devandita instalación polos participantes na citada actividade.

2.- Trasladar ao Departamento de Obras do Excmo. Concello de Vilagarcía de Arousa, a súa petición de cesión de 15 mesas grandes e 1 palco (4X3), para a súa aprobación, se procede.

3.- Comunicarlle que, no caso de entrega de alimentos e/ou bebidas aos participantes da citada actividade, o persoal deberá estar habilitado segundo a lexislación vixente, debendo presentar antes do inicio da devandita actividade o/s Carné/s de manipulador de alimentos do persoal que vaian a realizar os citados traballos durante o desenvolvemento do devandito Torneo. Así como, no seu caso, de consumo de alimentos e bedidas, que non estén en envases debidamente precintados, deberán certificar o cumprimento da lexislación relativa a seguridade alimentaria e, se a elaboración se leva a cabo na propia instalación, certificación

Praza Ravella, 1
36600 · Vilagarcía de Arousa
T 986 56 68 98
CIF: P/8660001-B
fdeportes@vilagarcia.es ·www.vilagarcia.es

do cumprimento de seguridade alimentaria das instalacións implicadas no proceso de elaboración.

4.- Comunícaselle que deberá cumprir coa normativa vixente en materia de Seguridade e Protección das persoas que asistan á actividade, indicándolle que:

a) A/s porta/s de emerxencia e as vías de evacuación manteranse desbloqueadas e libres de obstáculos en todo momento durante o desenvolvemento da actividade, non estando permitido facer outro uso das mesmas (instalación de mobiliario, pasos de mangueiras, tubos, cables, etc…).

b) Non se permite a instalación de ningún elemento que oculte ou dificulte a visualización da sinalización de evacuación, nin das luminarias de emerxencias existentes.

c) Non se permite dentro da instalación o uso de ningún elemento inflamable ou explosivo.

5.- Lémbraselles a prohibición da venda de tabaco e bebidas alcohólicas e, a entrada de vasos ou obxectos de vidrio nas instalacións deportivas, conforme ao Regulamento Interno da Fundación de Deportes, aprobado polo Consello Reitor con data 06/06/2013 e a súa normativa vixente.

6.- Que a presente Resolución sexa dada conta ao Consello Reitor da Fundación de Deportes, na vindeira sesión que celebre.

Así o dispón e asina o Sr. presidente da Fundación de Deportes, en Vilagarcía de Arousa, a seis de xuño de dous mil vinte e dous, ante mín a secretaria/delegada, que Certifica.

Concello de
Vilagarcía de Arousa
Fundación de Deportes

Praza Ravella, 1
36600 · Vilagarcía de Arousa
T 986 56 68 98
CIF: P/8660001-B
fdeportes@vilagarcia.es ·www.vilagarcia.es

RESOLUCIÓN DO SR. PRESIDENTE DA FUNDACIÓN PÚBLICA DE SERVIZOS DEPORTIVOS MUNICIPAIS DO EXCMO. CONCELLO DE VILAGARCÍA DE AROUSA
D. ARGIMIRO SERÉN MERA

Vista a Resolución do Sr. presidente con data 06/06/2022, no que se aproba conceder ao Club Olimipic Vilagarcia 150 medallas para entregar aos participantes na MACROEXHIBICIÓN DE TAEKWONDO SANTA RITA. Así como visto o informe-proposta do Sr. presidente conforme ao informe-proposta do Sr. director Deportivo, para a aprobación de adquisición das citadas medallas, presentando presuposto da empresa DEPORTES RODAS VILAGARCÍA, S.L., por importe de 270,00 €. (I.V.E. incluído).

De conformidade co disposto nos vixentes Estatutos da Fundación de Deportes.

R E S O L V O:

1.- Adxudicar a adquisición de 150 medallas á empresa DEPORTES RODAS VILAGARCÍA, S.L., para entrega aos participantes na MACROEXHIBICIÓN DE TAEKWONDO SANTA RITA, a través dun contrato menor de subministro, por importe de 270,00 €. (I.V.E. incluído), con cargo á partida 342-226,9901.

2.- Que a presente Resolución sexa dada conta ao Consello Reitor da Fundación de Deportes, na vindeira sesión que celebre.

Así o dispón e asina o Sr. presidente da Fundación de Deportes, en Vilagarcía de Arousa, oito de xuño de dous mil vinte e dous, ante mín a secretaria/delegada, que Certifica.

Concello de
Vilagarcía de Arousa
Fundación de Deportes

Praza Ravella, 1
36600 · Vilagarcía de Arousa
T 986 56 68 98
CIF: P/8660001-B
fdeportes@vilagarcia.es ·www.vilagarcia.es

RESOLUCIÓN DO SR. PRESIDENTE DA FUNDACIÓN PÚBLICA DE SERVIZOS DEPORTIVOS MUNICIPAIS DO EXCMO. CONCELLO DE VILAGARCÍA DE AROUSA
D. ARGIMIRO SERÉN MERA

Vistos os escritos do Club Arosa S.C. no que solicita, autorización do uso do Estadio Municipal A Lomba ou o Parque da Xunqueira, para a celebración dunha Gala Final da Tempada 2021/22 para todos os seus deportistas de categorías base, o vindeiro día 17 do presente mes, a partir das 20:00 horas. Así como a cesión de 200 cadeiras, un equipo de Son e unha pantalla led para reproducción das imaxes e vídeos dos equipos base. Asemade visto o informe do Sr. director Deportivo en relación ao asunto.

De conformidade co disposto nos vixentes Estatutos da Fundación de Deportes.

R E S O L V O:

1.- Comunicar ao Club Arosa, S.C., que non é posible acceder a súa petición da utilización do Estadio Municipal de A Lomba, ao estarse realizando na actualidade labores de rexeneración anual do terreo de xogo cara a vindeira tempada.

2.- Remitir a solicitude de autorización de uso do Parque da Xunqueira (Escencario, pistas polideportivas e graderío), para a celebración dunha Gala Final da Tempada 2021/22 para todos os seus deportistas de categorías base, o vindeiro día 17 do presente mes, a partir das 20:00 horas. Así como darlle traslado da súa petición á Concellería de Seguridade Cidadá, Departamento da Policía Local do Excmo. Concello de Vilagarcía de Arousa, para a emisión do correspondente informe.

2.- Trasladar aos departamentos do Excmo.Concello de Vilagarcía de Arousa que a continuación se relacionan as necesidades de colaboración, para a súa aprobación, se procede:

. Servizo de Obras, a cesión de 200 cadeiras.

. Servizo do Auditorio, a cesión dun Equipo de Son.

Praza Ravella, 1
36600 · Vilagarcía de Arousa
T 986 56 68 98
CIF: P/8660001-B
fdeportes@vilagarcia.es ·www.vilagarcia.es

3.- Comunicarlle que, no relativo o cesión dunha pantalla LED de 420x240 m, indicarlle que nin o Concello nin a Fundación de Deportes dispoñen da devandita pantalla, debendo facerse cargo o gasto do aluguer da mesma, no seu caso, a entidade organizadora do evento ao ser un gasto propio da súa organización.

4.- Que a presente Resolución sexa dada conta ao Consello Reitor da Fundación de Deportes, na vindeira sesión que celebre.

Así o dispón e asina o Sr. presidente da Fundación de Deportes, en Vilagarcía de Arousa, a oito de xuño de dous mil vinte e dous, ante mín a secretaria/delegada, que Certifica.

Concello de
Vilagarcía de Arousa
Fundación de Deportes

Praza Ravella, 1
36600 · Vilagarcía de Arousa
T 986 56 68 98
CIF: P/8660001-B
fdeportes@vilagarcia.es ·www.vilagarcia.es

RESOLUCIÓN DO SR. PRESIDENTE DA FUNDACIÓN PÚBLICA DE SERVIZOS DEPORTIVOS MUNICIPAIS DO EXCMO. CONCELLO DE VILAGARCÍA DE AROUSA
D. ARGIMIRO SERÉN MERA

Vistos os escritos do Club Balonmano Arousa no que solicita, autorización do uso do Pavillón Municipal de Carril, para a celebración do CAMPUS DE BALONMÁN, dirixido aos nenos/as de toda a Comarca nados entre 2010-2015 (ambos inclusive), ofertando un total de 50 prazas, cunha cota de inscrición de 120,00 €/neno/a , do 4 ao 15 xullo do presente ano, de 09:30-14:00 horas. Así como visto o informe do Sr. director Deportivo en relación ao asunto.

De conformidade co disposto nos vixentes Estatutos da Fundación de Deportes.

R E S O L V O:

1.- Autorizar ao Club Balonmano Arousa, o uso en precario do Pavillón Municipal de Carril, para a celebración do CAMPUS DE BALONMÁN, dirixido aos nenos/as de toda a Comarca nados entre 2010-2015 (ambos inclusive), do 4 ao 15 de xullo do presente ano, de 09:00-14:00 horas.

2.- Comunícaselle que deberá deixar a citada instalación deportiva nas mesmas condicións en que se lle presta e responsabilizarse dos danos ou desperfectos que poideran causarse nas devanditas instalacións polos participantes na citada actividade.

3.- Conforme ao Acordo Regulador nº III.5 en vigor e o Convenio Económico asinado con esta Fundación de Deportes e, dado que esta actividade non é considerada unha actividade federada, non se pode aplicar a bonificación do 100% dos prezos públicos correspondentes. Polo que conforme aos acordos dos Consellos Reitores en sesións con data 25/05/2016 e 04/04/2019, donde se aprobou o borrador de Convenio Económico de utilización das instalacións deportivas municipais, para a realización de actividades non federadas (Escolas Deportivas, Campus, etc…) e, no que se estableceron os seguintes criterios:

“ a) 100% de bonificación para aqueles Clubes/Entidades Deportivas, rexistrados na Fundación de Deportes, que teñan actividade deportiva federada de base na mesma modalidade deportiva na que se desenvolve o campus ou actividade formativa

Praza Ravella, 1
36600 · Vilagarcía de Arousa
T 986 56 68 98
CIF: P/8660001-B
fdeportes@vilagarcia.es ·www.vilagarcia.es

b) 50% de bonificación para aqueles Clubes/Entidades Deportivas rexistrados na Fundación de Deportes.

Así como se establece a creación de becas, dun 10% das inscricións ofertadas, para a inscrición de alumnos/as que xestionará directamente a Fundación de Deportes e, que será dirixido a nenos/as empadroados no noso Municipio e con baixos recursos económicos, que recibirá o mesmo trato e obsequios que os demáis alumnos/as."

Polo que deberá presentar no prazo improrrogable de cinco días hábiles a súa solicitude de aprobación e subscrición do Convenio correspondente segundo os criterios indicados no parágrafo anterior ou, no caso seu caso, pagar a cota do prezo público polo uso do citado pavillón conforme o que establece o artigo 8 do Acordo Regulador nº III.5 que a continuación se indica:

"ARTIGO 8: ACTIVIDADES DEPORTIVAS EN INSTALACIÓNS DEPORTIVAS

TARIFAS:

	Tarifa Mínima Hora	% S/Ingresos Bruta
Instalacións exteriores..	6,00	10%
Instalacións interiores	**9,00 .....**	**10%**

Nota: Estas tarifas cubren os gastos de limpeza, persoal, etc.

Adicional: Nas instalacións deportivas, onde se desenvolvan actividades fóra das horas normais de utilización, incrementanse as tarifas en SESENTA CÉNTIMOS euros/hora e persoal a parte".

4.- Comunicarlle que deberá na maior brevidade posible, presentar ó numero total de inscritos do devandito Campus, para poder levar a cabo o cálculo do custo total a abonar polo uso do citado pavillón e/ou, no seu caso, de aprobación da subscrición do correspondente Convenio, establecer a creación de becas, dun 10% das inscricións ofertadas, correspondendolle a esta actividade un total de 5 becas, para a inscrición de cinco alumnos/as, que xestionará directamente a Fundación de Deportes e, que será dirixido a nenos/as empadroados no noso Municipio e con baixos recursos económicos, que recibirá o mesmo trato e obsequios que os demáis alumnos/as.

Praza Ravella, 1
36600 · Vilagarcía de Arousa
T 986 56 68 98
CIF: P/8660001-B
fdeportes@vilagarcia.es ·www.vilagarcia.es

5.- Comunicarlle que, en caso necesario, para o desenvolvemento desta actividade deberán cumprir coas medidas establecidas no Protocolo Fiscovid da Federación Galega de Balonmán.

Visto o informe-proposta do Sr. director Deportivo, relativa á necesidade de cubrir aas vacacións, asuntos propios e compesación de horas do Sr. encargado do Servizo de Mantemento D. Francisco Javier Vicente Maneiro, do 29 de xullo ao 13 de outubro do presente ano. Así como vista á resolución do Sr. presidente con data 10/03/2022, no que se acorda "1.- Nomear ao operario-conserxe D. Juan Jose Ventoso Fuentes, como Encargo Accidental do Servizo de Mantemento da Fundación de Deportes, para cubrir os permisos correspondentes a vacacións, asuntos propios ou outras causas de ausencia (baixas, compensación de horas, etc…) de D. Francisco Javier Vicente Maneiro, con efectos retroactivos do 1 de marzo de 2022". Polo de acordo á devandita Resolución, o Sr. Ventoso cubrirá o periodo de ausencia do Sr. Vicente e, polo que se propón que perciba un plus de productividade, por importe correspondente ao días exercidos como encargado Accidental, do importe do complemento de 319,71€/mes (cantidade que recibe o encargado do servizo de mantemento como complemento por exercer esta función), sen que o mesmo sexa descontado ao Encargado titular por ter dereito as vacacións e ausencias do seu posto de traballo.

De conformidade co disposto nos vixentes Estatutos da Fundación de Deportes.

R E S O L V O:

1.- Aprobar o abono en nómina dun plus de productividade, por importe correspondente aos días exercidos como encargado Accidental do Servizo de Mantemento da Fundación de Deportes, periodo do 29 de xullo ao 13 de outubro do presente ano, do complemento por importe de 319,71 €/mes (cantidade que recibe o encargado do servizo de mantemento como complemento por exercer esta función), sen que o mesmo sexa descontado ao Encargado titular por ter dereito a causar baixa por enfermidade no seu posto de traballo, con cargo á aplicación presupostaria 342-130,0205.

2.- Dar traslado da presente resolución ao departamento de Persoal, para o seu coñecemento.

Praza Ravella, 1
36600 · Vilagarcía de Arousa
T 986 56 68 98
CIF: P/8660001-B
fdeportes@vilagarcia.es ·www.vilagarcia.es

3.- Que a presente Resolución sexa dada conta ao Consello Reitor da Fundación de Deportes, na vindeira sesión que celebre.

Así o dispón e asina o Sr. presidente da Fundación de Deportes, en Vilagarcía de Arousa, a catro de agosto de dous mil vinte e dous, ante mín a secretaria Xeral/accidental, que Certifica.

Concello de
Vilagarcía de Arousa
Fundación de Deportes

Praza Ravella, 1
36600 · Vilagarcía de Arousa
T 986 56 68 98
CIF: P/8660001-B
fdeportes@vilagarcia.es ·www.vilagarcia.es

RESOLUCIÓN DO SR. PRESIDENTE DA FUNDACIÓN PÚBLICA DE SERVIZOS DEPORTIVOS MUNICIPAIS DO EXCMO. CONCELLO DE VILAGARCÍA DE AROUSA
D. ARGIMIRO SERÉN MERA

Visto o escrito presentado pola Federación Galega de Baloncesto, no que solicita autorización do uso do Pavillón Municipal de Castelao, para a realización dun curso de adestradores de baloncesto, os vindeiros días 2, 3 e 4 de setembro do presente ano, no seguinte horario:

DÍA	**HORAS**
02/09/2022	16:00-21:00 horas
03 e 04/09/2022	09:00–14:00 horas
	16:00–21:00 horas

Así como visto o informe do Sr. directo Deportivo en relación ao asunto.

De conformidade co disposto nos vixentes Estatutos da Fundación de Deportes.

R E S O L V O:

1.- Autorizar á Federación Galega de Baloncesto, o uso do Pavillón Municipal de Castelao, para a realización dun curso de adestradores de baloncesto, os vindeiros días 2, 3 e 4 de setembro do presente ano, no horario que a continuación se indica:

DÍA	**HORAS**
02/09/2022	16:00-21:00 horas
03 e 04/09/2022	09:00–14:00 horas
	16:00–21:00 horas

Así como, comunícaselle que deberá deixar a devandita instalación, nas mesma condicións en que se lle presta e, responsabilizándose dos danos ou desperfecto que poideran causarse na mesma polos participantes na citada actividade.

2.- Comunicarlle que deberá cumprir, co establecido no Regulamento Interno das instalacións deportivas Municipais, en materia de publicidade e Ordenanza Municipal de Ruídos e Vibracións, adaptando as súa emisións sonoras aos límites establecidos na mesma.

Praza Ravella, 1
36600 · Vilagarcía de Arousa
T 986 56 68 98
CIF: P/8660001-B
fdeportes@vilagarcia.es ·www.vilagarcia.es

3.- Comunicarlle que previo ao inicio do montaxe/celebración da citada actividade-evento (data límite antelación de 72 horas), deberá presentar a seguinte documentación a través da Sede Electrónica, no enderezo https://sede.vilagarcia.gal, sección da Fundación de Deportes **(Catálogo de procedementos da Fundación de Deportes – 30001 SOLICITUDE XENÉRICA**, a póliza de Seguros de Responsabilidade Civil e a póliza de seguros de accidentes para todos os participantes da devandita actividade.

4.- Comunicarlle que deberá cumprir coa normativa vixente en materia de Seguridade e Protección das persoas que asistan á actividade, indicándolle que:

a) A/s porta/s de emerxencia e as vías de evacuación manteranse desbloqueadas e libres de obstáculos en todo momento durante o desenvolvemento da actividade, non estando permitido facer outro uso das mesmas (instalación de mobiliario, pasos de mangueiras, tubos, cables, etc…).

b) Non se permite a instalación de ningún elemento que oculte ou dificulte a visualización da sinalización de evacuación, nin das luminarias de emerxencias existentes.

c) Non se permite dentro da instalación o uso de ningún elemento inflamable ou explosivo.

Así como lémbraselle a prohibición da venda de tabaco e bebidas alcohólicas e, a entrada de vasos ou obxectos de vidrio nas instalacións deportivas, conforme ao Regulamento Interno da Fundación de Deportes, aprobado polo Consello Reitor con data 06/06/2013 e a súa normativa vixente.

5.- Que a presente Resolución sexa dada conta ao Consello Reitor da Fundación de Deportes, na vindeira sesión que celebre.

Así o dispón e asina o Sr. presidente da Fundación de Deportes, en Vilagarcía de Arousa, a catro de agosto de dous mil vinte e dous, ante mín a secretaria Xeral/Accidental do Concello, que Certifica.

Concello de
Vilagarcía de Arousa
Fundación de Deportes

Praza Ravella, 1
36600 · Vilagarcía de Arousa
T 986 56 68 98
CIF: P/8660001-B
fdeportes@vilagarcia.es ·www.vilagarcia.es

RESOLUCIÓN DO SR. PRESIDENTE DA FUNDACIÓN PÚBLICA DE SERVIZOS DEPORTIVOS MUNICIPAIS DO EXCMO. CONCELLO DE VILAGARCÍA DE AROUSA
D. ARGIMIRO SERÉN MERA

Visto o escrito do club BBT Castrobikes, no que solicita para a celebración do CAMPIONATO GALEGO DE ENDURO DE MONTAIN BIKE, o vindeiro día 2 de outubro do presente ano, no monte de Xiabre o seguinte:

- Autorización do Concello para a súa celebración.
- Cesión do Recinto Fexdega o vindeiro día 1 de outubro do presente ano de 16:00-18:30 horas, para a entrega de dorsais, así como o día 2 de outubro do presente ano, no desenvolvemento da proba o uso dos vestiarios.
- A colaboración do Servizo de Protección Civil, cun vehículo todoterreno ou Quad de acompañamento no transcurso do percorrido, e o servizo de ambulacia.
- A colaboración da Policía Local para garantir a seguridade da proba.
- A colocación dun palco con dúas rampas e moqueta para a saída das bicicletas e, valadas para marcaxe do pasillo de saída, así como mesas, cadeiras e carpas, para a atención aos participantes na devandita proba.
- A cesión e colocación do arco hinchable da Fundación de Deportes, así como rolos de cinta para marcar o percorrido.

Así como visto o informe do Sr. director Deportivo en relación ao asunto.

De conformidade co disposto nos vixentes Estatutos da Fundación de Deportes.

R E S O L V O:

1.- Remitir a solicitude do club BBT Castrobikes de autorización do percorrido do CAMPIONATO GALEGO DE ENDURO DE MONTAIN BIKE á Xunta de Goberno Local, así como darlle traslado da súa petición á Concellería de Seguridade Cidadá, Departamento da Policía Local do Excmo. Concello de Vilagarcía de Arousa, para a emisión do correspondente informe relativo á presenza durante a saída e chegada dos participantes có fin da seguridade dos mesmos e manter a seguridade vial durante o transcurso dos tramos de camiño e volta ao monte Xiabre, previa a súa aprobación, se procede.

Praza Ravella, 1
36600 · Vilagarcía de Arousa
T 986 56 68 98
CIF: P/8660001-B
fdeportes@vilagarcia.es ·www.vilagarcia.es

2.- Faise constar que o Club presenta o certificado da Federación Galega de Ciclismo en relación aos seguros obrigatorios de Responsabilidade Civil e Seguro de Accidentes para todos os participantes da devandita actividade.

3 Comunicarlle que previo ao inicio do montaxe/celebración da citada actividade-evento (data límite antelación de 72 horas), deberá presentar a seguintre documentación:

Autorizacións do Servizo de Montes da Consellería de Medio Rural e das correspondentes Comunidades de Montes, previa á aprobación pola Xunta de Goberno Local.

Documentación que acredite a circunstancia de traballador ou voluntariado (declaración xurada da persoa, debéndose poñerlles en coñecemento das normas de seguridade e saúde no traballo que fosen de aplicación, así como da obriga de portar identificación) e, o compromiso por escrito de xeito pormenorizado de manter o cumprimento de todas as súas obrigas (declaración xurada do Club/Entidade Deportiva).

4.- Aprobar a cesión do arco hinchable e rolos de cinta (marcaxe do percorrido) para a celebración do devandito evento e, que polo Servizo de Mantemento se leve a cabo o control e colaboración da súa colocación, dentro das dispoñibilidades existentes do Servizo de Mantemento, na súa xornada laboral, sen que isto xenere horas extraordinarias ao Servizo.

5.- Trasladar aos departamentos do Excmo. Concello de Vilagarcía de Arousa que a continuación se relacionan as necesidades de colaboración, para a súa aprobación, se procede:

. Concellería de Promoción Económica, autorización de uso do Recinto Fexdega.

. Departamento de Obras, a cesión e instalación dun palco con dúas rampas, cesión de valados, mesas, cadeiras e carpas para a atención aos participantes na devandita proba.

. Concellería de Seguridade Cidadá e Protección Civil, para a colaboración dos Departamento da Policía Local e Servizo Municipal de Xestión de Emerxencias e Protección Civil, para a súa colaboración de acordo ao seu escrito.

6.- Que a presente Resolución sexa dada conta ao Consello Reitor da Fundación de Deportes, na vindeira sesión que celebre.

Concello de
Vilagarcía de Arousa
Fundación de Deportes

Praza Ravella, 1
36600 · Vilagarcía de Arousa
T 986 56 68 98
CIF: P/8660001-B
fdeportes@vilagarcia.es ·www.vilagarcia.es

Así o dispón e asina o Sr. presidente da Fundación de Deportes, en Vilagarcía de Arousa, a catro de agosto de dous mil vinte e dous, ante mín a secretaria Xeral/Accidental do Concello, que Certifica.

Concello de
Vilagarcía de Arousa
Fundación de Deportes

Praza Ravella, 1
36600 · Vilagarcía de Arousa
T 986 56 68 98
CIF: P/8660001-B
fdeportes@vilagarcia.es ·www.vilagarcia.es

RESOLUCIÓN DO SR. PRESIDENTE DA FUNDACIÓN PÚBLICA DE SERVIZOS DEPORTIVOS MUNICIPAIS DO EXCMO. CONCELLO DE VILAGARCÍA DE AROUSA
D. ARGIMIRO SERÉN MERA

Vistos os escritos do Club Arosa, S.C. no que solicita, autorización de uso do Campo de Fútbol Municipal A Lomba, para levar a cabo os encontros amigables do equipo senior e xuvenil, o vindeiro día 6 de agosto as 19:00 horas (equipo senior) e o 15 de agosto as 12:00 horas (equipo xuvenil). Así como visto o informe do Sr. director Deportivo en relación ao asunto.

De conformidade co disposto nos vixentes Estatutos da Fundación de Deportes.

R E S O L V O:

1.- Autorizar ao Club Arosa, S.C. o uso do Campo de Fútbol Municipal A Lomba, para levar a cabo os encontros amigables do equipo senior e xuvenil, o vindeiro día 6 de agosto as 19:00 horas (equipo senior) e o 15 de agosto as 12:00 horas (equipo xuvenil). Así como, comunicarlle que o 15 de agosto e festivo, polo que xerará a realización de horas extraordinarias dun operario-conserxe do Servizo de Mantemento, que supón un custo de 16,45 €/h., con cargo á partida 342-151/13001.

2.- Comunicarlle que deberá deixar nas mesmas condicións en que se lle presta a citada instalación e, responsabilizándose dos danos ou desperfectos que poideran causar os participantes na citada actividade.

3.- Comunicarlle que a actividade debe contar co seguro de accidentes conforme a Lei 3/2012 do Deporte de Galicia ou coa certificación da Federación Galega de Fútbol conforme os deportistas posuen licenza federativa en vigor.

4.- Comunicarlle que deberá cumprir, co establecido no Regulamento Interno das instalacións deportivas Municipais, en materia de publicidade e Ordenanza Municipal de Ruídos e Vibracións, adaptando as súa emisións sonoras aos límites establecidos na mesma.

Praza Ravella, 1
36600 · Vilagarcía de Arousa
T 986 56 68 98
CIF: P/8660001-B
fdeportes@vilagarcia.es ·www.vilagarcia.es

5.- Comunícaselle que deberá cumprir coa normativa vixente en materia de Seguridade e Protección das persoas que asistan á actividade, indicándolle que:

a) A/s porta/s de emerxencia e as vías de evacuación manteranse desbloqueadas e libres de obstáculos en todo momento durante o desenvolvemento da actividade, non estando permitido facer outro uso das mesmas (instalación de mobiliario, pasos de mangueiras, tubos, cables, etc…).

b) Non se permite a instalación de ningún elemento que oculte ou dificulte a visualización da sinalización de evacuación, nin das luminarias de emerxencias existentes.

c) Non se permite dentro da instalación o uso de ningún elemento inflamable ou explosivo.

Lémbraselles a prohibición da venda de tabaco e bebidas alcohólicas e, a entrada de vasos ou obxectos de vidrio nas instalacións deportivas, conforme ao Regulamento Interno da Fundación de Deportes, aprobado polo Consello Reitor con data 14/09/2017 e a súa normativa vixente.

6.- Que a presente Resolución sexa dada conta ao Consello Reitor da Fundación de Deportes, na vindeira sesión que celebre.

Así o dispón e asina o Sr. presidente da Fundación de Deportes, en Vilagarcía de Arousa, a cinco de agosto de dous mil vinte e dous, ante mín a secretaria Xeral/Accidental do Concello, que Certifica.

Concello de
Vilagarcía de Arousa
Fundación de Deportes

Praza Ravella, 1
36600 · Vilagarcía de Arousa
T 986 56 68 98
CIF: P/8660001-B
fdeportes@vilagarcia.es ·www.vilagarcia.es

RESOLUCIÓN DO SR. PRESIDENTE DA FUNDACIÓN PÚBLICA DE SERVIZOS DEPORTIVOS MUNICIPAIS DO EXCMO. CONCELLO DE VILAGARCÍA DE AROUSA
D. ARGIMIRO SERÉN MERA

Visto o informe-proposta do Sr. director Deportivo, relativa á aprobación dos Criterios/Normas para a elección dos "PREMIOS ANUAIS Á/AO MELLOR DEPORTISTA LOCAL,TEMPADA 2021/22 OU ANO 2021", presentados polo Sr presidente, así como o modelo de proposición do mesmo/a, dado que a entrega dos devanditos premios terá lugar na XXX FESTA LOCAL DO DEPORTE, que se celebrará o vindeiro 30 de setembro do presente ano, sendo necesario abrir o prazo de presentación das candidaturas dende o día 9 de agosto ao 11 de setembro do presente ano(ambos inclusives), coa finalidade de dar un prazo suficiente para a súa presentación.

De conformidade co disposto nos vixentes Estatutos da Fundación de Deportes.

R E S O L V O:

1.- Aprobar por urxencia os Criterios/Normas para a elección dos "PREMIOS ANUAIS Á/AO MELLOR DEPORTISTA LOCAL,TEMPADA 2021/22 OU ANO 2021", así como o modelo de proposición do mesmo/a.

2.-Abrir o prazo de presentación das candidaturas dende o día 9 de agosto ao 11 de setembro do presente ano(ambos inclusives).

3.- Que a presente Resolución se remita ao Consello Reitor da Fundación de Deportes, na vindeira sesión que celebre, para a súa ratificación.

Así o dispón e asina o Sr. presidente da Fundación de Deportes, en Vilagarcía de Arousa, a nove de agosto de dous mil vinte e dous, ante mín a Secretaria Xeral/Accidental, que Certifica.

Concello de
Vilagarcía de Arousa
Fundación de Deportes

Praza Ravella, 1
36600 · Vilagarcía de Arousa
T 986 56 68 98
CIF: P/8660001-B
fdeportes@vilagarcia.es ·www.vilagarcia.es

RESOLUCIÓN DO SR. PRESIDENTE DA FUNDACIÓN PÚBLICA DE SERVIZOS DEPORTIVOS MUNICIPAIS DO EXCMO. CONCELLO DE VILAGARCÍA DE AROUSA
D. ARGIMIRO SERÉN MERA

Vista a proposta do Sr. director Deportivo relativa á aprobación da coorganización co Club Xadrez Fontecarmoa, para a celebración do XVIII MEMORIAL ADOLFO PEDRIDO DE XADREZ 2022, o vindeiro día 24 de setembro do presente ano, no Auditorio Municipal de Vilagarcía de Arousa.

De conformidade co disposto nos vixentes Estatutos da Fundación de Deportes.
R E S O L V O:

1.- Aprobar a coorganización co Club Xadrez Fontecarmoa, para a celebración do XVIII MEMORIAL ADOLFO PEDRIDO DE XADREZ 2022, o vindeiro día 24 de setembro do presente ano, no Auditorio Municipal de Vilagarcía de Arousa.

2.- Aprobar a creación dun Comité Organizador, onde estará representado o Club/Entidade Deportiva solicitante e a Fundación de Deportes, con un representante de cada Entidade e, o que propondrá a aprobación do orzamento de gastos e designación de tarefas, que asumirá cada unha das partes.

3.- Nomear como representantes do citado Comité, por parte da Fundación de Deportes a D. Juan Miguel Doval Blanco, director Deportivo, debendo indicar o Club solicitante ao seu representante.

4.- Que a presente Resolución sexa dada conta ao Consello Reitor da Fundación de Deportes, na vindeira sesión que celebre.

Así o dispón e asina o Sr. presidente da Fundación de Deportes, en Vilagarcía de Arousa, a nove de agosto de dous mil vinte e dous, ante mín a Secretaria Xeral/Accidental, que Certifica.

Concello de
Vilagarcía de Arousa
Fundación de Deportes

Praza Ravella, 1
36600 · Vilagarcía de Arousa
T 986 56 68 98
CIF: P/8660001-B
fdeportes@vilagarcia.es ·www.vilagarcia.es

RESOLUCIÓN DO SR. PRESIDENTE DA FUNDACIÓN PÚBLICA DE SERVIZOS DEPORTIVOS MUNICIPAIS DO EXCMO. CONCELLO DE VILAGARCÍA DE AROUSA
D. ARGIMIRO SERÉN MERA

Visto o escrito do Club Vilarousa Ximnasia no que solicita, autorización do uso de un Pavillón Municipal da Torre, para a realización de adestramentos da pretempada 2022/23, durante o mes agosto e setembro ata o comezo do curso escolar do presente ano, de luns, mércores e vernes, de 10:00-13:30 horas. Así como visto o informe do Sr. director Deportivo en relación ao asunto.

De conformidade co disposto nos vixentes Estatutos da Fundación de Deportes.

R E S O L V O:

1.- Autorizar ao CLUB VILAROUSA XIMNASIA RÍTMICA Vi o uso do Pavillón Municipal da Torre, para adestramentos da pretempada 2022-23, durante o mes agosto e setembro ata o comezo do curso escolar do presente ano, de luns, mércores e vernes, de 10:00-13:30 horas, excepto os días que sexan festivos.

2.- Comunícaselle que deberá deixar as citadas instalacións deportivas nas mesmas condicións en que se lle presta e responsabilizarse dos danos ou desperfectos que poideran causarse nas devanditas instalacións polos participantes na citada actividade.

3.- Comunicarlle que conforme ao acordo adoptado polo Consello Reitor en sesión con data 25/05/2016, no que se lle aprobou o seu Convenio Económico para a utilización das instalacións deportivas, para a realización de actividades non federadas, nos seguintes termos:

a) Establécese o 100% de bonificación dos prezos públicos para aqueles Clubes/Entidades Deportivas rexistrados na Fundación de Deportes, que teñan actividade deportiva federada de base.

4.- Comunicarlle que a cesión das instalacións a clubes ou entidades deportivas durante toda a tempada é exclusivamente para adestramentos, non podendo ser utilizado para

Praza Ravella, 1
36600 · Vilagarcía de Arousa
T 986 56 68 98
CIF: P/8660001-B
fdeportes@vilagarcia.es ·www.vilagarcia.es

partidos de calquera índole. Calquera outra utilización deberá ser comunicada á dirección deportiva da Fundación de Deportes podendo esta conceder a modificación.

5.- Ningún Club/Entidade Deportiva poderá ceder o dereito de uso dalgunha instalación deportiva a terceiros, quen así o faga perderá o dereito de uso de ese horario e instalación.

6.- Faise constar que o club solicitante xa presentou o certificado da Federación Galega de Ximnasia coas licenzas federativas en vigor, así como a póliza de Responsabilidade Civil no rexistro WEB 2022001178 na súa solicitude de adestramentos para a tempada 202/23.

7.- Que a presente Resolución sexa dada conta ao Consello Reitor da Fundación de Deportes, na vindeira sesión que celebre.

Así o dispón e asina o Sr. presidente da Fundación de Deportes, en Vilagarcía de Arousa, a once de agosto de dous mil vinte e dous, ante mín a secretaria Xeral/Accidental, que Certifica.

Concello de
Vilagarcía de Arousa
Fundación de Deportes

Praza Ravella, 1
36600 · Vilagarcía de Arousa
T 986 56 68 98
CIF: P/8660001-B
fdeportes@vilagarcia.es ·www.vilagarcia.es

RESOLUCIÓN DO SR. PRESIDENTE DA FUNDACIÓN PÚBLICA DE SERVIZOS DEPORTIVOS MUNICIPAIS DO EXCMO. CONCELLO DE VILAGARCÍA DE AROUSA
D. ARGIMIRO SERÉN MERA

Visto o escrito do Club San Martín Vilaxoán no que solicita, autorización do uso do Campo de Fútbol Municipal de Vilaxoán, para a realización de adestramentos da pretempada 2022/23 do seu equipo senior, do 26 de xullo ao 30 de agosto do presente ano, de 21:00-22:30 horas. Así como, o uso da devandita instalación os sábados 6, 13, 20 e 27 de agosto e o 3 de setembro, para a celebración de encontros amigables con diferentes equipos da comarca. Asemade visto o informe do Sr. director Deportivo en relación ao asunto.

De conformidade co disposto nos vixentes Estatutos da Fundación de Deportes.

R E S O L V O:

1.- Autorizar ao Club San Martín Vilaxoán o uso do Campo de Fútbol Municipal de Vilaxoán, para adestramentos da pretempada 2022-23 do seu equipo senior, do 26 de xullo ao 30 de agosto do presente ano, de 21:00-22:30 horas. Así como, o uso da devandita instalación os sábados 6, 13, 20 e 27 de agosto e o 3 de setembro, para a celebración de encontros amigables con diferentes equipos da comarca.

2.- Comunícaselle que deberá deixar as citadas instalacións deportivas nas mesmas condicións en que se lle presta e responsabilizarse dos danos ou desperfectos que poideran causarse nas devanditas instalacións polos participantes na citada actividade.

3.- Comunicarlle que a cesión das instalacións a clubes ou entidades deportivas durante toda a tempada é exclusivamente para adestramentos, non podendo ser utilizado para partidos de calquera índole. Calquera outra utilización deberá ser comunicada á dirección deportiva da Fundación de Deportes podendo esta conceder a modificación.

4.- Ningún Club/Entidade Deportiva poderá ceder o dereito de uso dalgunha instalación deportiva a terceiros, quen así o faga perderá o dereito de uso de ese horario e instalación.

Praza Ravella, 1
36600 · Vilagarcía de Arousa
T 986 56 68 98
CIF: P/8660001-B
fdeportes@vilagarcia.es ·www.vilagarcia.es

5.- Faise constar que o club solicitante xa presentou o certificado da Federación Galega de Fútbol coas licenzas federativas en vigor, así como o certificado de devandita Federación conforme o club está incluído na súa póliza de Responsabilidade Civil.

6.- Que a presente Resolución sexa dada conta ao Consello Reitor da Fundación de Deportes, na vindeira sesión que celebre.

Así o dispón e asina o Sr. presidente da Fundación de Deportes, en Vilagarcía de Arousa, a once de agosto de dous mil vinte e dous, ante mín a secretaria Xeral/Accidental, que Certifica.

Concello de
Vilagarcía de Arousa
Fundación de Deportes

Praza Ravella, 1
36600 · Vilagarcía de Arousa
T 986 56 68 98
CIF: P/8660001-B
fdeportes@vilagarcia.es ·www.vilagarcia.es

RESOLUCIÓN DO SR. PRESIDENTE DA FUNDACIÓN PÚBLICA DE SERVIZOS DEPORTIVOS MUNICIPAIS DO EXCMO. CONCELLO DE VILAGARCÍA DE AROUSA
D. ARGIMIRO SERÉN MERA

Visto o escrito do Club Atlético Arousana no que solicita, autorización do uso do Campo de Fútbol Manuel Jiménez Abalo do Complexo Deportivo Municipal Fontecarmoa, para a realización de adestramentos da pretempada 2022/23 do seu equipo senior, a partir do 2 de agosto do presente ano, os luns, mércores e venres de 20:00-21:30 horas. Así como, o uso do ximnasio de musculación do citado Complexo os mércores na mesma franxa horaria. Asemade visto o informe do Sr. director Deportivo en relación ao asunto.

De conformidade co disposto nos vixentes Estatutos da Fundación de Deportes.

R E S O L V O:

1.- Autorizar ao Club Atlético Arousana o uso do Campo de Fútbol Manuel Jiménez Abalo do Complexo Deportivo Municipal Fontecarmoa, para adestramentos da pretempada 2022-23 do seu equipo senior, a aprtir do 2 de agosto do presente ano, de 20:00-21:30 horas ½ campo.
Así como, o uso da ximnasio de musculación do citado Complexo, os mécores na mesma franxa horaria, debendo cumprir coas seguintes normas:

- Presenza dun adestrador titulado durante toda a permanencia dos xogadores no ximnasio.
- Uso obrigatorio de toalla para cada usuario.

2.- Comunícaselle que deberá deixar as citadas instalacións deportivas nas mesmas condicións en que se lle presta e responsabilizarse dos danos ou desperfectos que poideran causarse nas devanditas instalacións polos participantes na citada actividade.

3.- Comunicarlle que a cesión das instalacións a clubes ou entidades deportivas durante toda a tempada é exclusivamente para adestramentos, non podendo ser utilizado para partidos de calquera índole. Calquera outra utilización deberá ser comunicada á dirección deportiva da Fundación de Deportes podendo esta conceder a modificación.

Praza Ravella, 1
36600 · Vilagarcía de Arousa
T 986 56 68 98
CIF: P/8660001-B
fdeportes@vilagarcia.es ·www.vilagarcia.es

4.- Ningún Club/Entidade Deportiva poderá ceder o dereito de uso dalgunha instalación deportiva a terceiros, quen así o faga perderá o dereito de uso de ese horario e instalación.

5.- Faise constar que o club solicitante xa presentou o certificado da Federación Galega de Fútbol coas licenzas federativas en vigor, así como o certificado de devandita Federación conforme o club está incluído na súa póliza de Responsabilidade Civil.

6.- Que a presente Resolución sexa dada conta ao Consello Reitor da Fundación de Deportes, na vindeira sesión que celebre.

Así o dispón e asina o Sr. presidente da Fundación de Deportes, en Vilagarcía de Arousa, a once de agosto de dous mil vinte e dous, ante mín a secretaria Xeral/Accidental, que Certifica.

Concello de
Vilagarcía de Arousa
Fundación de Deportes

Praza Ravella, 1
36600 · Vilagarcía de Arousa
T 986 56 68 98
CIF: P/8660001-B
fdeportes@vilagarcia.es ·www.vilagarcia.es

RESOLUCIÓN DO SR. PRESIDENTE DA FUNDACIÓN PÚBLICA DE SERVIZOS DEPORTIVOS MUNICIPAIS DO EXCMO. CONCELLO DE VILAGARCÍA DE AROUSA
D. ARGIMIRO SERÉN MERA

Visto o escrito do Club Arosa S.C. no que solicita, autorización do uso do Campo de Fútbol Manuel Jiménez Abalo do Complexo Deportivo Municipal Fontecarmoa, para a realización de adestramentos da pretempada 2022/23 do seus equipos de base, durante a tempada estival ata o vindeiro día 22 do presente mes, de luns a venres de 18:30-23:00 horas. Así como visto o informe do Sr. director Deportivo en relación ao asunto.

De conformidade co disposto nos vixentes Estatutos da Fundación de Deportes.

R E S O L V O:

1.- Autorizar ao Club Arosa S.C. o uso do Campo de Fútbol Manuel Jiménez Abalo do Complexo Deportivo Municipal Fontecarmoa, para adestramentos da pretempada 2022-23 dos seus equipos de base, durante a tempada estival ata o vindeiro día 22 do presente mes, na seguinte franxa horaria:

DIAS	**HORARIO**
Luns, mércores e venres	17:00-20:00 e de 21:30-23:00 horas campo enteiro
	20:00-21:30 horas ½ campo
Martes	18:30-21:30 horas
Xoves	17:00-21:30 horas

2.- Comunícaselle que deberá deixar as citadas instalacións deportivas nas mesmas condicións en que se lle presta e responsabilizarse dos danos ou desperfectos que poideran causarse nas devanditas instalacións polos participantes na citada actividade.

3.- Comunicarlle que a cesión das instalacións a clubes ou entidades deportivas durante toda a tempada é exclusivamente para adestramentos, non podendo ser utilizado para partidos de calquera índole. Calquera outra utilización deberá ser comunicada á dirección deportiva da Fundación de Deportes podendo esta conceder a modificación.

Praza Ravella, 1
36600 · Vilagarcía de Arousa
T 986 56 68 98
CIF: P/8660001-B
fdeportes@vilagarcia.es ·www.vilagarcia.es

4.- Ningún Club/Entidade Deportiva poderá ceder o dereito de uso dalgunha instalación deportiva a terceiros, quen así o faga perderá o dereito de uso de ese horario e instalación.

5.- Faise constar que o club solicitante xa presentou o certificado da Federación Galega de Fútbol coas licenzas federativas en vigor, así como o certificado de devandita Federación conforme o club está incluído na súa póliza de Responsabilidade Civil.

6.- Que a presente Resolución sexa dada conta ao Consello Reitor da Fundación de Deportes, na vindeira sesión que celebre.

Así o dispón e asina o Sr. presidente da Fundación de Deportes, en Vilagarcía de Arousa, a once de agosto de dous mil vinte e dous, ante mín a secretaria Xeral/Accidental, que Certifica.

Concello de
Vilagarcía de Arousa
Fundación de Deportes

Praza Ravella, 1
36600 · Vilagarcía de Arousa
T 986 56 68 98
CIF: P/8660001-B
fdeportes@vilagarcia.es ·www.vilagarcia.es

RESOLUCIÓN DO SR. PRESIDENTE DA FUNDACIÓN PÚBLICA DE SERVIZOS DEPORTIVOS MUNICIPAIS DO EXCMO. CONCELLO DE VILAGARCÍA DE AROUSA
D. ARGIMIRO SERÉN MERA

Vista e comprobada a relación de facturas sen acordo, da Fundación Pública de Servizos Deportivos Municipais do Excmo. Concello de Vilagarcia de Arousa, mes de xullo,por importe total de 3.797,79 €., que se presenta para o seu recoñecemento da obriga.

De conformidade co disposto nos vixentes Estatutos da Fundación de Deportes.

R E S O L V O:

1.- Aprobar o recoñecemento da obriga a favor da relación de facturas sen acordo da Fundación Pública de Servizos Deportivos Municipais do Excmo. Concello de Vilagarcia de Arousa, mes de xullo, por importe total de 3.797,79€.

2.- Que a presente Resolución sexa dada conta ao Consello Reitor da Fundación de Deportes, na vindeira sesión que celebre.

Así o dispón e asina o Sr. presidente da Fundación de Deportes, en Vilagarcía de Arousa, a vinte e dous de agosto de dous mil vinte e dous, ante mín a secretaria/delegada, que Certifica.

Concello de
Vilagarcía de Arousa
Fundación de Deportes

Praza Ravella, 1
36600 · Vilagarcía de Arousa
T 986 56 68 98
CIF: P/8660001-B
fdeportes@vilagarcia.es ·www.vilagarcia.es

RESOLUCIÓN DO SR. PRESIDENTE DA FUNDACIÓN PÚBLICA DE SERVIZOS DEPORTIVOS MUNICIPAIS DO EXCMO. CONCELLO DE VILAGARCÍA DE AROUSA
D. ARGIMIRO SERÉN MERA

Vista e comprobada a relación de facturas con acordos previo, mes de xullo, que a continuación se relaciona, de expedientes que foron aprobados o seu gasto polo Consello Reitor ou Resolución do Sr. presidente, por importe total de 23.364,92 €:

1.- Recoñecemento da obriga a favor da empresa CLECE, S.A., pola factura nº, 02148000018022F, correspondente ao contrato de servizos "SERVIZO DE LIMPEZA DE EDIFICIOS E INSTALACIÓNS DEPENDIENTES DO CONCELLO DE VILAGARCÍA DE AROUSA", no que están incluídas as instalacións do Recinto de Fexdega (Oficina na que se ubica a Fundación de Deportes, Hall explanada, seminarios, accesos exteriores, e subministro de celulosa, xabón e unidades hixiénicos sanitarias), mes de xuño, aprobado pola Xunta de Goberno Local en sesión con data 06/09/2021, por importe de 2.512,11 €., con cargo á partida 342-227,00. Así como dáse conta do informe da Sra. interventora/delegada de data 01/06/2017 en relación ao mantemento do reparo sinalado no informe de 26 de abril do presente ano, dado que está pendiente a tramitación do expediente de Convenio de uso da devandita instalación e da Resolución do Sr. presidente de levantamento de reparos con data 02/05/2017.

2.- Recoñecemento da obriga a favor da empresa CLECE, S.A., pola factura nº 02148000017322F correspondente ao contrato de servizos "SERVIZO DE LIMPEZA DE EDIFICIOS E INSTALACIÓNS DEPENDIENTES DO CONCELLO DE VILAGARCÍA DE AROUSA", no que están incluídas as instalacións deportivas municipais, mes de xuño, aprobado pola Xunta de Goberno Local en sesión con data 06/09/2021, por importe total de 11.593,18 €, con cargo á partida 342-227,00.

3.- Recoñecemento da obriga a favor da empresa SERIGAL, S.L., pola factura nº 20220341, correspondente á adquisición de viseiras da expedición participante nos XIV XOGOS DO EIXO ATLÁNTICO, ano 2022, aprobado pola Resolución do Sr. presidente con data 27/06/2022, por importe de 81,16 €, con cargo á partida 322-226,09.

4.- Recoñecemento da obriga a favor da empresa SERIGAL, S.L., pola factura nº 20220342, correspondente á adquisición de agasallos para os participantes no PROGRAMA ACTIVOMAIORMENTE, inluído no Proxecto de Actividades deportivas de inverno e verán, ano

Praza Ravella, 1
36600 · Vilagarcía de Arousa
T 986 56 68 98
CIF: P/8660001-B
fdeportes@vilagarcia.es ·www.vilagarcia.es

2022, aprobado pola Resolución do Sr. presidente con data 20/06/2022, por importe de 541,60 €, con cargo á partida 3422-226,01.

5.- Recoñecemento da obriga a favor da empresa CLECE, S.A., pola factura nº, 02148000018822F correspondente ao reforzo da limpeza do CEIP A Escardia, na que se levan a cabo as actividades de loga e Estiramentos e Relaxación, do Proxecto de Actividades Físico Recreativas de Adultos, ano 2022, mes de xuño, aprobada pola Resolución do Sr. presidente con data 02/01/2022, por importe total de 127,53 €., con cargo á partida 342-227,00.

6.- Recoñecemento da obriga a favor da MGS SEGUROS E REASEGUROS, S.A., a través do corredor de seguros BLANCO BALIÑAS, SAMUEL, pola factura nº 44897041, correspondente á contratación da pola póliza de seguros de accidentes nº 51395005, para os 71 persoas inscritas no PROGRAMA ACTIVOMAIORMENTE, incluído no Proxecto de Verán Deportivo Vilagarcia, 2022, aprobado polo Consello Reitor, en sesión con data 09/06/2022, por importe de 261,91 €, con cargo á partida 342-224,00.

7.- Recoñecemento da obriga a favor da MGS SEGUROS E REASEGUROS, S.A., a través do corredor de seguros BLANCO BALIÑAS, SAMUEL, pola factura nº 44897040, correspondente á contratación da pola póliza de seguros de accidentes nº 51395013, dos 33 inscritos nas ESCOLAS DE NAVEGACIÓN 2022, MODALIDADE PIRAGUISMO E REMO, aprobado pola Resolución do Sr. presidente con data 04/07/2022, por importe de 368,53 €, con cargo á partida 342-224,00.

8.- Recoñecemento da obriga a favor da MGS SEGUROS E REASEGUROS, S.A., a través do corredor de seguros BLANCO BALIÑAS, SAMUEL, pola factura nº 44897043, correspondente á contratación da pola póliza de seguros de accidentes nº 51395000, dos 40 inscritos nas ESCOLA MULTIDEPORTIVA DE VERÁN, aprobado pola Resolución do Sr. Presidente con data 05/07/2022, por importe de 86,64 €, con cargo á partida 342-224,00.

9.- Recoñecemento da obriga a favor da MGS SEGUROS E REASEGUROS, S.A., a través do corredor de seguros BLANCO BALIÑAS, SAMUEL, pola factura nº 44897042, correspondente á contratación da pola póliza de seguros de accidentes nº 51395016, dos 60 inscritos na actividade de MOVEMENTO INTELIXENTE, aprobado polo Consello Reitor, en sesión con data 09/06/2022, por importe de 259,75 €, con cargo á partida 342-224,00.

10.- Recoñecemento da obriga a favor da empresa TROQUIÑA, S.L., pola factura nº A 22193, correspondente as segas extraordinarias realizadas no terreo de xogo do Estadio Municipal de A Lomba, mes de xuño, aprobada pola Resolución do Sr. presidente con data 24/05/2022, relativa a discrepancia resolta plantexada polo director Deportivo e levantar o

Praza Ravella, 1
36600 · Vilagarcía de Arousa
T 986 56 68 98
CIF: P/8660001-B
fdeportes@vilagarcia.es ·www.vilagarcia.es

reparo suspensivo da interventora/delegada da adxudicación do Contrato Menor de Mantemento Vexetal dalgunhas instalacións deportivas e na que se aprobou o prezo unitario de cada sega extraordinaria a maiores por semana, por importe de 356,01 €, con cargo á partida 342-227,9902.

11.- Recoñecemento da obriga a favor da empresa TROQUIÑA, S.L., pola factura nº A 22200, correspondente aos Traballos de determinadas labores de mantemento vexetal nalgunhas das instalacións deportivas dependentes da Fundación de Deportes, mes de xuño, aprobada pola Resolución do Sr. presidente con data 24/05/2022, relativa a discrepancia resolta plantexada polo director Deportivo e levantar o reparo suspensivo da interventora/delegada da súa adxudicación, por importe de 3.570,00 €, con cargo á partida 342-227,9902.

12.- Recoñecemento da obriga a favor da MGS SEGUROS E REASEGUROS, S.A., a través do corredor de seguros BLANCO BALIÑAS, SAMUEL, pola factura nº 44921571, correspondente á contratación da pola póliza de seguros de accidentes nº 51395000, dos 6 inscritos a maiores na ESCOLA MULTIDEPORTIVA DE VERÁN, aprobado pola Resolución do Sr. Presidente con data 05/07/2022, por importe de 13,00 €, con cargo á partida 342-224,00.

13.- Recoñecemento da obriga a favor da empresa TROQUIÑA, S.L., pola factura nº A22223 , correspondente ao subministro 20 m^3 de area de silice, traballos de mantemento extraordinario (areado) no terreo de xogo do Estadio Municipal de A Lomba, aprobada pola Resolución do Sr. presidente con data 14/07/2022, por importe de 1.495,00 €, con cargo á partida 342-210,00.

14.- Recoñecemento da obriga a favor da MGS SEGUROS E REASEGUROS, S.A., a través do corredor de seguros BLANCO BALIÑAS, SAMUEL, pola factura nº 44923416, correspondente á contratación da pola póliza de seguros de accidentes nº 51395475, dos 72 inscritos no XX TORNEO DE TENIS DE VERÁN, ANO 2022, aprobado pola Resolución do Sr. presidente con data 19/07/2022, por importe de 389,66 €, con cargo á partida 342-224,00.

15.- Recoñecemento da obriga a favor da MGS SEGUROS E REASEGUROS, S.A., a través do corredor de seguros BLANCO BALIÑAS, SAMUEL, pola factura nº 44943415, correspondente á contratación da pola póliza de seguros de accidentes nº 51395005, para as 3 persoas inscritas a maiores no PROGRAMA ACTIVOMAIORMENTE, incluído no Proxecto de Verán Deportivo Vilagarcia, 2022, aprobado polo Consello Reitor, en sesión con data 09/06/2022, por importe de 11,08 €, con cargo á partida 342-224,00.

16.- Recoñecemento da obriga a favor da empresa DEPORTES RODAS VILAGARCÍA, S.L., pola fra. Nº 22 59, correspondente á adquisición de 9 trofeos, pola celebración do I

Praza Ravella, 1
36600 · Vilagarcía de Arousa
T 986 56 68 98
CIF: P/8660001-B
fdeportes@vilagarcia.es ·www.vilagarcia.es

TORNEO LETRAS GALEGAS E ITORNEO SANTA RITA DE FUTBOL, aprobado pola Resolución do Sr. presidente con data 13/05/2022, por importe de 168,00 €, con cargo á partida 342-226,9901.

17.- Recoñecemento da obriga a favor da empresa DEPORTES RODAS VILAGARCÍA, S.L., pola fra. Nº 22 60, correspondente á adquisición de 135 medallas pola celebración do IV TORNEO DE XIMNASIA RÍTMICA, ano 2022, aprobado pola Resolución do Sr. presidente con data 14/06/2022, por importe de243,00 €, con cargo á partida 342-226,9901.

18.- Recoñecemento da obriga a favor da empresa DEPORTES RODAS VILAGARCÍA, S.L., pola fra. Nº 22 61, correspondente á adquisición de 150 medallas para a celebración da MACROEXHIBICIÓN DE TAEKWONDO DE SANTA RITA, ANO 2022, aprobado pola Resolución do Sr. presidente con data 08/06/2022, por importe de 270,00 €, con cargo á partida 342-226,9901.

19.- Recoñecemento da obriga a favor da MGS SEGUROS E REASEGUROS, S.A., a través do corredor de seguros BLANCO BALIÑAS, SAMUEL, pola factura nº 44953785, correspondente á contratación da pola póliza de seguros de accidentes nº 51395000, dos 2 inscritos a maiores na ESCOLA MULTIDEPORTIVA DE VERÁN, aprobado pola Resolución do Sr. Presidente con data 05/07/2022, por importe de 4,33 €, con cargo á partida 342-224,00.

20.- Recoñecemento da obriga a favor da MGS SEGUROS E REASEGUROS, S.A., a través do corredor de seguros BLANCO BALIÑAS, SAMUEL, pola factura nº 44947421, correspondente á contratación da pola póliza de seguros de accidentes nº 51395005, para as 3 persoas inscritas a maiores no PROGRAMA ACTIVOMAIORMENTE, incluído no Proxecto de Verán Deportivo Vilagarcia, 2022, aprobado polo Consello Reitor, en sesión con data 09/06/2022, por importe de 11,08 €, con cargo á partida 342-224,00.

21.- Recoñecemento da obriga a favor da empresa DEPORTES RODAS VILAGARCÍA, S.L., pola fra. Nº 22 72, correspondente á adquisición de 30 trofeos, pola celebración da SEMANA GALEGA DE VELA, ANO 2022, aprobado pola Resolución do Sr. presidente con data 20/06/2022, por importe de 545,00 €, con cargo á partida 342-226,9901.

22.- Recoñecemento da obriga a favor da empresa DISTRIBUCIONES FROIZ S.A.U., pola fra. Nº 151-1-07/69, correspondente á adquisición do avituallamento, para o desenvolvemento da XVIII CARREIRA NOCTURNA CONCELLO DE VILAGARCIA, ANO 2022, aprobado pola Resolución do Sr. presidente con data 14/07/2022, por importe de 456,35 €, con cargo á partida 342-226,09.

Concello de
Vilagarcía de Arousa
Fundación de Deportes

Praza Ravella, 1
36600 · Vilagarcía de Arousa
T 986 56 68 98
CIF: P/8660001-B
fdeportes@vilagarcia.es ·www.vilagarcia.es

De conformidade co disposto nos vixentes Estatutos da Fundación de Deportes.

R E S O L V O:

1.- Aprobar o recoñecemento da obriga a favor da relación de facturas con acordos previos, mes de xullo , de expedientes que foron aprobados o seu gasto polo Consello Reitor ou Resolución do Sr. presidente, por importe total de 23.364,92 €.

2.- Que a presente Resolución sexa dada conta ao Consello Reitor da Fundación de Deportes, na vindeira sesión que celebre.

Así o dispón e asina o Sr. presidente da Fundación de Deportes, en Vilagarcía de Arousa, a vinte e dous de agosto de dous mil vinte e dous, ante mín a secretaria/delegada, que Certifica.

Concello de
Vilagarcía de Arousa
Fundación de Deportes

Praza Ravella, 1
36600 · Vilagarcía de Arousa
T 986 56 68 98
CIF: P/8660001-B
fdeportes@vilagarcia.es ·www.vilagarcia.es

RESOLUCIÓN DO SR. PRESIDENTE DA FUNDACIÓN PÚBLICA DE SERVIZOS DEPORTIVOS MUNICIPAIS DO EXCMO. CONCELLO DE VILAGARCÍA DE AROUSA
D. ARGIMIRO SERÉN MERA

Vista e comprobada a relación de facturas correspondente ao subministro de Enerxía Eléctrica das instalacións deportivas municipais e Gas Natural do depósito da caldeira do Pavillón nº 1 do Complexo Deportivo Municipal Fontecarmoa, parte do mes de xullo, por importe total de 776,72 €, que se presenta para o seu recoñecemento da obriga.

De conformidade co disposto nos vixentes Estatutos da Fundación de Deportes.

R E S O L V O:

1.- Aprobar o recoñecemento da obriga da Relación de Facturas correspondente ao subministro de Enerxía Eléctrica das instalacións deportivas municipais municipais e Gas Natural do depósito da caldeira do Pavillón nº 1 do Complexo Deportivo Municipal Fontecarmoa, parte do mes de xullo, por importe total de 776,72 €, con cargo ás partidas 342-221,00 e 342-221,02 respectivamente.

2.- Que a presente Resolución sexa dada conta ao Consello Reitor da Fundación de Deportes, na vindeira sesión que celebre.

Así o dispón e asina o Sr. presidente da Fundación de Deportes, en Vilagarcía de Arousa, a vinte e dous de agosto de dous mil vinte e dous, ante mín a secretaria/delegada, que Certifica.

Concello de
Vilagarcía de Arousa
Fundación de Deportes

Praza Ravella, 1
36600 · Vilagarcía de Arousa
T 986 56 68 98
CIF: P/8660001-B
fdeportes@vilagarcia.es ·www.vilagarcia.es

RESOLUCIÓN DO SR. PRESIDENTE DA FUNDACIÓN PÚBLICA DE SERVIZOS DEPORTIVOS MUNICIPAIS DO EXCMO. CONCELLO DE VILAGARCÍA DE AROUSA
D. ARGIMIRO SERÉN MERA

Vistas e comprobadas as 10 solicitudes presentadas a través da Sede Electrónica do Excmo. Concello de Vilagarcía de Arousa, sección da Fundación de Deportes, no catálago de Procedementos 30007, para o Programa Activo MAIORmente de Verán incluído no Proxecto de Actividades Verán Deportivo Vilagarcía, ano 2022, no prazo extraordinario aberto ata cubrir as prazas vacantes, no periodo do 5 de xullo ata o 18 de agosto do presente ano (listado de rexistros do nº 71 ata o nº 80).

Así como visto o informe do Sr. director Deportivo en relación ao asunto.

De conformidade co disposto nos vixentes Estatutos da Fundación de Deportes.

R E S O L V O:

1.- Aprobar as 10 solicitudes de inscrición do Programa Activo MAIORmente de Verán incluído no Proxecto de Actividades Verán Deportivo Vilagarcía, ano 2022, presentadas no prazo extraordinario aberto ata que se cubran as prazas vacantes, periodo do 5 de xullo ao 18 de agosto do presente ano (listado de rexistros do nº 71 ao nº 80).

2.- Que a presente Resolución sexa dada conta ao Consello Reitor da Fundación de Deportes, na vindeira sesión que celebre.

Así o dispón e asina o Sr. presidente da Fundación de Deportes, en Vilagarcía de Arousa, a vinte e seis de agosto de dous mil vinte e dous, ante mín a secretaria/delegada, que Certifica.

Concello de
Vilagarcía de Arousa
Fundación de Deportes

Praza Ravella, 1
36600 · Vilagarcía de Arousa
T 986 56 68 98
CIF: P/8660001-B
fdeportes@vilagarcia.es ·www.vilagarcia.es

RESOLUCIÓN DO SR. PRESIDENTE DA FUNDACIÓN PÚBLICA DE SERVIZOS DEPORTIVOS MUNICIPAIS DO EXCMO. CONCELLO DE VILAGARCÍA DE AROUSA
D. ARGIMIRO SERÉN MERA

Vistos os escritos presentados polo Basket Base Club nos que solicitan, o uso dos Pavillóns do Complexo Deportivo Municipal Fontecarmoa, para a celebración do TORNEO SOCIAL DE VERÁN, do 11 de xulllo ao 20 de agosto, de luns a venres (excepto os festivos) os días e horas que a continuación se indican:

INSTALACIÓN DEPORTIVA	**DÍAS**	**HORAS**
Pavillón nº2	11/07-20/08/2022	20:30-22:30 horas
Excepto os seguintes días que solicitan:		
Pavillón nº1	26/07/2022	20:30-22:30 horas
Pavillón nº 2	17/08/2022	19:00-22:30 horas
	19/08/2022	18:30-22:30 horas

Así como visto o informe do Sr. director Deportivo en relación ao asunto, no que sinala, que os uso das citadas instalacións deportivas foron a probadas pola Dirección Deportiva sen tramitación por motivos de urxencia, debéndose levar a cabo a liquidación do pagamento conforme o Acordo Regulador nº III.5 en vigor.

De conformidade co disposto nos vixentes Estatutos da Fundación de Deportes.

R E S O L V O:

1.- Ratificar a autorización ao Basket Base Club, para a celebración do TORNEO SOCIAL DE VERÁN, do 11 de xulllo ao 20 de agosto, excepto os días que sexan festivos, de luns a venres, os días e horas que a continuación se indican:

INSTALACIÓN DEPORTIVA	**DÍAS**	**HORAS**
Pavillón nº2	11/07-20/08/2022	20:30-22:30 horas
Excepto os seguintes días que utilizaron:		
Pavillón nº1	26/07/2022	20:30-22:30 horas
Pavillón nº 2	17/08/2022	19:00-22:30 horas
	19/08/2022	18:30-22:30 horas

Praza Ravella, 1
36600 · Vilagarcía de Arousa
T 986 56 68 98
CIF: P/8660001-B
fdeportes@vilagarcia.es ·www.vilagarcia.es

2.- Comunicarlle que conforme ao Acordo Regulador nº III.5 en vigor e o Convenio Económico de Actividades Federadas, asinado con esta Fundación de Deportes, dado que esta actividade non é considerada unha actividade federada, non se pode aplicar a bonificación do 100% dos prezos públicos correspondentes. Facéndose constar que o club presentou o número total de inscritos no devandito Torneo (126 xogadores/asx35,00 €/inscrición) para poder levar a cabo o cálculo do custo total a abonar polo uso dos citados Pavillóns (no periodo do 11 de xullo ao 20 de agosto do presente ano), segundo o que establece o artigo 8 do citado Acordo Regulador que a continuación se indica.

"ARTIGO 8: ACTIVIDADES DEPORTIVAS EN INSTALACIÓNS DEPORTIVAS

TARIFAS:

	Tarifa Mínima Hora	% S/Ingresos Bruta
Instalacións interiores	**9,00 .....**	**10%**

Nota: Estas tarifas cubren os gastos de limpeza, persoal, etc."

Polo que para o cálculo do prezo público considerase por un lado o uso da citada instalación, sendo as cotas do prezo público correspondentes conforme ao sinalado no parágrafo anterior, por importe de 517,50 € (de 2 horas x 25 días, máis 3 horas 30 minutos do día 17 de agosto e 4 horas do dia 19 de agosto, que fan un total de 57 horas e 30 minutos a 9,00 €/hora); por outro lado o 10% dos ingresos totais recadados das solicitudes de inscrición. por importe de 441,00 € (35,00 € cota de inscrición x 126 xogadores/as, que fan un importe total de 4.410,00 €). En consecuencia deberá ingresar un importe total de 958,50 € (517,50 € polo prezo público do uso das instalacións deportivas + 441,00 € polo 10% dos ingresos totais recadados pola solicitude de inscrición), na conta da Fundación de Deportes na Entidade Bancaria ABANCA (ES70 2080 5067 193040060053).

3.- Faise constar que previo ao inicio do montaxe/celebración da citada actividade-evento, o devandito clube, presentou a seguinte documentación:

3.1) A póliza de Seguros de Responsabilidade Civil e a póliza de seguros de accidentes para todos os participantes da devandita actividade.

3.2) O plano de situación e ocupación do desenvolvemento do evento, documentación que acredite a circunstancia de traballador ou voluntariado (declaración xurada da persoa, debéndose poñerlles en coñecemento das normas de seguridade e saúde no traballo que fosen de aplicación, así como da obriga de portar identificación) e, o compromiso por escrito

Praza Ravella, 1
36600 · Vilagarcía de Arousa
T 986 56 68 98
CIF: P/8660001-B
fdeportes@vilagarcia.es ·www.vilagarcia.es

de xeito pormenorizado de manter o cumprimento de todas as súas obrigas (declaración xurada do Club/Entidade Deportiva).

4.- Que a presente Resolución sexa dada conta ao Consello Reitor da Fundación de Deportes, na vindeira sesión que celebre.

Así o dispón e asina o Sr. presidente da Fundación de Deportes, en Vilagarcía de Arousa, a vinte e seis de agosto de dous mil vinte e dous, ante mín a secretaria/delegada, que Certifica.

Concello de
Vilagarcía de Arousa
Fundación de Deportes

Praza Ravella, 1
36600 · Vilagarcía de Arousa
T 986 56 68 98
CIF: P/8660001-B
fdeportes@vilagarcia.es ·www.vilagarcia.es

RESOLUCIÓN DO SR. PRESIDENTE DA FUNDACIÓN PÚBLICA DE SERVIZOS DEPORTIVOS MUNICIPAIS DO EXCMO. CONCELLO DE VILAGARCÍA DE AROUSA
D. ARGIMIRO SERÉN MERA

Vistas e comprobadas as 12 solicitudes presentadas a través da Sede Electrónica do Excmo. Concello de Vilagarcía de Arousa, sección da Fundación de Deportes, no catálago de Procedementos 30008, para Escola Multideportiva de verán, incluído no Proxecto de Actividades Verán Deportivo Vilagarcía, ano 2022, no prazo extraordinario aberto ata cubrir as prazas vacantes, no periodo do 4 de xullo ata o 19 de agosto do presente ano (listado de rexistros do nº 42 ata o nº 53). Así como visto o informe do Sr. director Deportivo en relación ao asunto.

De conformidade co disposto nos vixentes Estatutos da Fundación de Deportes.

R E S O L V O:

1.- Aprobar as 12 solicitudes de inscrición da Escola Multideportiva de Verán incluído no Proxecto de Actividades Verán Deportivo Vilagarcía, ano 2022, presentadas no prazo extraordinario aberto ata que se cubran as prazas vacantes, periodo do 4 de xullo ao 19 de agosto do presente ano (listado de rexistros do nº 42 ao nº 53).

2.- Que a presente Resolución sexa dada conta ao Consello Reitor da Fundación de Deportes, na vindeira sesión que celebre.

Así o dispón e asina o Sr. presidente da Fundación de Deportes, en Vilagarcía de Arousa, a vinte e nove de agosto de dous mil vinte e dous, ante mín a secretaria/delegada, que Certifica.

Concello de
Vilagarcía de Arousa
Fundación de Deportes

Praza Ravella, 1
36600 · Vilagarcía de Arousa
T 986 56 68 98
CIF: P/8660001-B
fdeportes@vilagarcia.es ·www.vilagarcia.es

RESOLUCIÓN DO SR. PRESIDENTE DA FUNDACIÓN PÚBLICA DE SERVIZOS DEPORTIVOS MUNICIPAIS DO EXCMO. CONCELLO DE VILAGARCÍA DE AROUSA
D. ARGIMIRO SERÉN MERA

Vista e comprobada a documentación xustificativa dos gastos presentados por D. Juan Miguel Doval Blanco, director Deportivo da Fundación de Deportes, do Curso Formativo "DEPORTE E SAÚDE MENTAL", aprobado pola Resolución do Sr. presidente con data 30/06/2022, por importe total de 110.86 €, xustificando un importe total de 82,66 €, co seguinte desglose:

CONCEPTO	**IMPORTE**
Locomoción	54,76 .-
Dietas/manutención	27,90 .-
Total ……..	82,66 €

De conformidade co disposto nos vixentes Estatutos da Fundación de Deportes.

R E S O L V O:

1.- Aprobar o recoñecemento da obriga a favor de D. Juan Miguel Doval Blanco, polos xustificantes de gastos da asistencia ao Curso Formativo "DEPORTE E SAÚDE MENTAL", aprobados pola Resolución do Sr. presidente con data 30/06/2022, por importe total de 82,66 € e, co seguinte desglose:

CONCEPTO	**IMPORTE**	**PARTIDA**
Locomoción	54,76 .-	342-231,20
Dietas/manutención	27,90 .-	342-230,20
Total ……..	82,66 €	

2.- Que a presente Resolución sexa dada conta ao Consello Reitor da Fundación de Deportes, na vindeira sesión que celebre.

Así o dispón e asina o Sr. presidente da Fundación de Deportes, en Vilagarcía de Arousa, a trinta de agosto de dous mil vinte e dous, ante mín a secretaria/delegada, que Certifica.

Concello de
Vilagarcía de Arousa
Fundación de Deportes

Praza Ravella, 1
36600 · Vilagarcía de Arousa
T 986 56 68 98
CIF: P/8660001-B
fdeportes@vilagarcia.es ·www.vilagarcia.es

RESOLUCIÓN DO SR. PRESIDENTE DA FUNDACIÓN PÚBLICA DE SERVIZOS DEPORTIVOS MUNICIPAIS DO EXCMO. CONCELLO DE VILAGARCÍA DE AROUSA
D. ARGIMIRO SERÉN MERA

Visto o escrito de D. Juan Miguel Doval Blanco, director Deportivo da Fundación de Deportes no que solicita o reintegro de pago dos gastos adiantados por él, con motivo do pagamento do envío de 2 bandeiras representativas do Concello de Vilagarcía de Arousa, con motivo da participación do Equipo de Atletismo da Fundación de Deportes nos XIV Xogos do Eixo Atlántico, celebrados na cidade de Maia (Portugal) do 4 ao 9 de xullo do presente ano, por importe total de 19,09 €, presentando como xustificante a factura da empresa MENSALNES, S.L. (MRW) co seu ticket de pago.

De conformidade co disposto nos vixentes Estatutos da Fundación de Deportes.

R E S O L V O:

1.- Aprobar o recoñecemento da obriga a favor da empresa MENSALNES, S.L. (MRW), pola factura 03302A069054, polo envío de 2 bandeiras representativas do Concello de Vilagarcía de Arousa Maia (Portugal), con motivo da participación do Equipo de Atletismo da Fundación de Deportes nos XIV Xogos do Eixo Atlántico, por importe total de 19,09 €, con cargo á partida 342-226,09. Así como aprobar o endoso do seu pagamento a D. Juan Miguel Doval Blanco, dado que o seu pago foi adiantado por él.

2.- Que a presente Resolución sexa dada conta ao Consello Reitor da Fundación de Deportes, na vindeira sesión que celebre.

Así o dispón e asina o Sr. presidente da Fundación de Deportes, en Vilagarcía de Arousa, a trinta de agosto de dous mil vinte e dous, ante mín a secretaria/delegada, que Certifica.

Concello de
Vilagarcía de Arousa
Fundación de Deportes

Praza Ravella, 1
36600 · Vilagarcía de Arousa
T 986 56 68 98
CIF: P/8660001-B
fdeportes@vilagarcia.es ·www.vilagarcia.es

RESOLUCIÓN DO SR. PRESIDENTE DA FUNDACIÓN PÚBLICA DE SERVIZOS DEPORTIVOS MUNICIPAIS DO EXCMO. CONCELLO DE VILAGARCÍA DE AROUSA
D. ARGIMIRO SERÉN MERA

Vista e comprobada a relación de facturas a favor da empresa VODAFONE ESPAÑA, S.A.U., correspondentes aos consumos dos móbiles da Fundación de Deportes, aprobadas pola Xunta de Goberno Local en sesións con datas que a continuación se indican e, que foron remitidos a este OOAA con data 30/08/2022. Polo que se presentan para a súa contabilización e o seu recoñecemento da obriga, no programa contable da Fundación de Deportes, así como o seu pagamento en Formalización, por importe total de 1.143,85 € co seguinte desglose:

Nº FACTURA	**PERIODO**	**IMPORTE**	**XGL**
CI0918968240	08/01-07/02/2022	213,81 .-	09/05/2022
CI0919099335	08/02-07/03/2022	199,49 .-	09/05/2022
CI0919231304	08/03-07/04/2022	230,79 .-	04/07/2022
CI0919363150	08/04-07/05/2022	260,86 .-	04/07/2022
CI0919495551	08/05-07/06/2022	238,90 .-	09/08/2022
	Total ……..	1.143,85 €	

De conformidade co disposto nos vixentes Estatutos da Fundación de Deportes.

R E S O L V O:

1.- Aprobar o recoñecemento da obriga a favor da empresa VODAFONE ESPAÑA, S.A.U., correspondentes á relación de facturas anteriormente sinaladas, dos consumos dos móbiles da Fundación de Deportes, dos periodos do 08/01/2022 ao 07/06/2022, aprobadas pola Xunta de Goberno Local en sesións con datas indicadas anteriormente e, que foron remitidos a este OOAA con data 30/08/2022, por importe total de 1.143,85 €, con cargo á partida 342-222,00 e, que se levará a cabo a contabilidade do seu pagamento en Formalización.

2.- Que a presente Resolución sexa dada conta ao Consello Reitor da Fundación de Deportes, na vindeira sesión que celebre.

Así o dispón e asina o Sr. presidente da Fundación de Deportes, en Vilagarcía de Arousa, a trinta de agosto de dous mil vinte e dous, ante mín a secretaria/delegada, que Certifica.

Concello de
Vilagarcía de Arousa
Fundación de Deportes

Praza Ravella, 1
36600 · Vilagarcía de Arousa
T 986 56 68 98
CIF: P/8660001-B
fdeportes@vilagarcia.es ·www.vilagarcia.es

RESOLUCIÓN DO SR. PRESIDENTE DA FUNDACIÓN PÚBLICA DE SERVIZOS DEPORTIVOS MUNICIPAIS DO EXCMO. CONCELLO DE VILAGARCÍA DE AROUSA
D. ARGIMIRO SERÉN MERA

Vista e comprobada a relación de facturas sen acordo, da Fundación Pública de Servizos Deportivos Municipais do Excmo. Concello de Vilagarcia de Arousa, mes de agosto,por importe total de 2.900,60 €., que se presenta para o seu recoñecemento da obriga.

De conformidade co disposto nos vixentes Estatutos da Fundación de Deportes.

R E S O L V O:

1.- Aprobar o recoñecemento da obriga a favor da relación de facturas sen acordo da Fundación Pública de Servizos Deportivos Municipais do Excmo. Concello de Vilagarcia de Arousa, mes de agosto, por importe total de 2.900,60€.

2.- Que a presente Resolución sexa dada conta ao Consello Reitor da Fundación de Deportes, na vindeira sesión que celebre.

Así o dispón e asina o Sr. presidente da Fundación de Deportes, en Vilagarcía de Arousa, a trinta e un de agosto de dous mil vinte e dous, ante mín a secretaria/delegada, que Certifica.

Concello de
Vilagarcía de Arousa
Fundación de Deportes

Praza Ravella, 1
36600 · Vilagarcía de Arousa
T 986 56 68 98
CIF: P/8660001-B
fdeportes@vilagarcia.es ·www.vilagarcia.es

RESOLUCIÓN DO SR. PRESIDENTE DA FUNDACIÓN PÚBLICA DE SERVIZOS DEPORTIVOS MUNICIPAIS DO EXCMO. CONCELLO DE VILAGARCÍA DE AROUSA
D. ARGIMIRO SERÉN MERA

Vista e comprobada a relación de facturas con acordos previo, mes de agosto, que a continuación se relaciona, de expedientes que foron aprobados o seu gasto polo Consello Reitor ou Resolución do Sr. presidente, por importe total de 39.419,22 €:

1.- Recoñecemento da obriga a favor da empresa AMBULANCIAS DO NORDÉS, S.L., pola factura nº 22 382, correspondente a prestación do servizo de ambulancia, pola celebración da XVIII CARREIRA NOCTURNA CONCELLO VILAGARCÍA DE AROUSA, ANO 2022, aprobado pola Resolución do Sr. presidente con data 26/07/2022, por importe de 450,00 €, con cargo á partida 342-226,09.

2.- Recoñecemento da obriga a favor da empresa CLECE, S.A., pola factura nº 02148000020322F correspondente ao contrato de servizos "SERVIZO DE LIMPEZA DE EDIFICIOS E INSTALACIÓNS DEPENDIENTES DO CONCELLO DE VILAGARCÍA DE AROUSA", no que están incluídas as instalacións deportivas municipais, mes de xullo, aprobado pola Xunta de Goberno Local en sesión con data 06/09/2021, por importe total de 11.593,18 €, con cargo á partida 342-227,00.

3.- Recoñecemento da obriga a favor da empresa CLECE, S.A., pola factura nº, 02148000021022F, correspondente ao contrato de servizos "SERVIZO DE LIMPEZA DE EDIFICIOS E INSTALACIÓNS DEPENDIENTES DO CONCELLO DE VILAGARCÍA DE AROUSA", no que están incluídas as instalacións do Recinto de Fexdega (Oficina na que se ubica a Fundación de Deportes, Hall explanada, seminarios, accesos exteriores, e subministro de celulosa, xabón e unidades hixiénicos sanitarias), mes de xullo, aprobado pola Xunta de Goberno Local en sesión con data 06/09/2021, por importe de 2.512,11 €., con cargo á partida 342-227,00. Así como dáse conta do informe da Sra. interventora/delegada de data 01/06/2017 en relación ao mantemento do reparo sinalado no informe de 26 de abril do presente ano, dado que está pendiente a tramitación do expediente de Convenio de uso da devandita instalación e da Resolución do Sr. presidente de levantamento de reparos con data 02/05/2017.

Praza Ravella, 1
36600 · Vilagarcía de Arousa
T 986 56 68 98
CIF: P/8660001-B
fdeportes@vilagarcia.es ·www.vilagarcia.es

4.- Recoñecemento da obriga a favor da empresa MULTISPORTSGALICIA, S.L., pola factura nº Emit-209, correspondente a adquisición de camisetas como agasallo para os participantes na proba, pola celebración do XVIII CARREIRA NOCTURNA CONCELLO DE VILAGARCÍA, aprobado pola Resolución do Sr. presidente con data 26/07/2022, por importe de 1.128,33 €, con cargo á partida 342-226,09.

5.- Recoñecemento da obriga a favor da MGS SEGUROS E REASEGUROS, S.A., a través do corredor de seguros BLANCO BALIÑAS, SAMUEL, pola factura nº 45004265, correspondente á contratación da póliza de seguros de accidentes nº 51395013, pola inscrición a maiores na ESCOLA DE NAVEGACIÓN 2022, MODALIDADE PIRAGUISMO E REMO período 02/08-01/09/2022, aprobado pola Resolución do Sr. presidente con data 04/07/2022, por importe de 5,52 €, con cargo á partida 342-224,00.

6.- Recoñecemento da obriga a favor da MGS SEGUROS E REASEGUROS, S.A., a través do corredor de seguros BLANCO BALIÑAS, SAMUEL, pola factura nº 45004264, correspondente á contratación da póliza de seguros de accidentes nº 51395000, pola inscrición a maiores na ESCOLA MULTIDEPORTIVA DE VERÁN, aprobado pola Resolución do Sr. Presidente con data 05/07/2022, por importe de 4,34 €, con cargo á partida 342-224,00.

7.- Recoñecemento da obriga a favor da MGS SEGUROS E REASEGUROS, S.A., a través do corredor de seguros BLANCO BALIÑAS, SAMUEL, pola factura nº 45004263, correspondente á contratación da póliza de seguros de accidentes nº 51395005, pola inscrición a maiores no PROGRAMA ACTIVOMAIORMENTE, incluído no Proxecto de Verán Deportivo Vilagarcia, 2022, aprobado polo Consello Reitor, en sesión con data 09/06/2022, por importe de 3,69 €, con cargo á partida 342-224,00.

8.- Recoñecemento da obriga a favor da empresa CLECE, S.A., pola factura nº 02148000022022fF, correspondente a realización da limpeza extraordinaria e desinfección dos vestiarios do baixo do auditorio, pola celebración do XVIII CARREIRA NOCTURNA CONCELLO DE VILAGARCÍA, aprobado pola Resolución do Sr. presidente con data 14/07/2022 e, conforme ao informe do Sr. director Deportivo, por importe de 20,75 €, con cargo á partida 342-226,09.

Praza Ravella, 1
36600 · Vilagarcía de Arousa
T 986 56 68 98
CIF: P/8660001-B
fdeportes@vilagarcia.es ·www.vilagarcia.es

9.- Recoñecemento da obriga a favor da FEDERACIÓN GALEGA DE VELA, pola factura nº 361, correspondente á contratación do seguro e desenvolvemento da ESCOLA MUNICIPAL DE NAVEGACIÓN, MODALIDADE DE VELA 2022 para os 46 alumnos/as inscritos, aprobado pola Resolucións do Sr. presidente con data 12/07/2022, por importe total de 2.576,00 €, con cargo ás partidas 342-224 e 342-227,9901 respectivamente.

10.- Recoñecemento da obriga a favor de ANDACAR 2000,S.A, pola factura nº V220 11086, correspondente ao subministro dun VEHÍCULO PARA A FUNDACIÓN DE DEPORTES, A TRAVÉS DUN RENTING CON MANTEMENTO, PERIODO 20-31/07/2022, aprobado pola Resolución do Sr. presidente con data 01/07/2022, por importe total de 200,86 €, con cargo á partida 342-204,00.

11.- Recoñecemento da obriga a favor da empresa TROQUIÑA, S.L., pola factura nº A 22237, correspondente aos Traballos de determinadas labores de mantemento vexetal nalgunhas das instalacións deportivas dependentes da Fundación de Deportes, mes de xullo, aprobada pola Resolución do Sr. presidente con data 24/05/2022, relativa a discrepancia resolta plantexada polo director Deportivo e levantar o reparo suspensivo da interventora/delegada da súa adxudicación, por importe de 3.570,00 €, con cargo á partida 342-227,9902.

12.- Recoñecemento da obriga a favor da empresa TROQUIÑA, S.L., pola factura nº A22262 , pola REALIZACIÓN DAS 2 SEGAS EXTRAORDINARIAS A MAIORES NO ESTADIO MUNICIPAL DE A LOMBA, mes de xullo, aprobada pola Resolución do Sr. presidente con data 24/05/2022, por importe de 356,01 €, con cargo á partida 342-227,9902.

13.- Recoñecemento da obriga a favor da MGS SEGUROS E REASEGUROS, S.A., a través do corredor de seguros BLANCO BALIÑAS, SAMUEL, pola factura nº 45023691, correspondente á contratación da póliza de seguros de accidentes nº 51395013, pola inscrición a maiores na ESCOLA DE NAVEGACIÓN 2022, MODALIDADE PIRAGUISMO E REMO, período 08/08-01/09/2022, aprobado pola Resolución do Sr. presidente con data 04/07/2022, por importe de 4,44 €, con cargo á partida 342-224,00.

14.- Recoñecemento da obriga a favor da MGS SEGUROS E REASEGUROS, S.A., a través do corredor de seguros BLANCO BALIÑAS, SAMUEL, pola factura nº 45023690,

Praza Ravella, 1
36600 · Vilagarcía de Arousa
T 986 56 68 98
CIF: P/8660001-B
fdeportes@vilagarcia.es ·www.vilagarcia.es

correspondente á contratación da póliza de seguros de accidentes nº 51395000, polas 2 inscricións a maiores na ESCOLA MULTIDEPORTIVA DE VERÁN, aprobado pola Resolución do Sr. Presidente con data 05/07/2022, por importe de 8,66 €, con cargo á partida 342-224,00.

15.- Recoñecemento da obriga a favor da MGS SEGUROS E REASEGUROS, S.A., a través do corredor de seguros BLANCO BALIÑAS, SAMUEL, pola factura nº 45023689, correspondente á contratación da póliza de seguros de accidentes nº 51395005, polas 3 inscricións a maiores no PROGRAMA ACTIVOMAIORMENTE, incluído no Proxecto de Verán Deportivo Vilagarcia, 2022, aprobado polo Consello Reitor, en sesión con data 09/06/2022, por importe de 11,08 €, con cargo á partida 342-224,00.

16.- Recoñecemento da obriga a favor da CLUB PIRAGUISMO VILAGARCÍA, pola factura nº Emit 4, polo desenvolvemento da ESCOLA MUNICIPAL DE NAVEGACIÓN, MODALIDADE DE PIRAGUISMO, mes xullo, aprobada pola Resolucións do Sr. presidente con data 15/07/2022, por importe total de 1.100,00 €, con cargo á partida 342-227,9901.

17.- Recoñecemento da obriga a favor da FEDERACIÓN GALEGA DE ATLETISMO, S.L., pola fra. Nº PON-1653, polo CONTROL TÉCNICO COMITÉ GALEGO DE XUICES, CANON E LICENZAS dun día dos participantes non federados da XVIII CARREIRA NOCTURNA CONCELLO DE VILAGARCÍA, aprobada pola Resolución do Sr. presidente con data 14/07/2022 e, conforme ao informe do Sr. director Deportivo, por importe de 619,56 €, con cargo á partida 342-226,09 e 342-224,00 respectivamente.

18.- Recoñecemento da obriga a favor da empresa BARRAL NUÑEZ, MAR, pola fra. Nº 18, correspondente á adquisición de trofeos, pola celebración da XVIII CARREIRA NOCTURNA CONCELLO DE VILAGARCÍA, aprobada pola Resolución do Sr. presidente con data 26/07/2022, por importe de 480,00 €, con cargo á partida 342-226,9901.

19.- Recoñecemento da obriga a favor da empresa BARRAL NUÑEZ, MAR, pola fra. Nº 16, correspondente á adquisición de 20 METOPAS, AGASALLOS COA IMAXE INSTITUCIONAL NOS ACTOS PROTOCOLARIOS DA FUNDACIÓN DE DEPORTES, aprobado

Praza Ravella, 1
36600 · Vilagarcía de Arousa
T 986 56 68 98
CIF: P/8660001-B
fdeportes@vilagarcia.es ·www.vilagarcia.es

pola Resolución do Sr. presidente con data 14/07/2022, por importe de 500,00 €, con cargo á partida 342-226,9901.

20.- Recoñecemento da obriga a favor de D. REY SILVA, ALBERTO, pola factura nº 07/2022/001, correspondente ao servizo de Speaker, na celebración da XVIII CARREIRA NOCTURNA CONCELLO DE VILAGARCÍA 2022, aprobado pola Resolución do Sr. presidente con data 14/07/2022 e, conforme ao informe do Sr. director Deportivo por importe de 169,40 €, con cargo á partida 342-226,09.

21.- Recoñecemento da obriga a favor da empresa CLECE, S.A., pola factura nº 02148000023322F correspondente ao contrato de servizos "SERVIZO DE LIMPEZA DE EDIFICIOS E INSTALACIÓNS DEPENDIENTES DO CONCELLO DE VILAGARCÍA DE AROUSA", no que están incluídas as instalacións deportivas municipais, mes de agosto, aprobado pola Xunta de Goberno Local en sesión con data 06/09/2021, por importe total de 11.593,18 €, con cargo á partida 342-227,00.

22.- Recoñecemento da obriga a favor da empresa CLECE, S.A., pola factura nº, 02148000024022F, correspondente ao contrato de servizos "SERVIZO DE LIMPEZA DE EDIFICIOS E INSTALACIÓNS DEPENDIENTES DO CONCELLO DE VILAGARCÍA DE AROUSA", no que están incluídas as instalacións do Recinto de Fexdega (Oficina na que se ubica a Fundación de Deportes, Hall explanada, seminarios, accesos exteriores, e subministro de celulosa, xabón e unidades hixiénicos sanitarias), mes de agosto, aprobado pola Xunta de Goberno Local en sesión con data 06/09/2021, por importe de 2.512,11 €., con cargo á partida 342-227,00. Así como dáse conta do informe da Sra. interventora/delegada de data 01/06/2017 en relación ao mantemento do reparo sinalado no informe de 26 de abril do presente ano, dado que está pendiente a tramitación do expediente de Convenio de uso da devandita instalación e da Resolución do Sr. presidente de levantamento de reparos con data 02/05/2017.

De conformidade co disposto nos vixentes Estatutos da Fundación de Deportes.

R E S O L V O:

Praza Ravella, 1
36600 · Vilagarcía de Arousa
T 986 56 68 98
CIF: P/8660001-B
fdeportes@vilagarcia.es ·www.vilagarcia.es

1.- Aprobar o recoñecemento da obriga a favor da relación de facturas con acordos previos, mes de agosto , de expedientes que foron aprobados o seu gasto polo Consello Reitor ou Resolución do Sr. presidente, por importe total de 39.419,22 €.

2.- Que a presente Resolución sexa dada conta ao Consello Reitor da Fundación de Deportes, na vindeira sesión que celebre.

Así o dispón e asina o Sr. presidente da Fundación de Deportes, en Vilagarcía de Arousa, a trinta e un de agosto de dous mil vinte e dous, ante mín a secretaria/delegada, que Certifica.

Concello de
Vilagarcía de Arousa
Fundación de Deportes

Praza Ravella, 1
36600 · Vilagarcía de Arousa
T 986 56 68 98
CIF: P/8660001-B
fdeportes@vilagarcia.es ·www.vilagarcia.es

RESOLUCIÓN DO SR. PRESIDENTE DA FUNDACIÓN PÚBLICA DE SERVIZOS DEPORTIVOS MUNICIPAIS DO EXCMO. CONCELLO DE VILAGARCÍA DE AROUSA
D. ARGIMIRO SERÉN MERA

Vista e comprobada a relación de facturas correspondente ao subministro de Enerxía Eléctrica das instalacións deportivas municipais, mes de agosto, por importe total de 13.517,84 €, que se presenta para o seu recoñecemento da obriga.

De conformidade co disposto nos vixentes Estatutos da Fundación de Deportes.

R E S O L V O:

1.- Aprobar o recoñecemento da obriga da Relación de Facturas correspondente ao subministro de Enerxía Eléctrica das instalacións deportivas municipais, mes de agosto, por importe total de 13.517,84 €, con cargo ás partidas 342-221,00.

2.- Que a presente Resolución sexa dada conta ao Consello Reitor da Fundación de Deportes, na vindeira sesión que celebre.

Así o dispón e asina o Sr. presidente da Fundación de Deportes, en Vilagarcía de Arousa, a trinta e un de agosto de dous mil vinte e dous, ante mín a secretaria/delegada, que Certifica.

Concello de
Vilagarcía de Arousa
Fundación de Deportes

Praza Ravella, 1
36600 · Vilagarcía de Arousa
T 986 56 68 98
CIF: P/8660001-B
fdeportes@vilagarcia.es ·www.vilagarcia.es

RESOLUCIÓN DO SR. PRESIDENTE DA FUNDACIÓN PÚBLICA DE SERVIZOS DEPORTIVOS MUNICIPAIS DO EXCMO. CONCELLO DE VILAGARCÍA DE AROUSA
D. ARGIMIRO SERÉN MERA

Vistos os escritos presentados pola Asociación Deportiva e Cultural EncestaRías nos que solicitan, autorización do uso do Pavillón nº 1 do Complexo Deportivo Municipal Fontecarmoa, para a celebración do VII TORNEO ENCESTARÍAS, os vindeiros días 9 e 10 de setembro do presente ano e, outras peticións sinaladas nos seus escritos. Asemade vistos os informes do Sr. director Deportivo en relación ao asunto.

De conformidade co disposto nos vixentes Estatutos da Fundación de Deportes.

R E S O L V O:

1.- Autorizar á Asociación Deportiva e Cultural EncestaRías, para a celebración VII TORNEO ENCESTARÍAS, o uso dos Pavillóns do Complexo Deportivo Municipal Fontecarmoa, no seguinte horario:

INSTALACIÓN DEPORTIVA	**DÍA**	**HORARIO/CONCEPTO**
Pavillón nº 1	08/09/2022	09:00-14:00 horas (montaxe)
		16:00-23:00 horas (montaxe)
	09/09/2022	09:00-14:00 h. (desenvolvemento)
		16:00-23:30 h. (desenvolvemento)
	10/09/2022	09:00-23:00 (desenvolvemento)
	11-12/09/22	Horario de apertura da instalación (desmontaxe)
Pavillón nº 2	09/09/2022	20:00-21:15 horas (quencemento equipos 2º partido)
	10/09/2021	19:00-20:15 horas (quencemento equipos 2º partido)

No relativo á solicitude de autorización do uso pavillón nº 2 para adestramentos, os vindeiros días 09-10/09/2022 en horario de maña, deberá na maior brevidade posible presentar os horarios de uso, para a súa aprobación, se procede, pola Dirección Deportiva.

Praza Ravella, 1
36600 · Vilagarcía de Arousa
T 986 56 68 98
CIF: P/8660001-B
fdeportes@vilagarcia.es ·www.vilagarcia.es

2.- Comunicarlle que deberá deixar nas mesmas condicións en que se lle prestan as citadas instalacións e, responsabilizándose dos danos ou desperfectos que poideran causar os participantes na citada actividade.

3.- Comunicarlle que non é posible acceder a súa solicitude de autorización da montaxe do graderío nos fondos do pavillón nº1, polo que se solicitará ao Departamento de Obras 80 cadeiras de plástico como sustitución do graderío solicitado.

4.- Trasladar á Xunta de Goberno Local, para a súa aprobación se procede, das solicitudes de:

. Autorización do uso da Praza Ravella, para levar a cabo o Acto de Presentación previsto para vindeiro día 6 do presente mes, ás 13:00 horas, conforme o informe da policía local.

. Autorización para a colocación de 3 pancartas nas vías de acceso a cidade.

5.- Aprobar a cesión de 10 mesas, que polo Servizo de Mantemento se leve a cabo a súa colocación, dentro das dispoñibilidades existentes do Servizo de Mantemento, na súa xornada laboral, sen que isto xenere horas extraordinarias ao Servizo.

6.- Trasladar aos departamentos do Excmo.Concello de Vilagarcía de Arousa que a continuación se relacionan as necesidades de colaboración, para a súa aprobación, se procede:

- Departamento do Auditorio:
  . Acto de presentación (06/09/2022-Praza Ravella), cesión dun Equipo de Son.
  . Desenvolvemento , cesión de 50 cadeiras para os banquillos.
- Servizo de Electricidade do Concello.- A colocación de enchufes en todos os vestiarios.
- Departamento de Obras:
  . Acto de presentación (06/09/2022-Praza Ravella), cesión dun palco de 4x4 m^2 e 50 cm de alto e, a cesión de 30 cadeiras.
  . Desenvolvemento, a cesión de 180 cadeiras de plástico, 15 valadas e, o uso do camión para o traslado do material loxístico da organización, debendo na maior brevidade posible concretar o horario que precisan.

Praza Ravella, 1
36600 · Vilagarcía de Arousa
T 986 56 68 98
CIF: P/8660001-B
fdeportes@vilagarcia.es ·www.vilagarcia.es

- Área de Comunicación.- O diseño de cartelería e colocación da mesma en zonas de alta visibilidade e da realización de 3 lonas xenéricas para colocar nas entradas ao Concello (solicitadas polo Club/Entidade Deportiva ao propio departamento).
- Departamento da Policía Local.- A reserva de estacionamento para os autobuses.
- Agrupación de Voluntarios de Protección Civil.- A colaboración coa súa ambulancia e seu persoal necesario, para o desenvolvemento do citado evento.

7.- No relativo a dotar a instalación de wifi temporal para o desenvolvemento do devandito evento, comunicarlle que a instalación xa conta cunha municipal, de non chegarlle a capacidade da mesma, o club organizador debe ser o que contrate a wifi temporal.

8.-Autorizar o acotamento dunha zona lateral do aparcamento principal do CDM de Fontecarmoa para os vehículos da organización, tendo que dispoñer dun cartel indicativo.

9.- Autorizar a colocación dunha lona publicitaria, entre as columnas do porche do Pavillón nº1.

10.- Autorizar o uso do local destinado a cafetería do pavilllón nº1 do Complexo Deportivo Municipal Fontecarmoa, cumprindo coa lexislación vixente na materia.

11.- Conceder 6 trofeos para entrega de trofeos.

12.- Aprobar a realización da limpeza extraordinaria de vestiarios e bancadas do Pavillón nº 1 do C.D.M. de Fontecarmoa o día 10 do presente mes.

13.- Comunicarlle que deberá cumprir, co establecido no Regulamento Interno das instalacións deportivas Municipais, en materia de publicidade e Ordenanza Municipal de Ruídos e Vibracións, adaptando as súa emisións sonoras aos límites establecidos na mesma.

14.- Comunicarlle que previo ao inicio do montaxe/celebración da citada actividade-evento (data límite antelación de 72 horas), deberá presentar a seguinte documentación:

14.1) A póliza de Seguros de Responsabilidade Civil e a póliza de seguros de accidentes para todos os participantes da devandita actividade.

Praza Ravella, 1
36600 · Vilagarcía de Arousa
T 986 56 68 98
CIF: P/8660001-B
fdeportes@vilagarcia.es ·www.vilagarcia.es

14.2) Plan de autoprotección do evento no pavillón Nº 1 asinado polo Técnico competente e inscrito no REGAPE, onde se dispoñan as actuacións ante as diferentes emerxencias que poden darse durante o evento.

14.3) O plano de situación e ocupación do desenvolvemento do evento, documentación que acredite a circunstancia de traballador ou voluntariado (declaración xurada da persoa, debéndose poñerlles en coñecemento das normas de seguridade e saúde no traballo que fosen de aplicación, así como da obriga de portar identificación) e, o compromiso por escrito de xeito pormenorizado de manter o cumprimento de todas as súas obrigas (declaración xurada do Club/Entidade Deportiva).

14.4) No caso do montaxe de calqueira estructura, deberá contar coa certificación emitida por Técnico competente, que garante a súa solidez, estabilidade, seguridade para o público e idoneidade de acordo coa lexislación de aplicación. Debendo realizar a citada certifiacción en presencia do responsable da devandita instalación. Así como, no seu caso, de que o montaxe das estructuras existan instalacións eléctricas, de gas, neumáticas, etc…, os certificados de montaxe deberán indicar de xeito explícito que cumpren coa lexislación específica relativa a cada unha delas.

14.5) Presentación da certificación emitida por profesional con competencia na materia que acredite o cumprimento da lexislación relativa a seguridade alimentaria, cando se teñan que manipular alimentos/bebidas no recinto; no caso de que a manipulación estivese a cargo de empresas/persoal que tivese obriga de estar inscrito nos rexistros REGASA ou RGSEAA, deberá acreditar a mesma. Tamén se deberá presentar certificación da aptitude das instalacións implicadas no proceso de elaboración, tanto no seu aspecto alimentario coma técnico.

14.6) No caso de consumo de alimentos e bebidas, si os mesmos están en envases debidamente precintados porán ser distribuidos por persoal que conte coa cualificación pertinente.

15.- Comunícaselle que deberá cumprir coa normativa vixente en materia de Seguridade e Protección das persoas que asistan á actividade, indicándolle que:

a) A/s porta/s de emerxencia e as vías de evacuación manteranse desbloqueadas e libres de obstáculos en todo momento durante o desenvolvemento da actividade, non estando permitido facer outro uso das mesmas (instalación de mobiliario, pasos de mangueiras, tubos, cables, etc…).

Praza Ravella, 1
36600 · Vilagarcía de Arousa
T 986 56 68 98
CIF: P/8660001-B
fdeportes@vilagarcia.es ·www.vilagarcia.es

b) Non se permite a instalación de ningún elemento que oculte ou dificulte a visualización da sinalización de evacuación, nin das luminarias de emerxencias existentes.

c) Non se permite dentro da instalación o uso de ningún elemento inflamable ou explosivo.

Lémbraselles a prohibición da venda de tabaco e bebidas alcohólicas e, a entrada de vasos ou obxectos de vidrio nas instalacións deportivas, conforme ao Regulamento Interno da Fundación de Deportes, aprobado polo Consello Reitor con data 14/09/2017 e a súa normativa vixente, co cumprimento estrito da lexislación en relación o consumo e venda de bebidas alcohólicas. En concreto as relativas o consumo de bebidas alcohólicas nos eventos deportivos e nos relacionados co público infantil. Isto tamén implica a ausencia total de publicidade, imaxes, marcas, logotipos, etc. en relación ao tema.

16.- Que a presente Resolución sexa dada conta ao Consello Reitor da Fundación de Deportes, na vindeira sesión que celebre.

Así o dispón e asina o Sr. presidente da Fundación de Deportes, en Vilagarcía de Arousa, un de setembro de dous mil vinte e dous, ante mín a secretaria/delegada, que Certifica.

Concello de
Vilagarcía de Arousa
Fundación de Deportes

Praza Ravella, 1
36600 · Vilagarcía de Arousa
T 986 56 68 98
CIF: P/8660001-B
fdeportes@vilagarcia.es ·www.vilagarcia.es

RESOLUCIÓN DO SR. PRESIDENTE DA FUNDACIÓN PÚBLICA DE SERVIZOS DEPORTIVOS MUNICIPAIS DO EXCMO. CONCELLO DE VILAGARCÍA DE AROUSA
D. ARGIMIRO SERÉN MERA

Visto o informe-proposta do Sr. director Deportivo, relativa á aprobación do orzamento de gastos para a organización do XI TRIATLON CONCELLO DE VILAGARCÍA-CAMPIONATO GALEGO POR EQUIPOS CONTRARELOXO, ano 2022, por importe total de 24.709,30 € e, co seguinte desglose:

CONCEPTO	**IMPORTE**
Control e dirección de carreira	12.849,30 .-
Camisetas agasallo aos participantes	1.600,00 .-
Taxas Portos de Galicia	60,00 .-
Avituallamentos	700,00 .-
Servicios Federación Galega de Tríatlon	1.600,00 .-
Difusión de imaxes da proba	1.000,00 .-
Aluguer de 350 valadas	2.300,00 .-
Seguro accidentes para os voluntarios	300,00 .-
Servicio de ambulancia	1.300,00 .-
Médico	800,00 .-
Trofeos	400,00 .-
Imprevistos	600,00 .-
Premios en métalico	1.200,00 .-
Total ……..	24.709,30 €

Así como sinala que o importe do Concepto de Premios en Metálico, débese aprobar unha provisión de Fondos a favor do Sr. director Deportivo.

Asemade propón a aprobación da cota de inscrición para os Equipos Senior, tanto da proba Open como o Campionato Galego Absoluto, conforme ao regulamento que establece a citada cota por importe de 60,00 €/equipo, a cal non figura no Acordo Regulador nº III.5 do prezo público pola utilización das Instalacións deportivas Municipais de Vilagarcía de Arousa e otros servizos, polo que debería ser aprobada pola Xunta de Goberno Local.

De conformidade co disposto nos vixentes Estatutos da Fundación de Deportes.

R E S O L V O:

Concello de
Vilagarcía de Arousa
Fundación de Deportes

Praza Ravella, 1
36600 · Vilagarcía de Arousa
T 986 56 68 98
CIF: P/8660001-B
fdeportes@vilagarcia.es ·www.vilagarcia.es

1.- Aprobar o orzamento de gastos para a organización da XI TRIATLON CONCELLO DE VILAGARCÍA, CAMPIONATO GALEGO POR EQUIPOS CONTRARELOXO ano 2022, por importe total de 24.709,30 € e, co seguinte desglose:

CONCEPTO	**MPORTE**	**PARTIDA**
Control e dirección de carreira	12.849,30 .-	342-226,09
Camisetas agasallo aos participantes	1.600,00 .-	342-226,09
Taxas Portos de Galicia	60,00 .-	342-226,09
Avituallamentos	700,00 .-	342-226,09
Servicios Federación Galega de Tríatlon	1.600,00 .-	342-226,09
Difusión de imaxes da proba	1.000,00 .-	342-226,02
Aluguer de 350 valadas	2.300,00 .-	342-226,09
Seguro accidentes para os voluntarios	300,00 .-	342-224,00
Servicio de ambulancia	1.300,00 .-	342-226,09
Médico	800,00 .-	342-226,09
Trofeos	400,00 .-	342-226,9901
Imprevistos	600,00 .-	342-226,09
Premios en métalico	1.200,00 .-	342-481,00
Total ……..	24.709,30 €	

2.- Aprobar a Provisión de Fondos e o seu recoñecemento de obriga a favor de D. Juan Miguel Doval Blanco, director Deportivo da Fundación de Deportes, para o pagamento do gasto dos Premios en Metálico, por importe total de 1.200,00 €., con cargo á partida 342-481,00.

3.- Remitir á Xunta de Goberno Local, a proposta da cota de inscrición para os Equipos Senior, tanto da proba Open como o Campionato Galego Absoluto, conforme ao regulamento que establece a citada cota por importe de 60,00 €/equipo e, conforme ao Acordo Regulador nº III.5 en vigor, que establece no seu artigo 13**: "FIXACIÓN DO PREZO",** que corresponde a súa aprobación á Xunta de Goberno Local.

Praza Ravella, 1
36600 · Vilagarcía de Arousa
T 986 56 68 98
CIF: P/8660001-B
fdeportes@vilagarcia.es ·www.vilagarcia.es

4.- Que a presente Resolución sexa dada conta ao Consello Reitor da Fundación de Deportes, na vindeira sesión que celebre.

Así o dispón e asina o Sr. presidente da Fundación de Deportes, en Vilagarcía de Arousa, a dous de setembro de dous mil vinte e dous, ante mín a secretaria/delegada, que Certifica.

Concello de
Vilagarcía de Arousa
Fundación de Deportes

Praza Ravella, 1
36600 · Vilagarcía de Arousa
T 986 56 68 98
CIF: P/8660001-B
fdeportes@vilagarcia.es ·www.vilagarcia.es

RESOLUCIÓN DO SR. PRESIDENTE DA FUNDACIÓN PÚBLICA DE SERVIZOS DEPORTIVOS MUNICIPAIS DO EXCMO. CONCELLO DE VILAGARCÍA DE AROUSA
D. ARGIMIRO SERÉN MERA

Vista e comprobada a factura nº CI0919627857 a favor da empresa VODAFONE ESPAÑA, S.A.U., correspondente aos consumos dos móbiles da Fundación de Deportes, periodo do 08/06-07/07/2022, aprobada pola Xunta de Goberno Local en sesión con data 05/09/2022, que se presenta para a súa contabilización o seu recoñecemento da obriga, no programa contable da Fundación de Deportes e, o seu pagamento en Formalización, por importe de 294,80 €.

De conformidade co disposto nos vixentes Estatutos da Fundación de Deportes.

R E S O L V O:

1.- Aprobar o recoñecemento da obriga da factura nº CI0919627857 a favor da empresa VODAFONE ESPAÑA, S.A.U., correspondente aos consumos dos móbiles da Fundación de Deportes, periodo do 08/06-07/07/2022, aprobada pola Xunta de Goberno Local en sesión con data 05/09/2022, por importe de 294,80 €, con cargo á partida 342-222,00 e, que se levará a cabo a contabilidade do seu pagamento en Formalización.

2.- Que a presente Resolución sexa dada conta ao Consello Reitor da Fundación de Deportes, na vindeira sesión que celebre.

Así o dispón e asina o Sr. presidente da Fundación de Deportes, en Vilagarcía de Arousa, a cinco de setembro de dous mil vinte e dous, ante mín a secretaria/delegada, que Certifica.

Concello de
Vilagarcía de Arousa
Fundación de Deportes

Praza Ravella, 1
36600 · Vilagarcía de Arousa
T 986 56 68 98
CIF: P/8660001-B
fdeportes@vilagarcia.es ·www.vilagarcia.es

RESOLUCIÓN DO SR. PRESIDENTE DA FUNDACIÓN PÚBLICA DE SERVIZOS DEPORTIVOS MUNICIPAIS DO EXCMO. CONCELLO DE VILAGARCÍA DE AROUSA
D. ARGIMIRO SERÉN MERA

Visto o informe-proposta do Sr. presidente conforme ao informe-proposta da Dirección Deportiva, relativa á aprobación dos orzamentos presentados polas empresas/Entidades que a continuación se relacionan, polos conceptos de gastos para a organización do XI TRIATLON CONCELLO DE VILAGARCÍA-CAMPIONATO GALEGO POR EQUIPOS CONTRARELOXO, ano 2022, aprobados pola Resolución do Sr. presidente con data 02/09/2022 por importe total de 24.709,30 € e, no que se presentan para a súa adxudicación, por importe total de 15.877,11 €, co seguinte desglose:

PROVEEDOR	**CONCEPTO**	**IMPORTE**
MULTISPORTS GALICIA, S.L.U.	Dirección e control da Proba e Camisetas agasallos participantes	14.516,98 .-
AMBULACIAS DO NORDÉS, S.L.	Servizo de Ambulancia	1.300,00 .-
PORTOS DE GALICIA	Taxa Portos de Galicia (Procedemento AF500A)	60,13 .-
	Total ……..	15.877,11 €

Así como propón á aprobación do recoñecemento de obriga e pagamento por anticipado a favor de Portos de Galicia, pola Autoliquidación da taxa do procedemento IF500A (autorización de ocupación de dominio público portuario competencia da comunidade autónoma de Galicia con destino á realización de espectáculos públicos e actividades recreativas), por importe de 60,13 €.

De conformidade co disposto nos vixentes Estatutos da Fundación de Deportes.

R E S O L V O:

1.- Adxudicar ás empresas/Entidades que a continuación se relacionan, polos conceptos de gastos para a organización do XI TRIATLON CONCELLO DE VILAGARCÍA-CAMPIONATO GALEGO POR EQUIPOS CONTRARELOXO, ano 2022, aprobado o seu gasto pola Resolución do Sr. presidente con data 02/09/2022, por importe total de 15.877,11 €, con cargo á partida 342-226,09 e, co seguinte desglose:

Praza Ravella, 1
36600 · Vilagarcía de Arousa
T 986 56 68 98
CIF: P/8660001-B
fdeportes@vilagarcia.es ·www.vilagarcia.es

PROVEEDOR	**CONCEPTO**	**IMPORTE**
MULTISPORTS GALICIA, S.L.U.	Dirección e control da Proba e Camisetas agasallos participantes	14.516,98 .-
AMBULACIAS DO NORDÉS, S.L.	Servizo de Ambulancia	1.300,00 .-
PORTOS DE GALICIA	Taxa Portos de Galicia (Procedemento AF500A)	60,13 .-
	Total ……..	15.877,11 €

2.- Comunícaselles que dende o día 15 de xaneiro de 2015, entrou en vigor a facturación electrónica (Lei 25/2013 de 27 de decembro), por iste motivo se informa aos proveedores da obriga de incluir nas facturas que emitan a esta Fundación de Deportes os Códigos DIR 3 deste Organismo Autónomo e a traves da plataforma do estado FACE:

DIR 3: FUNDACIÓN DE DEPORTES	
OC: LA0003309	INTERVENCIÓN DELEGADA
OG: LA0003309	PRESIDENCIA
UT: LA0003309	ADMINISTRACIÓN

(Recoméndase que estos códigos figuren xunto cos datos identificativos da Fundación de Deportes: Fundación de Deportes Concello de Vilagarcía de Arousa – P8660001B
Praza Ravella nº 1
36600 Vilagarcía de Arousa
Pontevedra)

3.- Aprobar o recoñecemento de obriga e pagamento por anticipado a favor de Portos de Galicia, pola Autoliquidación da taxa do procedemento IF500A (autorización de ocupación de dominio público portuario competencia da comunidade autónoma de Galicia con destino á realización de espectáculos públicos e actividades recreativas), por importe de 60,13 €., con cargo á partida 342-226,09.

4.- Que a presente Resolución sexa dada conta ao Consello Reitor da Fundación de Deportes, na vindeira sesión que celebre.

Así o dispón e asina o Sr. presidente da Fundación de Deportes, en Vilagarcía de Arousa, a nove de setembro de dous mil vinte e dous, ante mín a secretaria/delegada, que Certifica.

Concello de
Vilagarcía de Arousa
Fundación de Deportes

Praza Ravella, 1
36600 · Vilagarcía de Arousa
T 986 56 68 98
CIF: P/8660001-B
fdeportes@vilagarcia.es ·www.vilagarcia.es

RESOLUCIÓN DO SR. PRESIDENTE DA FUNDACIÓN PÚBLICA DE SERVIZOS DEPORTIVOS MUNICIPAIS DO EXCMO. CONCELLO DE VILAGARCÍA DE AROUSA
D. ARGIMIRO SERÉN MERA

Visto o escrito do Club Arosa, S.C. no que solicita, autorización de uso do Estadio Municipal de A Lomba, para levar a cabo os encontros de Liga de División de Honra do seu equipo Xuvenil A, na tempada 2022/23. Así como visto o informe do Sr. director Deportivo en relación ao asunto.

De conformidade co disposto nos vixentes Estatutos da Fundación de Deportes.

R E S O L V O:

1.- Autorizar en precario ao Club Arosa, S.C. o uso do Estadio Municipal de A Lomba, para levar a cabo os encontros de Liga de División de Honra do seu equipo Xuvenil A, na tempada 2022/23, sempre e tanto que non haxa coincidencia de máis encontros ese fin de semana e, no seu caso, dependerá das condicións atmosféricas, as cales poderán conlevar o desvío a outro Campo de Fútbol MunicipaL o encontro do seu equipo xuvenil A. Quedando en todo caso, supeditada ás necesidades que poidese ter a Fundación de Deportes.

2.- Que a presente Resolución sexa dada conta ao Consello Reitor da Fundación de Deportes, na vindeira sesión que celebre.

Así o dispón e asina o Sr. presidente da Fundación de Deportes, en Vilagarcía de Arousa, a catorce de setembro de dous mil vinte e dous, ante mín a secretaria/delegada, que Certifica.

Concello de
Vilagarcía de Arousa
Fundación de Deportes

Praza Ravella, 1
36600 · Vilagarcía de Arousa
T 986 56 68 98
CIF: P/8660001-B
fdeportes@vilagarcia.es ·www.vilagarcia.es

RESOLUCIÓN DO SR. PRESIDENTE DA FUNDACIÓN PÚBLICA DE SERVIZOS DEPORTIVOS MUNICIPAIS DO EXCMO. CONCELLO DE VILAGARCÍA DE AROUSA
D. ARGIMIRO SERÉN MERA

Vistos os escritos presentados polos representantes de grupos de afeccionados que a continuación se relacionan, no que solicitan autorización para o uso dunha Instalación Deportiva Municipal, os días e horas seguintes:

REPRESENTANTE	**INSTALACIÓN**	**DÍAS**	**HORAS**
D. MARIO LASTRA GAMARRA	Pav. M. de FAXILDE	LUNS	22:00-23:00 h.
D. JOSÉ RAMÓN REY REY (e/r do G.F. MOCEDADE DA TORRE-83)	Pav. M. da TORRE	LUNS	21:00-22:00 h.
DNA. ELVIRA LORENZO BERNARDEZ	Pav. M. da TORRE	DOMINGOS	09:30-11:30 h.

Así como visto o informe do Sr. director Deportivo en relación ao asunto.

De conformidade co disposto nos vixentes Estatutos da Fundación de Deportes.

R E S O L V O:

1.- Autorizar en precario aos Sres/as. Lastra, Lorenzo, Mocedade da Torre….o uso dos Pavillóns Municipais, os días e horas que a continuación se indican, a partir do día da semana sinalado por cada un, seguinte á recepción da notificación do presente acordo e, ata o derradeiro día da semana sinalado por cada un deles/as do mes de maio. Quedando en todo caso, supeditada ás necesidades que poidese ter a Fundación de Deportes.

REPRESENTANTE	**INSTALACIÓN**	**DÍAS**	**HORAS**
D. MARIO LASTRA GAMARRA	Pav. M. de FAXILDE	LUNS	22:00-23:00 h.
D. JOSÉ RAMÓN REY REY (e/r do G.F. MOCEDADE DA TORRE-83)	Pav. M. da TORRE	LUNS	21:00-22:00 h.
DNA. ELVIRA LORENZO BERNARDEZ	Pav. M. da TORRE	DOMINGOS	09:30-11:30 h.

2.- Comunicarlles que deberán ingresar previo uso das citadas instalacións, mensualmente, a cota do prezo público correspondente conforme ao establecido no Acordo Regulador nº17 en vigor (6,00 €/hora), que poderá abona-lo por meses anticipados,

Praza Ravella, 1
36600 · Vilagarcía de Arousa
T 986 56 68 98
CIF: P/8660001-B
fdeportes@vilagarcia.es ·www.vilagarcia.es

descontando do citado prezo público, no seu caso, todas aquelas persoas que posúan o Carné Fundación e, unha Fianza Depósito por importe de 100,00 € (todos aqueles grupos que non a teñan ingresada ou solicitaran a súa devolución en tempadas anteriores), para garantir o bó uso das mesmas, que será devolta, unha vez finalizada a súa autorización, previa presentación de solicitude de devolución, na conta da Fundación de Deportes da Entidade Bancaria ABANCA (E70 2080 5067 193040060053). No caso de que desista da súa autorización de uso, deberá comunica-lo por escrito na oficina da Fundación de Deportes, aos efectos de suspensión de cobro do citado prezo público.

3.- Comunicarlle que deberá presentar unha relación nominal das persoas do seu grupo de afeccionados, cos seguintes datos: Nome e Apelidos e, número do Documento Nacional de Identade (D.N.I.), así como indicar aquelas persoas que posúan Carné da Fundación de Deportes, que será comprobado polo Sr. Conserxe antes do comezo da súa actividade.

4.- Comunicarlle que cando transcurra un mes sen que o grupo autorizado asista no seu horario, sen previo aviso, e non habendo efectuado o pago correspondente a ese mes, se lle incautará a Fianza-Depósito, anulándoselles automaticamente a súa autorización.

5.- Que a presente Resolución sexa dada conta ao Consello Reitor da Fundación de Deportes, na vindeira sesión que celebre.

Así o dispón e asina o Sr. presidente da Fundación de Deportes, en Vilagarcía de Arousa, catorce de outubro de dous mil dezanove, ante mín a secretaria/delegada.

Concello de
Vilagarcía de Arousa
Fundación de Deportes

Praza Ravella, 1
36600 · Vilagarcía de Arousa
T 986 56 68 98
CIF: P/8660001-B
fdeportes@vilagarcia.es ·www.vilagarcia.es

RESOLUCIÓN DO SR. PRESIDENTE DA FUNDACIÓN PÚBLICA DE SERVIZOS DEPORTIVOS MUNICIPAIS DO EXCMO. CONCELLO DE VILAGARCÍA DE AROUSA
D. ARGIMIRO SERÉN MERA

Vistos os escritos presentados polo Club Baloncesto Vilagarcía nos que solicitan, autorización do uso do Pavillóns nº 1 do Complexo Deportivo Municipal Fontecarmoa, para a celebración dos Actos da 2ª parte do XXV Vilagarcía Basket Cup Helena Mariño, os vindeiros días 15 e 16 do presente mes, a partir das 17:30 horas, nos que se desenvolverán uns encontros dos Clubes/Entidades Deportivas: Budyvelnik Kiev - Cáceres (día 15/09/2022) e Cáceres - Oviedo (día 16/09/2022) así como solicitan o seguinte:

- Instalación da pancarta da Vilagarcía Basket Cup no Pavillón nº1 do Complexo Deportivo Municipal Fontecarmoa.
- Canastras e marcadores de posesión.
- Vestiarios para os equipos e os árbitros.
- Acceso á megafonía
- Cesión de 60 cadeiras para os banquilllos e 2 mesas.

Asi como visto o informe do Sr. director Deportivo en relación ao asunto.

De conformidade co disposto nos vixentes Estatutos da Fundación de Deportes.

R E S O L V O:

1.- Autorizar ao Club Baloncesto Vilagarcía o uso do pavillón nº1 do Complexo Deportivo Municipal Fontecarmoa os días 15 e 16 do presente mes, de 17:30-21:30 horas. Comunicarlle que deberá deixar nas mesmas condicións en que se lle prestan a citada instalación e, responsabilizándose dos danos ou desperfectos que poideran causar os participantes na citada actividade.

2.- Comunicarlle que os citados días, os horarios concedidos para adestramentos, tempada 2022/23 ao devandito Club das instalacións deportivas: Pavillón nº 2 do Complexo Deportivo Municipal Fontecarmoa e Pavillón Municipal Castelao, que coincidan coa presente solicitude, autorizaraselles á Agrupación Deportiva Cortegada, para que non se vexa perxudicado na súa planificación polo desenvolvemento do citado evento.

Praza Ravella, 1
36600 · Vilagarcía de Arousa
T 986 56 68 98
CIF: P/8660001-B
fdeportes@vilagarcia.es ·www.vilagarcia.es

3.- Aprobar a cesión de 2 mesas, que polo Servizo de Mantemento se leve a cabo a súa colocación, dentro das dispoñibilidades existentes do Servizo de Mantemento, na súa xornada laboral, sen que isto xenere horas extraordinarias ao Servizo.

4.- Trasladar ao departamento de obras do Exmo. Concello de Vilagarcía de Arousa que a continuación se relacionan, a cesión de 40 cadeiras, para a súa aprobación se procede:

5.- Autorizar a colocación dunha pancarta, entre as columnas do porche ou no interior do Pavillón nº1 do Complexo Deportivo Municipal Fontecarmoa.

6.- Comunicarlle que deberá cumprir, co establecido no Regulamento Interno das instalacións deportivas Municipais, en materia de publicidade e Ordenanza Municipal de Ruídos e Vibracións, adaptando as súa emisións sonoras aos límites establecidos na mesma.

7.- Comunicarlle que previo ao inicio da celebración da citada actividades (data límite antelación de 72 horas), deberá presentar seguinte documentación:

7.1) A póliza de Seguros de Responsabilidade Civil e a póliza de seguros de accidentes para todos os participantes da devandita actividade.

7.2) Aportarase un compromiso escrito, de xeito pormenorizado, de manter cumprimento de todas as obrigas precisas para o desenvolvemento durante todo o período que abranguen os mesmos, e dicir dende a entrada ao recinto ata a saída definitiva.

7.3) O plano de situación e ocupación do desenvolvemento do evento, documentación que acredite a circunstancia de traballador ou voluntariado (declaración xurada da persoa, debéndose poñerlles en coñecemento das normas de seguridade e saúde no traballo que fosen de aplicación, así como da obriga de portar identificación) e, o compromiso por escrito de xeito pormenorizado de manter o cumprimento de todas as súas obrigas (declaración xurada do Club/Entidade Deportiva).

7.4) No caso do montaxe de calqueira estructura, deberá contar coa certificación emitida por Técnico competente, que garante a súa solidez, estabilidade, seguridade para o público e idoneidade de acordo coa lexislación de aplicación. Debendo realizar a citada certifiacción en presencia do responsable da devandita instalación. Así como, no seu caso, de que o montaxe das estructuras existan instalacións eléctricas, de gas, neumáticas, etc…, os

Praza Ravella, 1
36600 · Vilagarcía de Arousa
T 986 56 68 98
CIF: P/8660001-B
fdeportes@vilagarcia.es ·www.vilagarcia.es

certificados de montaxe deberán indicar de xeito explícito que cumpren coa lexislación específica relativa a cada unha delas.

8.- Comunicarlle que deberá cumprir coa normativa vixente en materia de Seguridade e Protección das persoas que asistan á actividade, indicándolle que:

a) A/s porta/s de emerxencia e as vías de evacuación manteranse desbloqueadas e libres de obstáculos en todo momento durante o desenvolvemento da actividade, non estando permitido facer outro uso das mesmas (instalación de mobiliario, pasos de mangueiras, tubos, cables, etc…).

b) Non se permite a instalación de ningún elemento que oculte ou dificulte a visualización da sinalización de evacuación, nin das luminarias de emerxencias existentes.

c) Non se permite dentro da instalación o uso de ningún elemento inflamable ou explosivo.

Así como lémbraselle a prohibición da venda de tabaco e bebidas alcohólicas e, a entrada de vasos ou obxectos de vidrio nas instalacións deportivas, conforme ao Regulamento Interno da Fundación de Deportes, aprobado polo Consello Reitor con data 06/06/2013 e a súa normativa vixente.

9.- Que a presente Resolución sexa dada conta ao Consello Reitor da Fundación de Deportes, na vindeira sesión que celebre.

Así o dispón e asina o Sr. presidente da Fundación de Deportes, en Vilagarcía de Arousa, a catorce de setembro de dous mil vinte e dous, ante mín a secretaria/delegada, que Certifica.

Concello de
Vilagarcía de Arousa
Fundación de Deportes

Praza Ravella, 1
36600 · Vilagarcía de Arousa
T 986 56 68 98
CIF: P/8660001-B
fdeportes@vilagarcia.es ·www.vilagarcia.es

RESOLUCIÓN DO SR. PRESIDENTE DA FUNDACIÓN PÚBLICA DE SERVIZOS DEPORTIVOS MUNICIPAIS DO EXCMO. CONCELLO DE VILAGARCÍA DE AROUSA
D. ARGIMIRO SERÉN MERA

Visto o escrito da ANPA SAN MARTIÑO DE SOBRAN do CEIP de Vilaxoán no que solicita, autorización do uso do Pavillón Municipal de Faxilde, para poder levar a cabo o desenvolvemento de actividades extraescolares programadas pola devandita ANPA indicadas no seu escrito, curso 2022/23, os luns, martes, xoves e venres de 16:00-17:00 horas e os mércores de 16:00 a 18:00. Así como visto o informe do Sr. director Deportivo en relación ao asunto.

De conformidade co disposto nos vixentes Estatutos da Fundación de Deportes.

R E S O L V O:

1.- Autorizar á ANPA SAN MARTIÑO DE SOBRAN do CEIP de Vilaxoán, o uso do pavillón Municipal de Faxilde, para poder levar a cabo o desenvolvemento de actividades extraescolares indicadas no seu escrito, curso 2022/23, os luns, martes, xoves e venres de 16:00-17:00 horas e os mércores de 16:00 a 18:00 horas. Debendo previo ao uso, indicar quen será o/s responsable/s nas citadas actividades, que deberá estar presente, no horario autorizado.

2.- Comunicarlles que deberán deixar nas mesmas condicións en que se lle presta e responsabilizarse dos danos ou desperfectos que poideran causarse na devandita instalación polos participantes na citada actividade.

3.- Comunicarlle que previo ao inicio da devandita actividade, deberá presentar a póliza de Seguros de Responsabilidade Civil para as citadas actividades e a póliza de seguros de accidentes para todos os participantes das devanditas actividades.

4.- Comunícaselles que deberá cumprir coa normativa vixente en materia de Seguridade e Protección das persoas que asistan á actividade, indicándolle que:

Praza Ravella, 1
36600 · Vilagarcía de Arousa
T 986 56 68 98
CIF: P/8660001-B
fdeportes@vilagarcia.es ·www.vilagarcia.es

a) A/s porta/s de emerxencia e as vías de evacuación manteranse desbloqueadas e libres de obstáculos en todo momento durante o desenvolvemento da actividade, non estando permitido facer outro uso das mesmas (instalación de mobiliario, pasos de mangueiras, tubos, cables, etc…).

b) Non se permite a instalación de ningún elemento que oculte ou dificulte a visualización da sinalización de evacuación, nin das luminarias de emerxencias existentes.

c) Non se permite dentro da instalación o uso de ningún elemento inflamable ou explosivo.

5.- Que a presente Resolución sexa dada conta ao Consello Reitor da Fundación de Deportes, na vindeira sesión que celebre.

Así o dispón e asina o Sr. presidente da Fundación de Deportes, en Vilagarcía de Arousa, a quince de setembro de dous mil vinte e dous, ante mín a secretaria/delegada, que Certifica.

Concello de
Vilagarcía de Arousa
Fundación de Deportes

Praza Ravella, 1
36600 · Vilagarcía de Arousa
T 986 56 68 98
CIF: P/8660001-B
fdeportes@vilagarcia.es ·www.vilagarcia.es

RESOLUCIÓN DO SR. PRESIDENTE DA FUNDACIÓN PÚBLICA DE SERVIZOS DEPORTIVOS MUNICIPAIS DO EXCMO. CONCELLO DE VILAGARCÍA DE AROUSA
D. ARGIMIRO SERÉN MERA

Vista a proposta do Sr. director Deportivo relativa á aprobación da coorganización coa Asociación Special Olimpics Galicia, para a celebración da 10º MARCHA CICLISTA UNIFICADA PARA PERSOAS CON E SEN DISCAPACIDADE INTELECTUAL SPECIAL OLYMPICS GALICIA, o vindeiro día 2 de outubro do presente ano, que se levará a cabo polas rúas do Concello.

De conformidade co disposto nos vixentes Estatutos da Fundación de Deportes.
R E S O L V O:

1.- Aprobar a coorganización coa Asociación Special Olimpics Galicia, para a celebración da 10º MARCHA CICLISTA UNIFICADA PARA PERSOAS CON E SEN DISCAPACIDADE INTELECTUAL, o vindeiro día 2 de outubro do presente ano.

2.- Aprobar a creación dun Comité Organizador, onde estará representada a Asociación solicitante e a Fundación de Deportes, con un representante de cada Entidade e, o que propondrá a aprobación do orzamento de gastos e designación de tarefas, que asumirá cada unha das partes.

3.- Nomear como representantes do citado Comité, por parte da Fundación de Deportes a D. Juan Miguel Doval Blanco, director Deportivo, e pola outra parte a Eunice Mosquera Arnoso, directora técnica da Asociación Special Olimpics Galicia.

4.- Que a presente Resolución sexa dada conta ao Consello Reitor da Fundación de Deportes, na vindeira sesión que celebre.

Así o dispón e asina o Sr. presidente da Fundación de Deportes, en Vilagarcía de Arousa, a vinte e un de setembro de dous mil vinte e dous, ante mín a secretaria/delegada, que Certifica.

Concello de
Vilagarcía de Arousa
Fundación de Deportes

Praza Ravella, 1
36600 · Vilagarcía de Arousa
T 986 56 68 98
CIF: P/8660001-B
fdeportes@vilagarcia.es ·www.vilagarcia.es

RESOLUCIÓN DO SR. PRESIDENTE DA FUNDACIÓN PÚBLICA DE SERVIZOS DEPORTIVOS MUNICIPAIS DO EXCMO. CONCELLO DE VILAGARCÍA DE AROUSA
D. ARGIMIRO SERÉN MERA

Visto o escrito presentado por D. Manuel Crespo Sobral e/r dun grupo de afeccionados no que solicita, autorización do uso do Pavillón Municipal de Guillán, os luns e mércores de 20:00-22:00 horas, para poder levar a cabo a práctica deportiva de badminton. Así como visto o informe do Sr. director Deportivo en relación ao asunto.

De conformidade co disposto nos vixentes Estatutos da Fundación de Deportes.

R E S O L V O:

1.- Autorizar en precario a D. Manuel Crespo Sobral e/r dun grupo de afeccionados, o uso do Pavillón Municipal de Guillán, para poder levar a cabo a práctica deportiva de bádminton, os luns e mércores de 20:00-22:00 horas, a partir do día da semana sinalado, seguinte á recepción da notificación do presente acordo e, ata o derradeiro día da semana sinalado do mes de maio. Quedando en todo caso, supeditada ás necesidades que poidese ter a Fundación de Deportes.

2.- Comunicarlle que deberán ingresar previo uso das citadas instalacións, mensualmente, a cota do prezo público correspondente conforme ao establecido no Acordo Regulador nº III.5 en vigor (6,00 €/hora), que poderá abona-lo por meses anticipados, descontando do citado prezo público, no seu caso, todas aquelas persoas que posúan o Carné da Fundación de Deportes e, unha Fianza Depósito por importe de 100,00 € (faise constar que a devandita fianza está ingresada da tempada anterior), para garantir o bó uso das mesmas, que será devolta, unha vez finalizada a súa autorización, previa presentación de solicitude de devolución, na conta da Fundación de Deportes da Entidade Bancaria ABANCA (ES70 2080 5067 193040060053). No caso de que desista da súa autorización de uso, deberá comunica-lo por escrito na oficina da Fundación de Deportes, aos efectos de suspensión de cobro do citado prezo público.

Praza Ravella, 1
36600 · Vilagarcía de Arousa
T 986 56 68 98
CIF: P/8660001-B
fdeportes@vilagarcia.es ·www.vilagarcia.es

3.- Comunicarlle que previo ao uso da instalación, deberá presentar a través da sede electrónica, unha relación nominal das persoas do seu grupo de afeccionados, cos seguintes datos: Nome e Apelidos e, número do Documento Nacional de Identade (D.N.I.), indicando de ser o caso, as persoas que posúen Carné da Fundación de Deportes, a cal será comprobada polo Sr. Conserxe antes do comezo da súa actividade.

4.- Comunicarlle que cando transcurra un mes sen que o grupo autorizado asista no seu horario, sen previo aviso, e non habendo efectuado o pago correspondente a ese mes, se lle incautará a Fianza-Depósito, anulándoselle automáticamente a súa autorización.

5.- Que a presente Resolución sexa dada conta ao Consello Reitor da Fundación de Deportes, na vindeira sesión que celebre.

Así o dispón e asina o Sr. presidente da Fundación de Deportes, en Vilagarcía de Arousa, a vinte e un de setembro dous mil vinte e dous, ante mín a secretaria/delegada, que Certifica.

Concello de
Vilagarcía de Arousa
Fundación de Deportes

Praza Ravella, 1
36600 · Vilagarcía de Arousa
T 986 56 68 98
CIF: P/8660001-B
fdeportes@vilagarcia.es ·www.vilagarcia.es

RESOLUCIÓN DO SR. PRESIDENTE DA FUNDACIÓN PÚBLICA DE SERVIZOS DEPORTIVOS MUNICIPAIS DO EXCMO. CONCELLO DE VILAGARCÍA DE AROUSA
D. ARGIMIRO SERÉN MERA

Vistos os escritos presentados relativos ás solicitudes de devolución de cotas do prezo público e, polos conceptos que a continuación se relacionan.:

1.- Solicitude de devolución a favor de Dna. Mª Mónica María Miguéns Iglesias, do importe ingresado da cota do prezo público da solicitude de inscrición da Escola Municipal de Navegación, modalidade de Salvamento, ano 2022, da súa filla Xulia Alcalde Miguéns, dado que non se levou a cabo a devandita escola por non chegar ao mínimo de inscricións, por importe de 12,00 €.

2.- .- Solicitude de devolución a favor de Dna. Cristina Pérez-Salgado Fraga, do importe ingresado da cota do prezo público da solicitude de inscrición da Escola Municipal de Navegación, modalidade de Vela, ano 2022, da súa filla Blanca Otero Pérez-Salgado, por incompatibilidade de horarios, por importe de 12,00 €.

Así como visto o informe do Sr. director Deportivo en relación ao asunto

De conformidade co disposto nos vixentes Estatutos da Fundación de Deportes.

R E S O L V O:

1.- Aprobar a devolución a favor de Dna. Mª Mónica María Miguéns Iglesias, do importe da cota do prezo público, correspondente á solicitude de inscrición na Escola Municipal de Navegación, modalidade de Salvamento, ano 2022, do súa filla, por importe de 12,00 €, con cargo á partida 343,01.

2.- Aprobar a devolución a favor de Dna. Cristina Pérez-Salgado Fraga do importe da cota do prezo público, correspondente á solicitude de inscrición na Escola Municipal de Navegación, modalidade de Vela, ano 2022, do súa filla, por importe de 12,00 €, con cargo á partida 343,01.

3.- Que a presente Resolución sexa dada conta ao Consello Reitor da Fundación de Deportes, na vindeira sesión que celebre.

Así o dispón e asina o Sr. presidente da Fundación de Deportes, en Vilagarcía de Arousa, vinte e tres de setembro de dous mil vinte e dous, ante mín a secretaria/delegada.

Concello de
Vilagarcía de Arousa
Fundación de Deportes

Praza Ravella, 1
36600 · Vilagarcía de Arousa
T 986 56 68 98
CIF: P/8660001-B
fdeportes@vilagarcia.es ·www.vilagarcia.es

RESOLUCION DO SR. PRESIDENTE DA FUNDACION PUBLICA DE SERVIZOS DEPORTIVOS MUNICIPAIS DO EXCMO. CONCELLO DE VILAGARCIA DE AROUSA
D. ARGIMIRO SEREN MERA

Visto o informe-proposta do Sr. presidente conforme ao informe-proposta da Dirección Deportiva, relativa a aprobación dos presupostos presentados polas empresas/Entidades que a continuación se relacionan, polos conceptos de gastos para a organización do XI TRIATLON CONCELLO DE VILAGARCIA-CAMPIONATO GALEGO POR EQUIPOS CONTRARELOXO, ano 2022, aprobado o seu orzamento de gastos pola Resolución do Sr. presidente con data 02/09/2022, por importe total de 24.709,30 € e, no que se presentan para a sua adxudicación, por importe total de 3.976,70 €, co seguinte desglose:

PROVEEDOR	**CONCEPTO**	**IMPORTE**
BAYGAR, S.L.	Aluguer de valadas	2.292,95 €
DEPORTES RODAS VILAGARCÍA, S.L.	Adquis.trofeos	400,00 €
FEDERACIÓN GALEGA DE TRÍATLON	Canon e xuices	1.283,75 €
	TOTAL	3.976,70 €

De conformidade co disposto nos vixentes Estatutos da Fundacion de Deportes.

R E S O L V O:

1.- Adxudicar as empresas/Entidades que a continuación se relacionan, polos conceptos de gastos para a organización do XI TRÍATLON CONCELLO DE VILAGARCIACAMPIONATO GALEGO POR EQUIPOS CONTRARELOXO, ano 2022, aprobado o seu gasto pola Resolución do Sr. presidente con data 02/09/2022, por importe total de 3.976,90 €, co seguinte desglose:

PROVEEDOR	**CONCEPTO**	**IMPORTE**	**PARTIDA**
BAYGAR, S.L.	Aluguer de valadas	2.292,95 €	342-226,09
DEPORTES RODAS VILAGARCÍA, S.L.	Adquis.trofeos	400,00 €	342-226,9901
FEDERACIÓN GALEGA DE TRIATLÓN	Canon e xuices	1.283,75 €	342-226,09
	TOTAL	3.976,70 €	

Praza Ravella, 1
36600 · Vilagarcía de Arousa
T 986 56 68 98
CIF: P/8660001-B
fdeportes@vilagarcia.es ·www.vilagarcia.es

2.- Comunícaselles que dende o día 15 de xaneiro de 2015, entrou en vigor a facturación electrónica (Lei 25/2013 de 27 de decembro), por iste motivo se informa aos proveedores da obriga de incluir nas facturas que emitan a esta Fundación de Deportes os Códigos DIR 3 deste Organismo Autónomo e a traves da plataforma do estado FACE:

DIR 3: FUNDACIÓN DE DEPORTES	
OC: LA0003309	INTERVENCIÓN DELEGADA
OG: LA0003309	PRESIDENCIA
UT: LA0003309	ADMINISTRACIÓN

(Recoméndase que estos códigos figuren xunto cos datos identificativos da Fundación de Deportes: Fundación de Deportes Concello de Vilagarcía de Arousa – P8660001B
Praza Ravella nº 1
36600 Vilagarcía de Arousa
Pontevedra)

3.- Que a presente Resolucion sexa dada conta ao Consello Reitor da Fundacion de Deportes, na vindeira sesion que celebre.

Asi o dispon e asina o Sr. presidente da Fundacion de Deportes, en Vilagarcia de Arousa, a vinte e tres de setembro de dous mil vinte e dous, ante min a secretaria/delegada, que Certifica.

Concello de
Vilagarcía de Arousa
Fundación de Deportes

Praza Ravella, 1
36600 · Vilagarcía de Arousa
T 986 56 68 98
CIF: P/8660001-B
fdeportes@vilagarcia.es ·www.vilagarcia.es

RESOLUCIÓN DO SR. PRESIDENTE DA FUNDACIÓN PÚBLICA DE SERVIZOS DEPORTIVOS MUNICIPAIS DO EXCMO. CONCELLO DE VILAGARCÍA DE AROUSA
D. ARGIMIRO SERÉN MERA

Vistos os escritos da Asociación Deportiva 6D nos que solicita autorización do uso do Campo de Fútbol Manuel Jiménez Abalo e do Campo de Herba do Estadio de Atletismo do Complexo Deportivo Municipal Fontecarmoa, para a celebración do "X CAMPUS INTERNACIONAL DE FÚTBOL PABLO COIRA", que se levou a cabo as semanas do 4 ao 8 de xullo do presente ano, de 10:00-13:00 horas e do 11 ao 15 de xullo do presente ano, de 10:00-13:00 horas e de 16:30-18:00 horas**,** dirixido a nenos/as de 6 a 17 anos no que se ofertou un total de 100 prazas, coas cotas de inscrición indicadas no seu proxecto (acompaña listado detallado de inscritos). Así como visto o informe do Sr. director Deportivo en relación ao asunto e, no que sinala, que o uso das citadas instalacións deportivas municipais foron aprobadas pola Dirección Deportiva sen tramitación por motivos de urxencia, debéndose levar a cabo a liquidación do pagamento conforme o Acordo Regulador nº III.5 en vigor e o seu Convenio Económico aprobado polo Consello Reitor en sesión con data 25/05/2016.

De conformidade co disposto nos vixentes Estatutos da Fundación de Deportes.

R E S O L V O:

1.- Ratificar a autorización á Asociación Deportiva 6D, do uso do Campo de Fútbol Manuel Jiménez Abalo e do Campo de Herba do Estadio de Atletismo do Complexo Deportivo Municipal Fontecarmoa, para a celebración do "X CAMPUS INTERNACIONAL DE FÚTBOL PABLO COIRA",que se levou a cabo as semanas do 4 ao 8 de xullo do presente ano, de 10:00-13:00 horas e do 11 ao 15 de xullo do presente ano, de 10:00-13:00 horas e de 16:30-18:00 horas. Así como faíse constar que apertura no horario de tarde xerou a realización de ½ hora extraordinaria, para un total de cinco días, dun operario-conserxe do Servizo de Mantemento, que supón un custo total de 27,43 € polas 2½ horas (10,97 €/hora).

2.- Comunicarlle que conforme ao acordo adoptado polo Consello Reitor en sesión con data 25/05/2016, no que se lle aprobou o seu Convenio Económico para a utilización das instalacións deportivas, para a realización de actividades non federadas, nos seguintes termos:

Praza Ravella, 1
36600 · Vilagarcía de Arousa
T 986 56 68 98
CIF: P/8660001-B
fdeportes@vilagarcia.es ·www.vilagarcia.es

a) Establécese o 50% de bonificación dos prezos públicos para aqueles Clubes/Entidades Deportivas rexistrados na Fundación de Deportes.
b) Establecer a creación de becas, dun 10% das inscricións ofertadas, correspondendolle a esta actividade un total de 10 becas (de 100 prazas ofertadas), para a inscrición de dez alumnos/as, que xestionará directamente a Fundación de Deportes e, que será dirixido a nenos/as empadroados no noso Municipio e con baixos recursos económicos, que recibirá o mesmo trato e obsequios que os demáis alumnos/as.

Faise constar que o club presentou o número total de 95 inscritos/as no devandito Campus, cun total de recadación polas citadas solicitudes de inscrición de 17.010,00 € e segundo o que establece o artigo 8 do citado Acordo Regulador que a continuación se indica.

"ARTIGO 8: ACTIVIDADES DEPORTIVAS EN INSTALACIÓNS DEPORTIVAS

TARIFAS:

	Tarifa Mínima Hora	% S/Ingresos Bruta
Instalacións exteriores	**6,00 .....**	**10%**
Instalacións interiores...	9,00	10%

Nota: Estas tarifas cubren os gastos de limpeza, persoal, etc.

Adicional: Nas instalacións deportivas, onde se desenvolvan actividades fóra das horas normais de utilización, incrementanse as tarifas en SESENTA CÉNTIMOS euros/hora e persoal a parte."

Polo que para o cálculo do prezo público considerase por un lado o uso das citadas instalacións, sendo as cotas do prezo público correspondentes conforme ao sinalado no parágrafo anterior, por importe total de 225,22 € (50% dun total de 450,43 €, de: 420,00 €, polo uso dos 2 campos de fútbol, dun total 35 horas a 6,00 €/hora cada campo; 30,43 €, polas 2½ horas fora de horario de tarde a 0,60 €/hora cada campo e as 2½ horas extras dun operario-conserxe a 10,97 €/hora); Por outro lado o 50% do 10% dos ingresos totais recadados das solicitudes de inscrición, por importe de 850,50 € (recadación total de 17.010,00 € dos inscritos/as no Campus**). En consecuencia deberá ingresar un importe total de 1.075,72 €** (225,22 € polo prezo público do uso das instalacións deportivas, maís 850,50 € polo 50% do 10% dos ingresos totais recadados das solicitudes de inscrición), na conta da Fundación de Deportes na Entidade Bancaria ABANCA (ES70 2080 5067 193040060053).

Praza Ravella, 1
36600 · Vilagarcía de Arousa
T 986 56 68 98
CIF: P/8660001-B
fdeportes@vilagarcia.es ·www.vilagarcia.es

3.- Faise constar que previo ao inicio do montaxe/celebración da citada actividade-evento, o devandito clube, presentou a seguinte documentación:

3.1) A póliza de Seguros de Responsabilidade Civil e a póliza de seguros de accidentes para todos os participantes da devandita actividade.

3.2) O plano de situación e ocupación do desenvolvemento do evento, documentación que acredite a circunstancia de traballador ou voluntariado (declaración xurada da persoa, debéndose poñerlles en coñecemento das normas de seguridade e saúde no traballo que fosen de aplicación, así como da obriga de portar identificación) e, o compromiso por escrito de xeito pormenorizado de manter o cumprimento de todas as súas obrigas (declaración xurada do Club/Entidade Deportiva).

4.- Que a presente Resolución sexa dada conta ao Consello Reitor da Fundación de Deportes, na vindeira sesión que celebre.

Así o dispón e asina o Sr. presidente da Fundación de Deportes, en Vilagarcía de Arousa, a vinte e sete de setembro de dous mil vinte e dous, ante mín a secretaria/delegada, que Certifica.

Concello de
Vilagarcía de Arousa
Fundación de Deportes

Praza Ravella, 1
36600 · Vilagarcía de Arousa
T 986 56 68 98
CIF: P/8660001-B
fdeportes@vilagarcia.es ·www.vilagarcia.es

RESOLUCIÓN DO SR. PRESIDENTE DA FUNDACIÓN PÚBLICA DE SERVIZOS DEPORTIVOS MUNICIPAIS DO EXCMO. CONCELLO DE VILAGARCÍA DE AROUSA
D. ARGIMIRO SERÉN MERA

Visto o escrito da Real Federación Galega de Fútbol no que solicita, autorización de uso do Estadio Municipal de A Lomba, para a celebración da Copa Rexións da UEFA, os vindeiros días 6, 9 e 12 de outubro do presente ano, no horario que se indica a continuación:

DÍAS	**HORAS**
06/10/2022	a partir das 16:00 horas
09/10/2022	a partir das 14:00 horas
12/10/2022	a partir das 14:00 horas

Así como, a colaboración da Fundación de Deportes do Excmo. Concello de Vilagarcía de Arousa nos seguintes conceptos:

- Persoal do Servizo de Mantemento durante a disputa dos encontros para o correcto desenvolvemento do evento.
- Posta a punto do terreo de xogo, para que este en óptimas condicións para o desenvolvemento do devandito evento, pola empresa encargada na execución destos traballos da citada federación, en coordinación co Servizo de Mantemento da Fundación.

Asemade visto o informe do Sr. director Deportivo en relación ao asunto.

De conformidade co disposto nos vixentes Estatutos da Fundación de Deportes.

R E S O L V O:

1.- Autorizar á Real Federación Galega de Fútbol, o uso do Estadio Municipal de A Lomba, para a celebración da Copa Rexións da UEFA, os vindeiros 6, 9 e 12 de outubro do presente ano, no horario que se indica a continuación:

DÍAS	**HORAS**
06/10/2022	a partir das 16:00 horas
09/10/2022	a partir das 14:00 horas
12/10/2022	a partir das 14:00 horas

Praza Ravella, 1
36600 · Vilagarcía de Arousa
T 986 56 68 98
CIF: P/8660001-B
fdeportes@vilagarcia.es ·www.vilagarcia.es

2.- Comunícarlle que deberá deixar a citada instalación deportiva nas mesmas condicións en que se lle presta e responsabilizarse dos danos ou desperfectos que poideran causarse nas devanditas instalacións polos participantes na citada actividade.

3.- Aprobar a colaboración do persoal do Servizo de Mantemento dispoñible durante o desenvolvemento do devandito evento.

4.- Autorizar a citada Federación a realización dos traballos de acondicionamento e mellora do terrreo de xogo en coordinación co Servizo de Mantemento da Fundación de Deportes.

5.- Comunicarlle ao Club Arosa S.C., que segundo o calendario oficial de competicións, o equipo Xuvenil tería un encontro no citado campo, o fin de semana do 8-9/10/2022, o cal terase que desprazar a outra instalación, para a celebración do citado evento.

6.- Comunicarlle que deberá cumprir, co establecido no Regulamento Interno das Instalacións Deportivas Municipais, en materia de publicidade e Ordenanza Municipal de Ruídos e Vibracións, adaptando as súa emisións sonoras aos límites establecidos na mesma.

7.- Comunicarlle que previo ao inicio da celebración da citada actividade (data límite antelación de 72 horas), deberá presentar a seguinte documentación:

7.1) A póliza de Seguros de Responsabilidade Civil e a póliza de seguros de accidentes para todos os participantes no devandito evento.

7.2) O plano de situación e ocupación do desenvolvemento do evento, documentación que acredite a circunstancia de traballador ou voluntariado (declaración xurada da persoa, debéndose poñerlles en coñecemento das normas de seguridade e saúde no traballo que fosen de aplicación, así como da obriga de portar identificación) e, o compromiso por escrito de xeito pormenorizado de manter o cumprimento de todas as súas obrigas (declaración xurada do Club/Entidade Deportiva).

7.3) No caso do montaxe de calqueira estructura, deberá contar coa certificación emitida por Técnico competente, que garante a súa solidez, estabilidade, seguridade para o público e idoneidade de acordo coa lexislación de aplicación. Debendo realizar a citada certifiacción en presencia do responsable da devandita instalación. Así como, no seu caso, de

Praza Ravella, 1
36600 · Vilagarcía de Arousa
T 986 56 68 98
CIF: P/8660001-B
fdeportes@vilagarcia.es ·www.vilagarcia.es

que o montaxe das estructuras existan instalacións eléctricas, de gas, neumáticas, etc…, os certificados de montaxe deberán indicar de xeito explícito que cumpren coa lexislación específica relativa a cada unha delas.

8.- Comunicarlle que deberá cumprir coa normativa vixente en materia de Seguridade e Protección das persoas que asistan á actividade, indicándolle que:

a) A/s porta/s de emerxencia e as vías de evacuación manteranse desbloqueadas e libres de obstáculos en todo momento durante o desenvolvemento da actividade, non estando permitido facer outro uso das mesmas (instalación de mobiliario, pasos de mangueiras, tubos, cables, etc…).

b) Non se permite a instalación de ningún elemento que oculte ou dificulte a visualización da sinalización de evacuación, nin das luminarias de emerxencias existentes.

c) Non se permite dentro da instalación o uso de ningún elemento inflamable ou explosivo.

Así como lémbraselle a prohibición da venda de tabaco e bebidas alcohólicas e, a entrada de vasos ou obxectos de vidrio nas instalacións deportivas, conforme ao Regulamento Interno da Fundación de Deportes, aprobado polo Consello Reitor con data 06/06/2013 e a súa normativa vixente.

9.- Que a presente Resolución sexa dada conta ao Consello Reitor da Fundación de Deportes, na vindeira sesión que celebre.

Así o dispón e asina o Sr. presidente da Fundación de Deportes, en Vilagarcía de Arousa, a trinta de setembro de dous mil vinte de dous, ante mín a secretaria/delegada, que Certifica.

Concello de
Vilagarcía de Arousa
Fundación de Deportes

Praza Ravella, 1
36600 · Vilagarcía de Arousa
T 986 56 68 98
CIF: P/8660001-B
fdeportes@vilagarcia.es ·www.vilagarcia.es

RESOLUCIÓN DO SR. PRESIDENTE DA FUNDACIÓN PÚBLICA DE SERVIZOS DEPORTIVOS MUNICIPAIS DO EXCMO. CONCELLO DE VILAGARCÍA DE AROUSA
D. ARGIMIRO SERÉN MERA

Vista e comprobada a relación de facturas sen acordo, mes de setembro, da Fundación Pública de Servizos Deportivos Municipais do Excmo. Concello de Vilagarcia de Arousa, por importe total de 5.359,79 €., que se presenta para o seu recoñecemento da obriga.

De conformidade co disposto nos vixentes Estatutos da Fundación de Deportes.

R E S O L V O:

1.- Aprobar o recoñecemento da obriga a favor da relación de facturas sen acordo, mes de setembro, da Fundación Pública de Servizos Deportivos Municipais do Excmo. Concello de Vilagarcia de Arousa, por importe total de 5.359,79 €.

2.- Que a presente Resolución sexa dada conta ao Consello Reitor da Fundación de Deportes, na vindeira sesión que celebre.

Así o dispón e asina o Sr. presidente da Fundación de Deportes, en Vilagarcía de Arousa, a trinta de setembro de dous mil vinte e dous, ante mín a secretaria/delegada, que Certifica.

Concello de
Vilagarcía de Arousa
Fundación de Deportes

Praza Ravella, 1
36600 · Vilagarcía de Arousa
T 986 56 68 98
CIF: P/8660001-B
fdeportes@vilagarcia.es ·www.vilagarcia.es

RESOLUCIÓN DO SR. PRESIDENTE DA FUNDACIÓN PÚBLICA DE SERVIZOS DEPORTIVOS MUNICIPAIS DO EXCMO. CONCELLO DE VILAGARCÍA DE AROUSA
D. ARGIMIRO SERÉN MERA

Vista e comprobada a relación de facturas con acordos previo, mes de setembro , que a continuación se relaciona, de expedientes que foron aprobados o seu gasto polo Consello Reitor ou Resolución do Sr. presidente, por importe total de 12.610,65 €:

1.- Recoñecemento da obriga a favor de ANDACAR 2000,S.A, pola factura nº V220 12753, correspondente ao subministro dun VEHÍCULO PARA A FUNDACIÓN DE DEPORTES, ATRAVÉS DUN RENTING CON MANTEMENTO, mes de agosto, aprobado pola Resolución do Sr. presidente con data 01/07/2022, por importe total de 502,15 €, con cargo á partida 342-204,00.

2.- Recoñecemento da obriga a favor da empresa BAYGAR, S.L., pola fra. Nº 948 221205020, correspondente ao aluguer das valadas, pola celebración da XVIII CARREIRA NOCTURNA CONCELLO DE VILAGARCÍA DE AROUSA, ANO 2022, aprobado pola Resolución do Sr. presidente con data 26/07/2022 e conforme informe da dirección deportiva, por importe de 1.282,60 €, con cargo á partida 342-226,09.

3.- Recoñecemento da obriga a favor da empresa TROQUIÑA, S.L., pola factura nº A 22291, correspondente aos Traballos de determinadas labores de mantemento vexetal nalgunhas das instalacións deportivas dependentes da Fundación de Deportes, mes de agosto, aprobada pola Resolución do Sr. presidente con data 24/05/2022, relativa a discrepancia resolta plantexada polo director Deportivo e levantamento do reparo suspensivo da interventora/delegada da súa adxudicación, por importe de 3.570,00 €, con cargo á partida 342-227,9902.

4.- Recoñecemento da obriga a favor da empresa TROQUIÑA, S.L., pola factura nºA 22304, pola realización das 3 SEGAS EXTRAORDINARIAS a maiores do terreo de xogo do Estadio Municipal de A Lomba, mes de agosto, aprobada pola Resolución do Sr. presidente con data 24/05/2022, por importe de 534,01 €, con cargo á partida 342-227,9902.

Praza Ravella, 1
36600 · Vilagarcía de Arousa
T 986 56 68 98
CIF: P/8660001-B
fdeportes@vilagarcia.es ·www.vilagarcia.es

5.- Recoñecemento da obriga a favor do Club/Entidade Deportiva: CLUB PIRAGÜISMO VLAGARCÍA, pola factura nº Emit-5, correspondente ao desenvolvemento da Escola Municipal de Navegación, modalidade de piragüismo, mes de agosto, aprobado pola Resolución do Sr. presidente con data 15/07/2022, por importe total de 1.100,00 €, con cargo á partida 342-227,9901.

6.- Recoñecemento da obriga a favor da empresa DEPORTES RODAS VILAGARCÍA, S.L., pola fra. Nº 95, correspondente á adquisición de trofeos para a entrega de premios, pola celebración do XXXVIII TRAVESÍA A NADO AO PORTO DE VILAGARCÍA, ANO 2022, aprobado pola Resolución do Sr. presidente con data 15/06/2022, por importe de 733,60 €, con cargo á partida 342-226,9901.

7.- Recoñecemento da obriga a favor de CALEFACCIONES PAULINO, S.L., pola factura nº PAULINOC 2292, correspondente ao Contrato Menor de Servizos para o "MANTEMENTO DAS INSTALACIONS TERMICAS DAS INSTALACIÓNS DEPORTIVAS DEPENDENTES DA FUNDACIÓN PÚBLICA DE SERVIZOS DEPORTIVOS MUNICIPAIS DO EXCMO. CONCELLO DE VILAGARCÍA DE AROUSA (FUNDACIÓN DE DEPORTES)", 3º trimestre (xullo, agosto e setembro), ano 2022 aprobado pola Resolución do Sr. presidente con data 27/10/2021, por importe total de 1.875,50 €., con cargo á partida 342-227,9902.

8.- Recoñecemento da obriga a favor da empresa SERVIOCIO CULTURA DEPORTE E RECREACIÓN, S.L., pola fra. Nº 37/F2022/00000026, correspondente as 33 sesións da actividade de Ximnasia Acuática, meses de xaneiro, febreiro e marzo, ano 2022, incluída no PROXECTO DE ACTIVIDADES FÍSICO-RECRETIVAS PARA ADULTOS, CURSO 2022, aprobado polo Consello Reitor con data 16/12/2021, por importe de 643,50 €, con cargo á partida 342-226,09.

9.- Recoñecemento da obriga a favor da empresa SERVIOCIO CULTURA DEPORTE E RECREACIÓN, S.L., pola fra. Nº 37/F2022/00000027, correspondente as 19 sesións da actividade de Ximnasia Acuática, meses de abril, maio e xuño, ano 2022, incluída no PROXECTO DE ACTIVIDADES FÍSICO-RECRETIVAS PARA ADULTOS, CURSO 2022, aprobado polo Consello Reitor con data 16/12/2021, por importe de 624,00 €, con cargo á partida 342-226,09.

Praza Ravella, 1
36600 · Vilagarcía de Arousa
T 986 56 68 98
CIF: P/8660001-B
fdeportes@vilagarcia.es ·www.vilagarcia.es

10.- Recoñecemento da obriga a favor da empresa MULTISPORTS GALICIA, S.L., pola factura Emit-228, correspondente ao control da proba mediante chips da XVIII CARREIRA NOCTURNA CONCELLO DE VILAGARCÍA DE AROUSA, ANO 2022, aprobado pola Resolución do Sr. presidente con data 26/07/2022, por importe de 1.714,14 €, con cargo á partida 342-226,09.

11.- Recoñecemento da obriga a favor da MGS SEGUROS E REASEGUROS, S.A., a través do corredor de seguros BLANCO BALIÑAS, SAMUEL, pola factura nº 45167604, correspondente á contratación da pola póliza de Seguros nº 51397023, correspondente á contratación da Póliza do seguro para os voluntarios na celebración da XI TRIATLÓN COCELLO DE VILAGARCÍA DE AROUSA, aprobado o seu gasto pola Resolución do Sr. presidente con data 02/09/2022 e conforme informe da dirección deportiva por importe de 31,15 €, con cargo á partida 341-224,00.

De conformidade co disposto nos vixentes Estatutos da Fundación de Deportes.

R E S O L V O:

1.- Aprobar o recoñecemento da obriga a favor da relación de facturas con acordos previos, mes de setembro, de expedientes que foron aprobados o seu gasto polo Consello Reitor ou Resolución do Sr. presidente, por importe total de12.610,65 €.

2.- Que a presente Resolución sexa dada conta ao Consello Reitor da Fundación de Deportes, na vindeira sesión que celebre.

Así o dispón e asina o Sr. presidente da Fundación de Deportes, en Vilagarcía de Arousa, a trinta de setembro de dous mil vinte e dous, ante mín a secretaria/delegada, que Certifica.

Concello de
Vilagarcía de Arousa
Fundación de Deportes

Praza Ravella, 1
36600 · Vilagarcía de Arousa
T 986 56 68 98
CIF: P/8660001-B
fdeportes@vilagarcia.es ·www.vilagarcia.es

RESOLUCIÓN DO SR. PRESIDENTE DA FUNDACIÓN PÚBLICA DE SERVIZOS DEPORTIVOS MUNICIPAIS DO EXCMO. CONCELLO DE VILAGARCÍA DE AROUSA
D. ARGIMIRO SERÉN MERA

Visto o expediente de Modificación de Créditos de Transferencias de Créditos número 1/TC/2022 en virtude do disposto na Providencia da Presidencia do expediente na que pon de manifesto que é necesario o cambio da instalación de iluminación do pavillón 2 de Fontecarmoa para homologar a pista para a Liga feminina 2 de Baloncesto, cambio dunha bomba de achique no Complexo de Fontecarmoa por inundación e cambio da instalación de iluminación do C.F. de Berdón por substitución dun foco antigo en cada torreta, procede realizar unha transferencia de crédito para dotar de crédito as aplicacións orzamentarias correspondentes. Trátase de transferencias entre os créditos das aplicacións orzamentarias de Gastos do vixente Presuposto Municipal, dentro da mesma área de gasto respectivamente, de conformidade cós artigos 179 e 180 do Real Decreto Lexislativo 2/2004, de 5 de marzo, Texto Refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais, 40 do Real Decreto 500/90, do 20 de abril, e Base 12 de execución do Presuposto, ascendendo o expediente a un importe total de **10.018,32 €.**

Visto o informe da Sra. interventora/delegada, o expediente está axustado aos requisitos esixidos polos artigos 179 e 180 do Real Decreto Lexislativo 2/2004, de 5 de marzo, Texto Refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais, e artigos 40, 41 e 42 do Real Decreto 500/90 e ao establecido nas Bases de Execución do vixente presuposto, procede a aprobación das transferencias de crédito, segundo se propón no expediente.

Veño en aprobar o expediente, introducíndose no Estado de Gastos e Ingresos, as seguintes modificacións:

APLICACIÓNS DE GASTOS CON CRÉDITOS EN BAIXA

Pro.	Eco.	Descrición	Importe
342	48301	DEPORTES-SUBVENCIÓNS ACTIV. DEPORT. EXTRAORDINARIAS	10.018,32 €
TOTAL …….			**10.018,32 €**

Concello de
Vilagarcía de Arousa
Fundación de Deportes

Praza Ravella, 1
36600 · Vilagarcía de Arousa
T 986 56 68 98
CIF: P/8660001-B
fdeportes@vilagarcia.es ·www.vilagarcia.es

APLICACIÓNS DE GASTOS CON ALTAS DE CRÉDITO

Pro.	Eco.	Descrición	Importe
342	63300	DEPORTES-MAQUINARIA, INSTALACIÓNS E UTILLAXE	10.018,32 €
TOTAL ……..			**10.018,32 €**

O total de Altas de Créditos, é igual ás Baixas, polo que resolvo aprobar a Transferencia de Créditos, sendo esta Resolución firme e executiva, sen necesidade de máis trámites, polo que se procederá polos servizos de Intervención a introducir na Contabilidade as modificacións de créditos aprobadas.

Que a presente Resolución sexa dada conta ao Consello Reitor da Fundación de Deportes, na vindeira sesión que celebre.

Así o dispón e asina o Sr. presidente da Fundación de Deportes, en Vilagarcía de Arousa, a seis de outubro de dous mil vinte e dous, ante mín a secretaria/delegada, que Certifica.

Concello de
Vilagarcía de Arousa
Fundación de Deportes

Praza Ravella, 1
36600 · Vilagarcía de Arousa
T 986 56 68 98
CIF: P/8660001-B
fdeportes@vilagarcia.es ·www.vilagarcia.es

RESOLUCIÓN DO SR. PRESIDENTE DA FUNDACIÓN PÚBLICA DE SERVIZOS DEPORTIVOS MUNICIPAIS DO EXCMO. CONCELLO DE VILAGARCÍA DE AROUSA
D. ARGIMIRO SERÉN MERA

Vista e comprobada a documentación xustificativa dos gastos presentados por D. Manuel Martínez Romero, técnico deportivo da Fundación de Deportes do Curso Formativo "INSTRUCTOR PILATES SUELO", realizado en modalidade Online, aprobado pola Resolución do Sr. presidente con data 10/03/2022, en concepto do pagamento da inscrición ao citado Curso de Formación, por importe de 621,00 €.

De conformidade co disposto nos vixentes Estatutos da Fundación de Deportes.

R E S O L V O:

1.- Aprobar o recoñecemento da obriga a favor de D. Manuel Martínez Romero, técnico deportivo da Fundación de Deportes, polos xustificantes de gastos presentados correspondentes á inscrición do Curso Formativo"INSTRUCTOR PILATES SUELO", realizado en modalidade Online, aprobado pola Resolución do Sr. presidente con data 10/03/2022, por importe de 621,00 €, con cargo á partida 342-162,00.

2.- Que a presente Resolución sexa dada conta ao Consello Reitor da Fundación de Deportes, na vindeira sesión que celebre.

Así o dispón e asina o Sr. presidente da Fundación de Deportes, en Vilagarcía de Arousa, a dezaoito de outubro de dous mil vinte e dous, ante mín a secretaria/delegada, que Certifica.

Concello de
Vilagarcía de Arousa
Fundación de Deportes

Praza Ravella, 1
36600 · Vilagarcía de Arousa
T 986 56 68 98
CIF: P/8660001-B
fdeportes@vilagarcia.es ·www.vilagarcia.es

RESOLUCIÓN DO SR. PRESIDENTE DA FUNDACIÓN PÚBLICA DE SERVIZOS DEPORTIVOS MUNICIPAIS DO EXCMO. CONCELLO DE VILAGARCÍA DE AROUSA
D. ARGIMIRO SERÉN MERA

Visto o escrito do CÍRCULO ARTÍSTICO DEPORTIVO "GATO NEGRO" de Carril, no que solicita autorización do uso do Pavillón Municipal de Carril, para poder levar a cabo o desenvolvemento dunha actividade de fútbol para os nenos/as da súa Asociación, os mércores de 19:00-20:00 horas, tempada 2022/23. Así como visto o informe do Sr. director Deportivo en relación ao asunto.

De conformidade co disposto nos vixentes Estatutos da Fundación de Deportes.

R E S O L V O:

1.- Autorizar ao CÍRCULO ARTÍSTICO DEPORTIVO "GATO NEGRO" de Carril o uso do Pavillón Municipal de Carril, para o desenvolvemento dunha actividade de fútbol para os nenos/as da súa Asociación, os mércores de 19:00-20:00 horas, tempada 2022/23, no suposto de finalizar a devandita actividade con anterioridade ao 31 de maio deberán comunícalo con 15 días de antelación, do contrario entenderase, a todos os efectos, que fará uso da instalación ata esa data. Así como deberá indicar quen será/n o/a/os/as responsable/s na citada actividade, que deberá/n estar presente/s, nos horarios autorizados.

2.- Comunicaselle que deberá deixar a citada instalación deportiva nas mesmas condicións en que se lle presta e responsabilizarse dos danos ou desperfectos que poideran causarse na devandita instalación polos participantes na citada actividade.

3.- Comunicarlle que previo ao inicio da devandita actividade, deberá presentar a póliza de Seguros de Responsabilidade Civil e a póliza de seguros de accidentes para todos os participantes da devandita actividade.

4.- Comunicarlles que a cesión das instalacións durante toda a tempada é exclusivamente para a actividade autorizada, non podendo ser utilizado para calquera outra

Praza Ravella, 1
36600 · Vilagarcía de Arousa
T 986 56 68 98
CIF: P/8660001-B
fdeportes@vilagarcia.es ·www.vilagarcia.es

actividade. Calquera outra utilización deberá ser comunicada á dirección deportiva da Fundación de Deportes podendo esta conceder a modificación.

5.- Deberán avisar cun mínimo de **24 horas** de antelación os días que non vaian facer uso da mesma, do contrario a Fundación de Deportes poderá deixar sen efecto a reserva e, este uso cobrarase cun recargo do 20% ou/e (no caso de non existir convenio), puidendo pasar a mesma a outro Club/Entidade Deportiva ou/e outro usuario.

6.- Ningún Club/Entidade poderá ceder o dereito de uso dalgunha instalación deportiva a terceiros, quen así o faga perderá o dereito de uso de ese horario e instalación.

7.- Que a presente Resolución sexa dada conta ao Consello Reitor da Fundación de Deportes, na vindeira sesión que celebre.

Así o dispón e asina o Sr. presidente da Fundación de Deportes, en Vilagarcía de Arousa, a dezaoito de outubro de dous mil vinte e dous, ante mín a secretaria/delegada, que Certifica.

Concello de
Vilagarcía de Arousa
Fundación de Deportes

Praza Ravella, 1
36600 · Vilagarcía de Arousa
T 986 56 68 98
CIF: P/8660001-B
fdeportes@vilagarcia.es ·www.vilagarcia.es

RESOLUCIÓN DO SR. PRESIDENTE DA FUNDACIÓN PÚBLICA DE SERVIZOS DEPORTIVOS MUNICIPAIS DO EXCMO. CONCELLO DE VILAGARCÍA DE AROUSA
D. ARGIMIRO SERÉN MERA

Vista a documentación presentada polo CLUB/ENTIDADE DEPORTIVA: BASKET BASE CLUB para a aprobación e subscrición do correspondente Convenio Económico de actividades non federadas para a bonificación do prezo público pola utilización das instalacións deportivas municipais, para a celebración das XORNADAS DE TECNIFICACIÓN DE VERÁN, aprobada a súa autorización pola Resolución do Sr. presidente con data 19/07/2022. Así como vistos os informes do Sr. director Deportivo e Sras. Interventora e secretaria delegadas en relación ao asunto.

De conformidade co disposto nos vixentes Estatutos da Fundación de Deportes.

R E S O L V O:

1.- Aprobar con carácter retroactivo ao CLUB/ENTIDADE DEPORTIVA: BASKET BASE CLUB a subscrición do Convenio Económico para a utilización das instalacións deportivas municipais de actividades non federadas, conforme ao Acordo Regulador nº III.5 e aos acordos dos Consellos Reitores con data 25/05/2016 e 04/04/2019, para a celebración das XORNADAS DE TECNIFICACIÓN DE VERÁN, nos seguintes termos :

a) Establécese o 100% de bonificación dos prezos públicos para aqueles Clubes/Entidades Deportivas rexistrados na Fundación de Deportes.
